

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 26 de decembro de 2005

SEÑORES/AS ASISTENTES:

D. José Manuel Figueroa Vila
D^a. Lucía Molares Pérez
D^a. Soledad Polo Lima
D. Carlos Comesaña Abalde
D. Antonio Coello Bufill
D. Carlos Comesaña Abalde.
D^a. Marta Iglesias Bueno

NON ASISTEN:

D^a. Corina Porro Martínez
D. José Manuel Iglesias Carrera
D. Ignacio López-Chaves Castro
D. Javier Jorgen Guerra Fernández

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e dez minutos do día vinteseis de decembro de dous mil cinco e baixo a presidencia do primeiro tenente de Alcalde, Sr. Figueroa Vila, por ausencia da Excm. Alcaldesa, Sra. Porro Martínez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Molares Pérez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están presentes por invitación, o concelleiro Sr. Couto Pérez e o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sr. Lorenzo Penela.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(1747).-PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR. ALTA EXPTE: 23/15.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta do xefe de sector de Acción Social, conformado pola delegada da área de Participación Cidadá, a Xunta de Goberno local acorda conceder a prestación de Servicio de Axuda no Fogar a:

- D^a Concepción Lareo Fernández.Expte. 23/15.

2(1748).-DESIGNACIÓN DA TRABALLADORA SOCIAL D^a ROSA M^a ALONSO MÍGUEZ COMO RESPONSABLE DO SEGUIMENTO DO PROGRAMA DE TELEASISTENCIA DOMICILIARIA. EXPTE. 13262/301.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe do Sector de Acción Social, do 21.12.05, conformado pola delegada da Área de Participación Cidadá, que di o seguinte:

Con data 14/06/04 a Xunta de Goberno Local adoptou o acordo de adherirse ó convenio entre (IMSERSO, FEMP, Xunta de Galicia e Deputación Provincial para o servizo de Teleasistencia domiciliaria, servizo que se ven prestando sen novidade desde entón.

Segundo as instrucións do mencionado convenio, no mesmo acordo e para a execución do programa, o apoio dos servizos sociais municipais concretábase na representación da Diplomada en Traballo Social D^a Isabel López Cuesta, que ven asistindo o persoal designado pola Deputación e forma parte das comisións técnicas constituídas no seu seno.

Debido a unha redistribución de responsabilidades no departamento de Benestar Social, con efectos do vindeiro 1 de xaneiro de 2006 encargarase da representación á tamén funcionaria Diplomada en Traballo Social D^a Rosa María Alonso Míguez, debendo a Xunta de Goberno Local adoptar o oportuno acordo, de conformidade coas instrucións da Deputación Provincial.

Por todo isto, á Xunta de Goberno Local, proponse a adopción do seguinte acordo:

“Debido a unha redistribución de responsabilidades no departamento de Benestar Social substituír á funcionaria D^a Isabel López Cuesta, Diplomada en Traballo Social, por D^a Rosa María Alonso Míguez, coa mesma titulación, na representación do apoio dos servizos sociais municipais no programa para o servizo de Teleasistencia domiciliaria de conformidade co convenio de colaboración existente, asistindo con tal condición ás comisións técnicas”.

Non obstante a Xunta de Goberno Local adoptará o acordo que estime oportuno.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

3(1749).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN CO COLEXIO OFICIAL DE DIPLOMADOS EN TRABALLO SOCIAL E ASISTENTES SOCIAIS DE GALICIA PARA A EXECUCIÓN DUN TRABALLO DE INVESTIGACIÓN-ACCIÓN CON MENORES EMIGRANTES RETORNADOS E INMIGRANTES RESIDENTES EN VIGO. EXPTE. 13242/301.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa de Sección de Planificación de Servizos Sociais, do 12.12.05, conformado polo xefe de Sector de Acción Social, o interventor xeral e co conforme xurídico de técnico de Admón. Xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o proxecto de convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e ó Colexio Oficial de Diplomados en Traballo Social e Asistentes Sociais de Galicia, CIF Q1569016G, para a realización dun programa de acción-investigación con menores inmigrantes escolarizados en centros da cidade, enmarcado dentro do convenio suscrito coa Xunta de Galicia, cunha vixencia dende a súa sinatura ata o 30 de xuño do 2006 e unha contraprestación económica de 36.500 € con cargo á partida 226.08.06 de 3130, dos que 6.500 € serán con cargo ó presuposto corrente, e o resto no ano 2006.

2º.- Autorizar a D^a Marta Iglesias Bueno, Delegada de Área de Participación Cidadá para a sinatura do devandito convenio.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O COLEXIO OFICIAL DE DIPLOMADOS EN TRABALLO SOCIAL E ASISTENTES SOCIAIS DE GALICIA E O CONCELLO DE VIGO PARA A EXECUCIÓN DUN TRABALLO DE INVESTIGACIÓN-ACCIÓN CON MENORES EMIGRANTES RETORNADOS E INMIGRANTES RESIDENTES EN VIGO

En Vigo, a de de 2005

Reunidos

Dunha parte:

Dona Marta Iglesias Bueno, con DNI número 35317927 K, na súa calidade de Delegada da Área de Participación Cidadá do Concello de Vigo, segundo nomeamento por Decreto da Alcaldía de 21 de febreiro de 2005 e por acordo da Xunta de Goberno Local de 28 de febreiro de 2005, autorizada para a sinatura do presente convenio por acordo do mesmo órgano da data.

Doutra parte,

Dona Pilar Couce Freire, con DNI número 32.638.180 F, como Presidenta do Colexio Oficial de Diplomados en Traballo Social e Asistentes Sociais de Galicia, CIF Q1569016G, segundo o artigo número 22 dos Estatutos Particulares do citado Colexio, con enderezo, a efectos de notificación, na rúa Dublin 6, baixo de Santiago de Compostela.

Ambas as partes, recoñécense mutuamente con capacidade e competencia para formalizar o presente convenio e

M A N I F E S T A N

1.- *Que a Lei de 7/1985 Reguladora das Bases de Réxime Local establece no seu artigo 25, a posibilidade de que todos os Concellos exerzan a "prestación de Servizos Sociais e de Promoción e Inserción Social", sendo competencia de obrigado exercicio para os concellos de máis de 20.000 habitantes.*

2.- *A Lei 4/93, de 14 de abril, de Servizos Sociais de Galicia atribúe aos Concellos a creación e xestión de Servizos Sociais de atención primaria e especializada.*

3.- *Que o Decreto 240/95, de 28 de xullo, polo que se regulan os servizos sociais de atención primaria, de competencia municipal, establece que os Concellos poidan crear os servizos precisos para facilitar a atención social da súa cidadanía.*

4.- *Que A Lei de Servizos Sociais de Galicia, 4/93 de 14 de abril, no seu artigo 21 manifesta as competencias dos Concellos entre elas, a colaboración no fomento dos servizos sociais (de carácter local) prestados polas entidades de iniciativa social, en especial, os que substitúen ou atenden necesidades non cubertas pola propia administración.*

5.- *Que o Concello de Vigo na actualidade tan só dispón dunha oficina de información e carece dos medios necesarios, tanto persoais como materiais para desenvolver intervencións sociais especializadas con colectivos de inmigrantes e emigrantes retornados.*

6.- Que o Colexio Oficial de Diplomados en Traballo Social e Asistentes Sociais de Galicia é unha entidade de dereito público colaboradora dos servizos sociais, e ten entre os seus fins colaborar coas administracións públicas en actividades relacionadas cos intereses profesionais .

Segundo o exposto, as partes acordan asinar un convenio de cooperación de conformidade coas seguintes

C L Á U S U L A S

Primeira.-

O Concello de Vigo e o Colexio Oficial de Diplomados en Traballo Social e Asistentes Sociais de Galicia, establecen un convenio de colaboración que ten como obxectivo a atención e intervención social con menores de familias inmigrantes e emigrantes retornadas residentes na cidade de Vigo.

Segunda

Os obxectivos xerais do programa son colaborar coa oficina de información de emigrantes retornados e inmigrantes en facilitar o apoio social preciso e os medios que axuden á integración, á vida socio familiar, laboral e escolar na cidade, preferentemente menores, dacordo co programa que se achega.

Terceira.-

Para elo, o Colexio Oficial de Diplomados en Traballo Social e Asistentes Sociais de Galicia, creará un dispositivo de actuación para a realización de actividades específicas cos nenos e nenas, así coma cos ensinantes, que promovan a interculturalidade, á vez que valoren e pronostiquen a situación dos mesmos na cidade.

A mesma labor realizarase por medio das Asociaciónes existentes fomentando a creación das mesmas.

Cuarta.-

O presente convenio terá vixencia dende o momento da súa sinatura ata o 30/06/2006 poidéndose prorrogar por acordo das partes.

Quinta.-

Constitúese unha Comisión Técnica permanente integrada por un representante de cada unha das partes que velara polo cumprimento do convenio, determinando as persoas a derivar ao obradoiro en función de súa patoloxía.

Asímesmo, e para dirimir as controversias que se puidesen presentar no transcorrer da vixencia do convenio, constitúese unha Comisión de Seguimento que estará formada por dous representantes, de cada unha das partes asinantes, e que se reunirá as veces que fosen precisas para resolver as dúbidas, diverxencias ou calquera cuestión que a aplicación do acordo poidese xerar.

Sexta.-

Pola realización do programa en todas as súas facetas, o Concello de Vigo, que a su vez conveniou coa Xunta de Galicia a actuación, aportará a cantidade de 36.500 €.

O pago realizarase o longo dos anos 2005 é 2006.-

- Á sinatura do convenio en decembro de 2005 aboarase a cantidade de 6.500€.
- A 31 de marzo de 2006, aboarase a cantidade de 15.000 €
- e os restantes 15.000 € serán aboados o remate da vixencia do convenio, 30 de xunio de 2006

Os pagos executaríanse unha vez se certifique por parte do técnico municipal responsable a realización das actividades do programa, previa presentación das facturas acreditativas do gasto .O último pago aboarase despois de ter presentada ademais a memoria final da actividade.

A xustificación documental farase a través de factura emitida polo Colexio Oficial de Diplomados en Traballo Social e Asistentes Sociais de Galicia.

Sétima.-

A formulación de todo tipo de información ou publicidade da actividade realizarase conxuntamente por medio da Comisión Técnica recollida na cláusula quinta deste convenio..

En proba da súa conformidade asinan o presente Convenio o día indicado, os comparecentes:

4(1750).- PARTICIPACIÓN DO CONCELLO DE VIGO NA XXIV EDICIÓN DO PREMIO DE NOVELA LONGA EN LÍNGOA GALEGA “EDUARDO BLANCO AMOR”, ORGANIZADO POLO CONCELLO DE NEDA (A CORUÑA). EXPTE. 9279/331.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe do Departamento de Cultura, do 7.12.05, conformado polo concelleiro delegado de Asuntos Sociais e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

Aprobar o gasto de 360 € (TRESCENTOS SESENTA EUROS) con cargo á partida 4510.462.00.00 "Premio Eduardo Blanco Amor" do vixente presuposto municipal, a favor do Concello de Neda, organizador da XXIII Edición do Premio de Novela “Eduardo Blanco Amor”, en concepto de participación do Concello de Vigo na organización de dito premio.

5(1751).- ADXUDICACIÓN DO CONCURSO PARA A EXECUCIÓN DAS OBRAS DE ARRANXO E SUBSTITUCIÓN DAS CARPINTERÍAS EXTERIORES DO EDIFICIO DA CASA DAS ARTES. EXPTE. 9116/331.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo coa proposta da Mesa de Contratación, do 12.12.05, conformada polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

Adxudicar a Oreco S.A. a execución das obras de arranxo e substitución das carpinterías exteriores do edificio da Casa das Artes por un importe de 72.134,26 euros. Todo iso de acordo co preoxecto e prego de condicións aprobado por acordo da Xunta de Goberno local de 19.09.05 e a oferta presentada.

6(1752).-LIQUIDACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA Á FUNDACIÓN LAXEIRO PARA PROGRAMACIÓN DE ACTIVIDADES E FUNCIONAMENTO DA FUNDACIÓN DURANTE O ANO 2005. EXPTE. 9319/331.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe do departamento de Cultura, do 28.12.05, que di o seguinte:

A Comisión de Goberno de data 18 de abril de 2005 acordou “Outorgar unha subvención de 66.000 Euros (sesenta e seis mil euros) á Fundación Laxeiro con CIF: G36852358 para programación de actividades e funcionamento da Fundación durante o ano 2005, con cargo á partida 4510.489.00.01 (“Fundación Laxeiro”) do vixente presuposto municipal”.(EXPTE. 8799/331)

O citado acordo establecía que a xustificación da subvención tería que realizarse de acordo coas seguintes condicións:

“1. Forma de pagamento.-

O Concello de Vigo xestionará o pagamento á Fundación Laxeiro o importe da subvención outorgada polo Concello de Vigo, para as actividades e funcionamento do ano 2003 a través de transferencia bancaria do seguinte xeito:

- a) unha primeira parte, ata un máximo do 50% do total da subvención, tralo outorgamento da subvención pola Comisión de Goberno*
- b) unha segunda parte, ata un máximo do 25% do total da subvención, durante o mes de outubro e*
- c) unha terceira parte, polo resto da subvención concedida trala aprobación da memoria-avaliación pola Comisión de Goberno do Concello.*

2. Documentación para tramitalos pagamentos.-

Para o trámite dos pagamentos da subvención a Fundación Laxeiro deberá achegala seguinte documentación:

- a) Solicitud de pagamento de cada unha das partes da subvención (presentarase no Rexistro Xeral do Concello de Vigo).*
- b) Informe sobre as actividades realizadas e sobre o funcionamento da Fundación relativo a cada un dos períodos antes citados, acompañado das facturas orixinais correspondentes á contía da que se solicita pagamento.*

3. Liquidación da subvención.-

Para a liquidación do último pagamento da subvención presentarase a seguinte documentación antes do 15 de novembro do 2005:

- a) Solicitud polo Rexistro Xeral de liquidación da subvención concedida.*
- b) Memoria-avaliación do programa de actividades e funcionamento da Fundación Laxeiro, que deberá incluír como mínimo os seguintes datos:*
 - Datos sobre os participantes nas actividades. (Número e perfil dos asistentes a cada unha das actividades do programa).*
 - Memoria de prensa.*
 - Relación definitiva de ingresos e gastos, clasificada por actividade ou grupo de actividades e por funcionamento; especificando: concepto, acreedor e gasto.*

- *Detalle do balance económico das actividades e funcionamento. Gastos.- Facturas orixinais polo importe subvencionado. Ingresos.- Detalle das contías ingresadas por tódolos tipos de conceptos: contías das subvencións recibidas de institucións; achegas económicas doutros patrocinadores; vendas de publicacións, cotas de matrículas, etc. ingresos diversos, contías e procedencia.*
- c) *Dez (10) exemplares do material editado ou producido pola Fundación. No caso de que non se editara material para algunha actividade deberá indicarse, expresamente, este extremo.*

As facturas aportadas pola Fundación deberán reunir os requisitos e condicións esixidas polo art. 3 do RD 2402/1985 polo que se regula o deber de expedir e entregar facturas que incumbe a empresarios e profesionais.

A liquidación do pagamento da subvención está condicionado a aprobación de memoria anual por parte da Comisión de Goberno, despois dos informes técnicos necesarios.

Con data 19 de decembro de 2005 D. Carlos García Suarez y Otero, secretario Xeral de la Fundación Laxeiro solicita polo Rexistro Xeral a liquidación da subvención concedida a Fundación Laxeiro para programa de actividades 2005, e achega adxunto a solicitude a seguinte documentación xustificativa:

- *Relación de facturas recibidas por importe do 100% da subvención.*
- *Fotocopias das devanditas facturas*
- *Relación de facturas orixinais por importe de 16.567,14 €*
- *Orixinais das mesmas*
- *Breve memoria explicativa das actividades levadas a cabo ata a data*
- *Dossier de prensa xerado polas actividades da Fundación Laxeiro ata a data*

A documentación presentada pola Fundación Laxeiro xustifica o pagamento da liquidación da subvención concedida pola Comisión de Goberno na sesión de abril de 2005. Polo que procede o aboamento de 16.500 € (dazaseis mil cincocentos euros) que supón o pagamento da liquidación da subvención concedida pola Comisión de Goberno según acordo do 18 de abril de 2005 a FUNDACION LAXEIRO, CIF.: G36852358 con cargo a partida 4510.489.00.01 do presuposto municipal de cultura para o ano 2005. AD 200500015696.

Por todo o exposto faise a seguinte PROPOSTA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL:

Primero: Aprobar a memoria-avaliación presentada por a FUNDACION LAXEIRO, CIF.: G-36852358 xustificativa do pagamento da liquidación da subvención concedida.

Segundo: Autorizar o aboamento de 16.500 € (dazaseis mil cincocentos euros) que supón o pagamento da liquidación da subvención concedida pola Comisión de Goberno según acordo de 18 de abril de 2005 a favor da FUNDACION LAXEIRO, CIF.: G36852358 con cargo a partida 4510.489.00.01 “Fundación Laxeiro” do presuposto municipal de cultura para o ano 2005. AD 200500015696.

Acordo

A Xunta de Goberno aproba a proposta contida no precedente informe.

7(1753).- LIQUIDACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA Á FUNDACIÓN PROVIGO E A SÚA ÁREA PARA PROGRAMACIÓN DE ACTIVIDADES E FUNCIONAMENTO DO INSTITUTO DE ESTUDIOS VIGUESES DURANTE O ANO 2005.. EXPTE. 9318/331.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe do departamento de Cultura, do 21.12.05, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local de data 30 de maio de 2005 acordou “Outorgar unha subvención de 36.000 Euros (trinta e seis mil euros) á Fundación Provigo e a súa Área con CIF: G36745396 para programación de actividades e funcionamento do Instituto de Estudios Vigueses durante o ano 2005, con cargo á partida 4510.489.00.02 (“Fundación Provigo-Instituto de Estudios Vigueses”) do vixente presuposto municipal”.(EXPTE. 9232/331)

O citado acordo establecía que a xustificación da subvención tería que realizarse de acordo coas seguintes condicións:

O Concello de Vigo aboará á Fundación Provigo e a súa Área o importe da subvención a través de transferencia bancaria á conta 2080-0000-73-0040233285 da que é titular A FUNDACIÓN. O pagamento tramitarase durante o ano 2005 do seguinte xeito:

- *Ata un 25% durante o mes de seguinte á sinatura do convenio*
- *Ata un 50% durante o mes de outubro*
- *Ata un 25% durante o mes de decembro, xunto coa liquidación do convenio*

Para o trámite dos pagamentos da subvención A FUNDACIÓN deberá achegala seguinte documentación: unha solicitude de pagamento, a través do Rexistro Xeral do Concello, para cada unha das fraccións; un informe sobre o funcionamento e actividades realizadas polo INSTITUTO, acompañado das facturas orixinais correspondentes á contía da que se solicita pagamento. Os pagamentos parciais e a liquidación deberán contar cos informes favorables de técnicos da unidade de seguimento do convenio e do concelleiro-delegado da Área de Asuntos Sociais.

Para a liquidación do último pagamento da subvención, ademais da documentación citada no parágrafo anterior presentarase unha memoria-avaliación do programa de actividades e funcionamento do INSTITUTO, que deberá incluír como mínimo os seguintes datos:

- *Datos sobre os participantes nas actividades*
- *Memoria de prensa.*
- *Relación definitiva de ingresos e gastos, clasificada por actividade ou grupo de actividades e por funcionamento; especificando: concepto, acreedor e importe.*
- *Detalle do balance económico das actividades e funcionamento. Gastos.- Facturas orixinais polo importe subvencionado. Ingresos.- Detalle das contías ingresadas por tódolos tipos de conceptos: contías das subvencións recibidas de institucións; achegas económicas doutros patrocinadores; vendas de publicacións, cotas de matrículas, etc. ingresos diversos, contías e procedencia.*

A memoria-avaliación e liquidación do programa subvencionado deberá contar coa aprobación da Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo.

As facturas aportadas pola Fundación deberán reunir os requisitos e condicións esixidas polo art. 3 do RD 2402/1985 polo que se regula o deber de expedir e entregar facturas que incumbe a empresarios e profesionais.

Con data 16 de decembro de 2005 Pablo Conde Barreras., Director Xerente da Fundación, solicita polo Rexistro Xeral a liquidación da subvención concedida a Fundación Provigo e a súa Área para programa de actividades e funcionamento do Instituto de Estudos Vigueses para o ano 2005 , e achega coa solicitude a seguinte documentación xustificativa:

- Breve informe de actividades:
 - Datos sobre os participantes nas actividades
 - Memoria de Actividades
- Facturas orixinais por importe de 9.032 € .
- Relación definitiva de ingresos e gastos clasificada por actividad

A documentación presentada pola Fundación Provigo e a súa Área, xustifica o pagamento da liquidación da subvención concedida pola Xunta de Goberno Local na sesión de de 30 de maio de 2005. Polo que procede o aboamento de 9.000 € (nove mil euros) que supón o pagamento da liquidación da subvención concedida pola Xunta de Goberno Local segundo o acordo do 30 de maio de 2005 á FUNDACION PROVIGO E A SÚA ÁREA, CIF.: G36745396 con cargo a partida 4510.489.00.01 do presuposto municipal de cultura para o ano 2005. AD 200500027043.

Por todo o exposto faise a seguinte PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL:

Primero: Aprobar a memoria-avaliación presentada por a FUNDACION PROVIGO E A SÚA ÁREA, CIF.: G-36745396 xustificativa do pagamento da liquidación da subvención concedida.

Segundo: Autorizar o aboamento de 9.000 € (nove mil euros) que supón o pagamento da liquidación da subvención concedida pola Xunta de Goberno Local segundo acordo de 30 de maio de 2005 a favor da FUNDACION PROVIGO E A SÚA ÁREA, CIF.: G36745396 con cargo a partida 4510.489.00.02 “Fundación Provigo-Instituto de Estudos Vigueses”, do presuposto municipal de cultura para o ano 2005. AD 200500027043.

Acordo

A Xunta de Goberno aproba a proposta contida no precedente informe.

8(1754).- CONCESIÓN E DENEGACIÓN DE AXUDAS MUNICIPAIS Á CREACIÓN DE EMPRESAS ANO 2005, DENTRO DO PLAN MUNICIPAL DE EMPREGO 2004-2007.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o documento contable de data 12.12.05, e de acordo informe-proposta do xefe do Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, do 1.12.05, conformado pola concelleira de Promoción Económica e Emprego, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Conceder as axudas económicas á creación de empresas do ano 2005, no marco do Plan Emprego 2004-2007, aos seguintes solicitantes por un importe total de 118.233 euros:

<u>EXP</u>	<u>EMPRESA</u>	<u>NIF/CIF</u>	<u>E.XURIDI.</u>	<u>CONTÍA (€)</u>
3308	Alberto Grande Freire	44087877M	AUTONO.	1.989
3309	Braco Deseño SL	B36938223	SL	2.699

3313	Ana Pérez Barreda	29730894J	AUTÓN.	1.613
<u>EXP</u>	<u>EMPRESA</u>	<u>NIF/CIF</u>	<u>F.XURIDI.</u>	<u>CONTÍA (€)</u>
3316	Deportes Chavanel Galicia S.L.	B36950921	S.L.	2.400
3317	Casa Paxariños, SL	B36952315	SL	2.400
3318	Carmen Avilés Guerrero	74641080P	AUTON.	1.309
3319	Isamer, C.B.	E36947455	C.B.	1.899
3320	Inés Agra Maciel	53172653B	AUTON.	2.295
3321	Mª Carmen Ríos Fernández	78730055C	AUTON.	676
3322	Supermercado Toledo S.L.	B36944437	S.L.	2.400
3323	José Luis Fernández Dominguez	34621437C	AUTÓN.	1.785
3328	Isabel Vieitez Rodríguez	34911633W	AUTON.	2.400
3329	Miguel A. González Costal	B36948495	SLNE	1.519
3331	Ricardo Pérez Barrerio	76703618K	AUTÓN.	2.400
3332	Silvia Angélica Alvarez Pérez	36135422F	AUTÓN.	2.400
3333	Concepción Alemany Otero 000781555h Slne	B36953313	SLNE	732
3334	Eva Losada González	36174651K	AUTÓN.	2.236
3335	Marta Isabel Pereira Iglesias	36175581P	AUTON.	1.158
3336	Alejandra Bosch Miranda	36138698V	AUTONO.	2.400
3339	Orlando Abildua Capetillo	30678050Y	AUTONO.	294
3340	Manuel Patao Fernández	39459877L	AUTON.	1.867
3341	Pablo Solla, Diseño y Publicidad, S.L.	B36943413	S.L.	495
3342	Manuel Del Palacio Baamonde	36145578C	AUTONO.	541
3343	Begoña Rodríguez Pereira	36175581P	AUTON.	1.541
3344	Elisabeth Álvarez Comesaña	77007710F	AUTONO.	1.979
3345	María Dolores Fernández Peña	34949475D	AUTONO.	1.457
3346	Abanico, CB	E36954865	CB	2.239
3347	Mª Encarnación Alvarez Alvarez	76913517E	AUTÓN.	1.938
3348	María Iriarte Rivas	46902616G	AUTÓN.	293
3349	Rosa Pérez Pérez	36072004T	AUTON.	475
3350	José Luis Carril Bobillo	36108235Y	AUTONO.	183
3351	Diego Andrés Duque Valencia	X4482643N	AUTON.	214
3353	Sandra M. Peñarete Londoño	X4575283P	AUTON.	2.309
3354	José Carlos Piñeiro Roman	36111002J	AUTON.	1.950
3356	María Zulema Martínez Alonso	36152835D	AUTONO.	1.350
3359	María García Louzao	36117252F	AUTONO.	2.188
3360	Antía Díaz Justo	53174619E	AUTONO.	2.400
3361	Celia Piñeiro Alonso	35998294M	AUTÓN.	1.981
3363	Eduardo Augusto Hochreuter Montes	53196999T	AUTONO.	378
3366	Miriam Martínez García	36131125B	AUTON.	2.400
3367	Pompeyo, CB	E36952927	CB	1.500
3368	O Porco Faltón, CB	E36948826	CB	1.537
3369	Mª del Mar Romero Piñeiro	33246390M	AUTÓN.	2.400

3370	Escuela de Baile Bambalina, SL	B36943264	SL	1.659
3371	Gonzalo Rodríguez Caride	36047932D	AUTONO.	1.066
<u>EXP</u>	<u>EMPRESA</u>	<u>NIF/CIF</u>	<u>F.XURIDI.</u>	<u>CONTÍA (€)</u>
3372	Benito Sousa Vázquez	36046886K	AUTON	2.130
3373	Trazo Versión CB	E36945376	CB	943
3376	Iria Terre González	36166331G	AUTON.	2.400
3379	Mariano Pablo Portela	X3393583W	AUTON.	2.116
3380	Eureka, CB	E36937068	CB	2.400
3381	Mª Lourdes Abalde Rodríguez	36105658M	AUTÓN.	2.400
3382	Mª José Lago Carrera	76993594J	AUTON.	2.900
3383	Luis Mariano Cruz Romero	36043076Y	AUTONO.	1.784
3384	Juana de Juanes	E36939973	CB	1.476
3385	Ana Veloso Amoedo	36100225T	AUTÓN.	2.400
3387	Hermanos Gulías González, S.L.	B36945673	S.L.	2.400
3388	Novo Xardin, C.B.	E36947505	CB	2.400
3389	Panadería El Maíz, SL	B36946853	SL	2.316
3390	Alvarez Barbosa Alberto 000584745m	36119093P	SLNE	1.697
3393	Lorena Villar Fonseca	36137851K	AUTON.	2.135
3394	Asunción Vázquez Rodríguez	36103321Z	AUTONO.	2.400
3397	Dunia Rodríguez Montenegro	36103321Z	AUTONO.	1.212
3400	José Alberto Fernández López	36035806G	AUTON.	1.332
3406	Lloama C.B.	E36944387	C.B.	2.266
3407	Inés Fernández Montero	36077344G	AUTÓN.	1.233
3408	Terra-E	E36941854	CB	627
3409	Carmen Rodriguez Alvarez	35788510G	AUTÓN.	1.522
3410	Mercedes Franco Araújo	36022784T	AUTONO.	2.400

2

2º.- Denegar as seguintes solicitudes, unhas por non cumprir os requisitos esixidos, e outras por non achegar a documentación precisa:

<u>EXP</u>	<u>EMPRESA</u>	<u>NIF/CIF</u>	<u>FORMA XURIDI.</u>	<u>DESESTIMACION</u>
3337	Carmen Pereira García	15897554T	AUTON	Non achega copia da lizenza de apertura
3338	Ana Mª Miranda Alvarez	76988510N	AUTÓN.	Non cumpre ningún dos requisitos da base 1 – pto 3
3352	Mª Isolina Faria Pérez	36047475N	AUTON	Non cumpre o requisito da base 1- pto 2

<u>EXP</u>	<u>EMPRESA</u>	<u>NIF/CIF</u>	<u>FORMA XURIDI.</u>	<u>DESESTIMACION</u>
3355	Mª Salomé Figueiras Figueiras	36139764W	AUTÓN.	Non cumpre os requisitos da base 1-pto 3
3357	Franco G. di Giosia Nieto	36175730L	AUTON.	Non cumpre ningun dos requisitos da base 1- pto 3
3358	María Angélica Cardalda Valeiro	35994279S	AUTON.	Non achega a documentación requerida: DNI compulsado, alta no corresp ondente rexime da Seguridade Social, anexo V...
3362	Álvaro David Barrios	X3982963F	AUTON.	Non cumpre ningún dos requisitos da base 1, punto 3
3364	Patricia Sueiro Fernández	39458573A	AUTON.	Non achega a documentación requerida: non achega facturas correspondentes ó periodo e conceptos subvencionables (artigo 4 das bases).
3365	Daniel Seoane Castro	36124176P	AUTON.	Non cumpre ningun dos requisitos da base 1 – pto 3
3374	Julián Vilas Durán	76885050Y	AUTÓN.	Non achega a documentación requerida: DNI compulsado do solicitante, alta no IAE do empresario individual, vida laboral dos empresarios traballadores,....
3377	Rafael Prieto Pazos	36067876N	AUTÓN.	Non achega a documentación requerida: DNI compulsado do solicitante, alta no IAE do empresario individual, vida laboral dos empresarios traballadores,....

<u>EXP</u>	<u>EMPRESA</u>	<u>NIF/CIF</u>	<u>FORMA XURIDI.</u>	<u>DESESTIMACION</u>
3378	Pablo Hervés Alonso	36161031V	AUTÓN.	Non achega a documentación requirida: DNI compulsado do solicitante, alta no IAE do empresario individual, vida laboral dos empresarios traballadores,....
3386	Mª Angeles Domínguez Iglesias	35987389W	AUTÓN.	Non achega a documentación requirida: DNI compulsado do solicitante, alta no IAE do empresario individual,
3391	Galitec Consultores Informáticos, S.L..	B36938397	S.L.	Non achega a documentación requirida: DNI compulsado do representante, vida laboral dos empresarios traballadores ...
3392	Mª Begoña Aguilar Carrascal	36101754B	AUTÓN.	Non cumpre ningún dos requisitos da base 1- pto. 3
3395	Jordana Sebastián González	36139597L	AUTÓN.	Non achega a documentación requirida: DNI compulsado do solicitante, alta no IAE do empresario individual, vida laboral dos empresarios traballadores,....
3398	Luis Alberto Simoniak Keinbaum	36169172Q	AUTON.	Non achegar a documentación requirida: DNI compulsado do empresario Individual, alta no IAE do empresario individual, etc....
3399	Mª del Rocío Jorge Pérez	77004789F	AUTÓN.	Non achega a documentación requirida: DNI compulsado do solicitante, alta no IAE do empresario individual, vida laboral dos empresarios traballadores,....

<u>EXP</u>	<u>EMPRESA</u>	<u>NIF/CIF</u>	<u>FORMA XURIDI.</u>	<u>DESESTIMACION</u>
3401	Rosa Martín Moreno	24825731Z	AUTÓN.	Non achega a documentación requerida: DNI compulsado do solicitante, alta no IAE do empresario individual, vida laboral dos empresarios traballadores,....
3402	Ernesto Oitavén Agra	36116464R	AUTON.	Non cumpre os requisitos xerais: artigo 3 das bases (...non ter débedas con Concello ...)
3403	Camilo López Sousa	36147202B	AUTON.	Non achega a documentación requerida: DNI compulsado do solicitante, alta no IAE do empresario individual, ...
3404	Leonor Carro Ferreño	32346712H	AUTON.	Non achega a documentación requerida: DNI compulsado do solicitante, alta no IAE do empresario individual, vida laboral dos empresarios traballadores,..
3405	Rebeca Sanromán Montenegro	36170891X	AUTÓN.	Non achega a documentación requerida: DNI compulsado do solicitante, alta no IAE do empresario individual, vida laboral dos empresarios traballadores,....

9(1755).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA POR IMPORTE DE 499.999,89 € A FAVOR DE IMES S.A. POLA SUBMINISTRACIÓN E INSTALACIÓN DO ALUMEADO INSTITUCIONAL NAVIDEÑO DE 2005. EXPTE. 11456/444.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do enxeñeiro industrial municipal, de 22.12.05, que di o seguinte:

No pasado mes de novembro iniciouse expediente polo departamento de electromecánicos para a intalación de alumeado institucional navideño.

Con data 28 de novembro de 2005, a Xunta de Goberno Local aprobou o expediente de contratación do "Subministro e instalación do alumeado institucional navideño 2005", acordando:

- 1.- Aprobado o prego de prescricións técnicas para o contrato de "Subministro e instalación do alumeado institucional navideño 2005", elaborado polos Servizos Electro-Mecánicos.
- 2.- Aprobado o prego de condicións administrativas particulares elaborado pola Área de Servizos Xerais para a contratación por procedemento negociado sen publicidade o citado expediente.
- 3.- Autorizar o gasto de 499.999,89 Euros para a contratación do subministro e instalación do alumeado institucional navideño 2005, con cargo ás partidas 4324.213.00.02 e 6220.213.00.00 do presuposto 2005.
- 4.- Iniciar o procedemento de negociación por urxencia para a selección do contratista na foma prevista na lexislación vixente.

Como consecuencia diso, invitouse a participar no concurso á única empresa que, previa xustificación que obra no expediente, considerábase que estaba tecnicamente en condicións de prestar o subministro no prazo establecido: a mercantil Imes, S.A.

Con data 12 de decembro, a empresa Imes, S.A. presenta o presuposto e escrito no que se compromete a prestar o subministro nas condicións establecidas nos pregos obrantes no expediente. Así mesmo o presuposto correspóndese co importe existente nas partidas presupostarias de aplicación.

Antes da contratación formal, e como consecuencia da demora que se produciu por un erro na interpretación do acordo da Xunta de Goberno do 28 de novembro de 2005, remataron as obras, asuntándose ás especificacións técnicas establecidas ao respecto, e foi emitida por IMES S.A. a correspondente factura.

É polo que se fai á Xunta de Goberno local a seguinte PROPOSTA:

Indemnizar á empresa Imes, S.A. pola instalación do alumeado institucional navideño 2005, polo importe da factura 36101146 de 499.999, 89 euros.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

10(1756).-EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN E INSTALACIÓN DUNHA ESCULTURA DE XAIME QUESADA. EXPTE. 9219/331.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe de negociado de Contratación, do 15.12.05, conformado polo xefe da Área de Contratación e Novos Proxectos, o concelleiro da Área de Cultura e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Autorizar o gasto de 120.000 euros para a execución do contrato de subministración e instalación dunha escultura de Xaime Quessada. O gasto que xenere o expediente se imputará á partida 4510.688.00.01 do presuposto do ano 2005 (60.000 euros) e 2006 (60.000 euros).

2º.- Aprobar os pregos de cláusulas técnicas e administrativas para a contratación por procedemento negociado subministración e instalación dunha escultura de Xaime Quesada.

3º.- Contratar con D. Jaime Quesada Porto a execución de dito contrato por un importe de 120.000 euros.

11(1757).-DEVOLUCIÓN DE AVAL CONSTITUÍDO POR VALLEHERMOSO DIVISIÓN PROMOCION S.A.U. POR RESERVA ESPECIAL DE VÍA PÚBLICA POR OBRA NA RÚA ARAGÓN Nº 82. EXPTE. 71737/210.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa de Seguridade e Transportes do 19.12.05, conformado polo concelleiro-delegado de Mobilidade e Seguridade, a Xunta de Goberno local acorda:

Que polos servicios da Intervención municipal, se proceda á devolución do aval constituído en data 6 de xullo de 2005 por VALLEHERMOSO DIVISION PROMOCION, S.A.U, con CIF A-79944233, por un importe de 1.500 €, para responder dos posibles danos que se poideran ocasionar ao patrimonio municipal con motivo da reserva especial de vía pública por obra na rúa ARAGON, 82, por non producirse danos.

12(1758).-DEVOLUCIÓN DE AVAL CONSTITUÍDO POR ALVAREZ CRESPO S.L. POR RESERVA ESPECIAL DA VÍA PÚBLICA POR OBRA NA RÚA PALENCIA Nº 31. EXPTE. 71719/210.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa de Seguridade e Transportes do 19.12.05, conformado polo concelleiro-delegado de Mobilidade e Seguridade, a Xunta de Goberno local acorda:

Que polos servicios da Intervención municipal, se proceda á devolución do aval constituído en data 1 de xuño de 2005 por ALVAREZ CRESPO, S.L, con CIF B-36.692.614, por un importe de 1.500 €, para responder dos posibles danos que se poideran ocasionar ao patrimonio municipal con motivo da reserva especial de vía pública por obra na rúa PALENCIA, 31, por non producirse danos.

13(1759).-REVISIÓN DE TARIFAS DE TAXIS PARA O ANO 2006. EXPTE. 71490/210.

Examinadas as actuacións do expediente, vista a acta do consello sectorial de Transportes, do 22.12.05, e de acordo co informe-proposta da xefa de Seguridade e Transportes, da mesma data, conformado polo concelleiro-delegado de Mobilidade e Seguridade, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar a solicitude de revisión das tarifas dos Autotaxis da cidade para o ano 2006, de conformidade co informe emitido, sendos os prexos máximos a aplicar, IVE incluído, os seguintes

TARIFA 1 (Aplicable días laborables de 6:00 a 22:30 horas)

Tarifa mínima (1800 m e/ou 5,10 mín)	2.61
Km percorrido	0.70
Hora de espera	14.18
Suplemento aeroporto	3.22
Suplemento Cotogrande	2.23
Maletas y vultos análogos	0.40

TARIFA 2 (Domingos e festivos, 24 e 31 de decembro. Sábados desde as 15:00 e servizo nocturno de 22:30 ás 6:00 horas).

Tarifa mínima (1200 m e/ou 3,26 min)	2.61
Km percorrido	0.72
Hora de espera	14.18
Suplemento aeroporto	3.22
Suplemento Cotogrande	2.23
Maletas y vultos análogos	0.40

2º.- Remitir o expediente á Dirección Xeral de Industria e Comercio da Xunta de Galicia para dar cumprimento ó disposto na vixente lexislación en materia de prezos autorizados.

14(1760).-REVISIÓN DE TARIFA DE TRANSPORTE URBANO COLECTIVO DE VIAXEIROS PARA O ANO 2006. EXPTE. 71708/210.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe de Seguridade e Transportes, do 5.12.05, conformado polo concelleiro-delegado de Mobilidade e Seguridade e polo interventor xeral, que di o seguinte:

TARIFAS SOLICITADAS

D. Juan Carlos Villarino Tejada, Director Xeral da entidade mercantil "Viguesa de Transportes, S.L." (Vitrassa), na data 28 de outubro de 2005 presenta solicitude de modificación da tarifa e do prezo do coche/qm do servizo público regular de transporte urbano colectivo de viaxeiros en autobús de uso xeral de Vigo para o ano 2006, de conformidade co establecido no artigo 62 do Prego de condicións económico-administrativo que rexiu o concurso para a concesión do servizo, achegando á solicitude memoria e estudio económico.

As tarifas que solicitan son as seguintes:

*** billete ordinario 1.06 euros/viaxeiro.
*** prezo coche/qm 4.25 euros/qm.

TARIFAS VIXENTES

As tarifas actualmente vixentes por Resolución do Ilmo. Sr. Director Xeral de Comercio e Consumo da Xunta de Galicia, son as seguintes:

billete ordinario..... 0.95 EUROS/viaxeiro
prezo coche/Qm..... 3.80 EUROS/qm.

I N F O R M E

A empresa Viguesa de Transportes S.L. (VITRASA), concesionaria do transporte urbano colectivo de viaxeiros da cidade por acordo do Pleno da Corporación de data 16 de setembro de 1994, solicita revisión de tarifas, de conformidade co previsto no artigo 62 do Prego de condicións que rexiu na adxudicación da concesión.

A empresa concesionaria presenta memoria e estudo económico xustificativo das novas tarifas que propón, que se aplicarían a partir do 1º de xaneiro do ano 2006.

Os prezos que se solicitan (incluído IVE do 7 %) son os seguintes:

Billete ordinario 1.06 €
Prezo coche/ Qm. 4.25 €

De conformidade co Prego de condicións que rexiu na adxudicación da concesión e coa oferta adxudicataria a tarifa ten a seguinte estrutura:

Custo unitario
Repercusión material movíl
Repercusión terreos e instalacións
Ingresos por publicidade (a deducir)

CUSTO UNITARIO

O custo unitario revísase aplicando ó valor do coeficiente de revisión K_t , que resulta da fórmula polinómica de revisión fixada no Prego de condicións o valor do custo unitario da adxudicación.

Os valores de orixen e os coeficientes da fórmula polinómica figuran na oferta.

Os valores do momento "t" de revisión, xustifícanse:

Ht polo Convenio Provincial

Ct polo prezo medio nacional do Gasóleo A publicado pola Subdirección xeral de hidrocarburos do Ministerio de Ciencia e tecnoloxía..

IPCT polo certificado do I.N.E.

A) Factor man de obra.

A empresa propón como factor man de obra a cantidade de 19.329.80 €.

No cálculo da tarifa e de conformidade cos informes emitidos pola Intervención Municipal nos anos anteriores aplicábanse dous correctores sobre o coeficiente da man de obra: un de plantilla e outro de repercusión dos custos da Seguridade Social

Os coeficientes correctores trataban de axustar á realidade o modelo de revisión como consecuencia de non estar aportados no seu día todos os medios ofertados.

O corrector correspondente ós custos da Seguridade Social foi suprimido na revisión correspondente ó ano 2001 por considerarse que a porcentaxe da Seguridade Social axústase á oferta presentada.

En relación co coeficiente corrector de persoal, na revisión tarifaria do ano 1997 interpretoouse como transformada a plantilla ofertada a 268 traballadores pola aplicación de horas estruturais e como consecuencia da diminución do absentismo; a plantilla media anual do ano 2005 son 278 traballadores e o persoal de limpeza cúbrese mediante contrato con unha empresa, (según certificación aportada pola empresa concesionaria) polo que se considera que non procede a aplicación dun corrector, suprimido na revisión correspondente ó ano 2002 , 2003 e 2004.

B) Factor combustible .

En xuño do ano 96 desapareceu o concepto de prezo máximo autorizado do gasóleo A, que se fixaba por Orden do Ministerio de Industria e Enerxia, pola que ata a data acordouse o prezo a aplicar de común acordo entre o Concello e a empresa concesionaria .

A empresa concesionaria propón unha fórmula referenciada ó ano 1998; no obstante considérase que a referencia debe facerse o mes de xuño do ano 1996, ano da última publicación no B.O.E. do prezo máximo autorizado do gasóleo tal e como se acordou coa empresa concesionaria para a revisión correspondente ó ano 2002 e como se aplicou na revisión correspondente ó ano 2003, 2004 e 2005.

Prezo medio de gasoleira xuño 1996 87,70 ptas

Indice aplicable 1,033

Prezo maximo autorizado B.O.E. xuño 1996 90,60 ptas

aplicando o citado indice á media dos prezos medios do gasóleo de automoción, dende setembro de 2004 a agosto de 2005 publicados pola Subdirección Xeral de Hidrocarburos do Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía da un resultado de 85.52 cm/li. A este resultado correspondería engadir o imposto que se fixa na Lei 9/2003 de 23 de decembro, de medidas tributarias e administrativas, art. 5 polo que se estableceu un gravamen no imposto sobre as vendas minoristas de determinados hidrocarburos, que no caso do gasóleo serían 12 € por 1000 litros, é dicir, 0.012 € por litro, tal e como acordouse na revisión do presente ano.

Na revisión correspondente ós tres últimos anos, tal e como se acordou coa empresa concesionaria, o índice corrector aplicouse sobre o prezo medio do último ano publicado con anterioridade á presentación do expediente de solicitude de tarifas, considerando que debe manterse este criterio.

O factor combustible sería = $0.8553 \times 1,033 = 0.883 + 0.012 = 0.895$

C) Factor I.P.C

A empresa Vitrasa manifesta que ó terse modificado o criterio base do cálculo do IPC polo Ministerio de Economía e Facenda e, de conformidade cos datos utilizados na revisión correspondente ó presente ano, propoñen unha nova fórmula que foi empregada na revisión correspondente ó presente ano; non obstante, considérase que o IPC que ha de empregarse é o correspondente ó mes de agosto por ser o que se empregou nas últimas revisións tarifarias e que será 113.8.

$$\frac{\text{IPC DECEMBRO 01}}{\text{IPC 0}} \quad X \quad \frac{\text{IPC } x \text{ t}}{100}$$

Co cal,

$$KT = 0.6295 \frac{19.329.80}{11.482.04} + 0.1196 \frac{0.895}{0.509} + (0.0296 + 0.1613) \frac{136.978}{109.512} \times \frac{113.8}{100} + 0.06$$

$$KT = 1.0597 + 0.2102 + 0.2717 + 0.06 = 1.6018$$

Co que o prezo unitario billete ordinario $0.4928 \times 1.6018 = 0.7893$

custo unitario coche / quilómetro $1.9884 \times 1.6018 = 3.1850$

REPERCUSIÓN MATERIAL MOBIL

Este concepto fórmase pola amortización correspondente ó ano de revisión, máis os gastos financeiros da inversión pendente de amortizar.

De acordo co cadro de amortización presentado, a cota de amortización que corresponde ó ano 2006 sería 1.893.197.86 €.

Durante o ano 2006 procede a renovación, de acordo co plan aprobado, de 10 vehículos, a empresa concesionaria incluíu a amortización correspondente aos dous últimos meses do ano, según manifestan,

En canto ós gastos financeiros a empresa concesionaria os aplica sobre o importe total da adquisición de 10 vehículos, cando os mesmos previsiblemente non se incorporen ó servizo ata o mes de novembro do próximo ano tal e como di a empresa, polo que procede aplicarlos sobre a inversión correspondente ós dous últimos meses do ano, polo que corresponde descontar do concepto inversión total de vehículos o importe total dos 10 vehículos que se incorporaran no próximo ano (2.024.768) e sumar o importe correspondente a dous meses (337.461,33).

Considerando o exposto o importe dos gastos financeiros sería:

---- Inversión nova concesión : 22.772.204.25

----Importe total vehículos ano 2006 - 2.024.768

	20.747.436.25
-----Importe 2 meses vehículos ano 2006	+ 337.461.33
-----Cantidade xa amortizada	<u>-9.737.157.43</u>
	11.347.740.15

Os gastos financeiros ascenderán a :

Inversión pendente de amortizar $11.347.740.15 \times 0,08 = 907.819.2 \text{ €}$

Como consecuencia a cantidade correspondente a amortización e mais os gastos financeiros ascende a 2.801.017,06 EUROS.

REPERCUSIÓN POR VIAXEIRO E KM

$$\frac{2.801.017.06}{20.750.000} = 0.1350 \text{ €/viaxeiro}$$

$$\frac{2.801.017.06}{5.142.623} = 0.5446 \text{ €/quilómetro}$$

REPERCUSION TERREOS

A repercusión correspondente a terreos e instalación de acordo co cadro de amortización lineal é de 597.707,14 €, non procedendo a repercusión do posible deficit de recuperación que imputa a empresa, por considerar que debera tratarse en expediente separado.

Repercusión por viaxeiro e km.

$$\text{€/viaxeiro} \quad \frac{597.707.14}{20.750.000} = 0.0288 \text{ €/viaxeiro}$$

$$\text{€/quilómetro} \quad \frac{597.707.14}{5.142.623} = 0.1162 \text{ €/quilómetro}$$

PUBLICIDADE

É un concepto a deducir do custo.

A concesionaria manifesta que os ingresos pola publicidade ascenden a 231.268,42 €.

$$\text{O que supón unha deducción de} \quad \frac{231.268.72}{20.750.000} \text{ €} = 0.0111 \text{ €/viaxeiros}$$

$$\frac{231.268.72}{5.142.623} \text{ €} = 0.0449 \text{ €/viaxeiros}$$

Nº DE VIAXEIROS

O nº de viaxeiros que propón a empresa concesionaria como previsible (20.000.000) para a próximo ano, considérase que non pode ser aceptado posto que o previsible é que o nº de viaxeiros se incremente debido ás melloras introducidas no transporte nos últimos anos e a finalización das grandes obras da cidade, podendo admitirse a cifra de 20.750.000 viaxeiros reais de conformidade coa tendencia dos dous último anos.

BILLETE ORDINARIO

Custo unitario	0,7893
Repercusión material mobil	0,1350
Repercusión terreos e instalacions.	0,0288
Publicidade	-0,0111

Total	0,9420
I.V.A. 7%	0,0659

	1.0079 €
	- 0.0047 redondeo anos anteriores

1. 0032 (Redondeo 1€)	

CUSTO COCHE /QUILOMETRO

Custo unitario	3,1850
Repercusión material mobil	0,5446
Repercusión terreos e instalacions	0,1162
Publicidade.	-0,0449

Total	3.8009
I.V.A. 7%	0,2660

	4.0669€

BONO - BUS

TARIFAS VIXENTES

A Xunta de Goberno Local en sesión celebrada na data 27 de decembro de 2004, adoptou, entre outros, o seguinte ACORDO:

“ Revisar os prezos correspondentes ós bonos buses, aplicando , as tarifas seguintes:

<i>bono bus normal</i>	<i>0.68euros</i>
<i>bono bus estudante</i>	<i>0.65 euros</i>
<i>bono bus pensionista I</i>	<i>gratuíto</i>
<i>bono bus pensionista II</i>	<i>gratuíto</i>
<i>bono bus universitario</i>	<i>0.47 euros</i>

REVISIÓN DE PREZOS

Tendo en conta que se producirá un incremento de tarifa correspondente ó billete ordinario, apréciase a necesidade de revisar os prezos correspondentes ós distintos bonobuses con obxecto de que se manteña proporcional á subvención.

Subvención actual

<i>bono-bus ordinario</i>	<i>0.27 €</i>
<i>bono-bus estudante</i>	<i>0.30 €</i>
<i>bono-bus pensionista I</i>	<i>0.95 €</i>
<i>bono-bus pensionista II</i>	<i>0.95 €</i>
<i>bono-bus CUVI</i>	<i>0.48 €</i>

Se partimos dunha tarifa de aplicación de 1.00 euros e se aplica a mesma cantidade que se está subvencionando actualmente, a cantidade resultante sería

<i>bono bus normal</i>	<i>0.73 euros</i>
<i>bono bus estudante</i>	<i>0.70 euros</i>
<i>bono bus pensionista I</i>	<i>gratuito</i>
<i>bono bus pensionista II</i>	<i>gratuito</i>
<i>bono bus universitario</i>	<i>0.50 euros</i>

Na sesión plenaria celebrada en data 26-06-2005 o Concelleiro-delegado de Mobilidade e Seguridade formulou a proposta de que aqueles discapacitados que precisen para a súa mobilidade a utilización dunha cadeira de rodas, viaxarán gratuitamente no transporte urbano colectivo de Vigo, sendo extensiva esta medida ao acompañante sempre que se acredite convenientemente.

Ao obxecto de formalizar o contido da proposta, deberá incluírse no acordo que se adopte a creación dun bono gratuito para aquelas persoas con mobilidade reducida que precisen para os seus desprazamentos cadeira de rodas, así como para aquela persoa que a acompaña.

Para obter o beneficio da gratuidade as persoas que se encontren nas citadas condicións deberán obter nunha Oficina de Caixanova unha tarxeta identificativa personalizada previa presentación da seguinte documentación:

1. Certificado da incapacidad expedido pola “Xunta de Galicia. Consellería de Familia, Deporte e Voluntariado. Sección de Calificación de Minusvalías”.
2. Dúas fotografías.

LEXISLACIÓN APLICABLE

O procedemento aplicable para a revisión da tarifa é o establecido no artigo 62 do Prego de condicións que rixe a concesión do transporte urbano colectivo de viaxeiros, aprobado definitivamente en sesión plenaria celebrada en data 26 de maio de 1994.

Así como tamén o disposto no Decreto 2695/77, de 28 de outubro, Decreto 2226/77, de 27 de agosto, Orde de 30 de setembro de 1977, Disposición transitoria primeira do Real Decreto 1947/79, de 3 de agosto e a Orde de 26 de febreiro de 1993.

Tendo en conta o ata aquí exposto, sométese a dictame da Xunta Local de Prezos e Mercados para o seu posterior estudio pola Xunta de Goberno Local, a seguinte,

PROPOSTA:

1) Aprobar a revisión de tarifas do servizo público regular de transporte urbano colectivo de viaxeiros en autobús de uso xeral da cidade de Vigo, solicitada pola empresa “VIGUESA DE TRANSPORTES, S.A.” para o ano 2006, sendo os prezos a aplicar có IVE incluído, de conformidade cós informes emitidos obrantes neste expediente,

- * prezo billete..... 1.00 euros
- * prezo coche/qm..... 4.06 euros

2) Remitir o expediente á Dirección Xeral de Comercio da Xunta de Galicia para dar cumprimento ó disposto na normativa vixente en materia de Prezos autorizados.

3) Revisar os prezos correspondentes ós bono-buses aplicando as tarifas seguintes:

bono bus normal	0.73 euros
bono bus estudante	0.70 euros
bono bus pensionista I	gratuito
bono bus pensionista II	gratuito

bono bus universitario

0.50 euros

4) *Crear un bono bus gratuito para aquelas persoas con mobilidade reducida que precisen para os seus desprazamentos cadeira de rodas, así como para aquela persoa que a acompaña.*

Para obter o beneficio da gratuidade as persoas que se encontren nas citadas condicións deberán obter nunha Oficina de Caixanova unha tarxeta identificativa personalizada previa presentación da seguinte documentación:

- Certificado da incapacidad expedido pola “Xunta de Galicia. Consellería de Familia, Deporte e Voluntariado. Sección de Calificación de Minusvalías”.

- Dúas fotografías.

5) *Subvencionar no exercizo económico de 2006, a diferenza que se produza entre a tarifa aprobada e a tarifa dos bono-buses correspondentes ó viaxeiro habitual, estudante , pensionista I e II, e as persoas con mobilidade reducida que precisen para os seus desprazamentos cadeira de rodas ,así como para aquela persoa que os acompañe,e subvencionar o bono-bus CUVI no 33% que lle corresponde, segundo o Convenio establecido coa Universidade de data 2 de novembro de 1995.*

6) *Fixar a limitación do emprego de billetes de 10 € para o aboamento en efectivo da tarifa polos usuarios da empresa. Vitrasa deberá publicitar este acordo mediante a exposición do establecido no mesmo nos autobuses da empresa.*

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe agás no referente aos importes do bono-bus ao que se refire o punto 3 e o da subvención á que se refire o punto 5, que serán establecidos pola Xunta de Goberno con posterioridade á reunión dos representantes dos grupos municipais, que se convocará para analizar os importes xunto coa empresa concesionaria, de conformidade co acordado na sesión do Concello Pleno de data 23 de decembro pasado.

15(1761).-DEVOLUCIÓN DE FIANZAS.

Examinadas as actuacións dos expediente, vistos os informes de Intervención Xeral e os informes-proposta do xefe de negociado de Contratación, a Xunta de Goberno local acorda:

a) Devolver a TRABAJOS AUX. PUENTES S.L. as fianzas de 3.485,06 euros e de 22.375,65 euros, contituídas para responder das OBRAS AUDITORIO CC. TEIS, xa que as obras foron recibidas mediante acta de 19.02.2003 por se executaren conforme as condicións do prego que rexeu a contratación e por trascorrello prazo de garantía.Expte. 1023 e 1024 de 241.

b) Devolver a SERVICIOS MEDIOAMBIENTAIS FORSAIS, S.L., a fianza de 1.202,02 euros, constituída para responder das SERVICIOS DE COLABORACIÓN CONTRA INCENDIOS FORESTAIS xa que as subministracións foron recibidas mediante informe de 07.09.2005 por se

executaren conforme as condicións do prego que rexeu a contratación e por trascorrelo prazo de garantía. Expte.1000/241.

c) Devolver a IMES S.A., a fianza de 15.143,71 euros, contituída para responder das remodelacións da instalación eléctrica do estadio Municipal de Balaidos xa que as obras foron recibidas mediante acta de 07.09.2004 por executarelo prazo de garantía. Expte. 976/241.

d) Devolver a CANAL UNO DE COMUNICACIÓN S.L., a fianza de 7.395,90 euros, constituída para responder das Difusión da actividade e edición de publicacións do Departamento de Cultura xa que os servizos foron recibidos mediante informe de 29.11.2005 por executaren conforme as condicións do prego que rexeu a contratación e por trascorrelo prazo de garantía. Expte. 1014/241.

e) Devolver a CONSTRUCCIONES CARDEÑOSO S.L., a fianza de 1.798,94 euros, constituída para responder do acondicionamento do local Socio-Cultural na rúa Rosalía de Castro xa que as obras foron recibidas mediante acta de 17.06.2004 por se executaren conforme as condicións do prego que rexeu a contratación e por trascorrelo prazo de garantía. Expte. 844/241.

16(1762).-RECLAMACIÓN DE D^a. AMALIA CURTY GONZÁLEZ DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 215/243. ESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica Admón. Xeral de Patrimonio e Contratación, do 02.12.05, conformado pola xefa da área de Réxime Interior e polo interventor xeral que di o seguinte:

Antecedentes:

Dna. Amalia Curty González presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 10 de xuño de 2004, no que expón que o día 28 de maio de 2004, mentres camiñaba pola rúa Rosalía de Castro, sufriu unha caída á altura do número 25 por mor dunhas baldosas da beirarrúa mal colocadas, producíndose danos de carácter físico e material.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- Informes do servizo de Vías e Obras, con data 06/07/2004, no que manifestan que a zona en mal estado era visíbel a longa distancia e evitábel gardando a dilixencia debida.*
- Informe da Policía Local, con data 16/09/2004, no que indican non teren constancia dos feitos reclamados.*
- Dictame estimatorio para valoración de danos corporais da asesoría médica do Concello, que cuantifica os mesmos en 990,57 euros.*
- Práctica de proba testifical á testemuña proposta pola Sra. Curty, con data 27/07/2005, que confirma os extremos alegados pola reclamante.*
- Evacúase trámite de audiencia á reclamante, que formula alegacións con data 08/08/2005.*

Fundamentos de dereito:

Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.
- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.
- d) Que non sexa produto de forza maior.

Constatada polos documentos obrantes no expediente a realidade do dano e maila súa cuantificación económica, procede examinar a existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionado a ser indemnizado pola Administración.

Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de pavimentación das vías públicas urbanas e conservación dos camiños e vías rurais (artigos 25.2.d e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local). Así, a Administración ten o deber ineludíbel de manter estes de modo tal que este garantida en calquera momento a seguridade daqueles que as utilicen, o que implica o recoñecemento ó seu favor dun principio de confianza sobre ás condicións obxectivamente aptas do vial. Como consecuencia deste deber, a Administración resulta obrigada a reparar as consecuencias danosas dos eventos fortuitos que signifiquen unha creba das condicións de seguridade que está obrigada a garantir.

A eventual responsabilidade da Administración viría determinada polo principio de confianza dos peóns nas condicións de seguridade das vías, rúas e beirarrúas polas que transitan, de modo que a constatación dun inaxeitado estado de conservación destas, cando se traduza na existencia de obstáculos non apreciabeis polos viandantes, dará lugar á existencia da relación de causalidade entre o dano sufrido polo peón e o deficiente funcionamento do servizo público.

No presente suposto, conséntase no expediente o deficiente estado da beirarrúa. Tal circunstancia non entraña un risco especial para os viandantes, xa que é perfectamente visíbel en circunstancias normais de circulación e tránsito, empregando a dilixencia esixible como concreción da regra do control da propia deambulacón, tal e como se desprende do informe do Servizo de Vías e Obras. No entanto, aínda que a negligencia da vítima interferiu no nexo causal co seu defectuoso control da propia deambulacón, a testemuña na súa declaración relata que a caída da Sra. Curty aconteceu ó baixar dun taxi, polo que é de supor que, tendo en conta a idade da vítima, 76 anos, estivera pendente da maniobra de baixada e non reparase no mal estado da beirarrúa, polo que a informante conclúe que se da neste suposto unha concurrencia de culpas entre a reclamante e a Administración.

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Estimar parcialmente a reclamación de responsabilidade patrimonial de dona Amalia Curty González e indemnizála coa cantidade de 495,28 euros”.

Acordo:

A Xunta de Goberno local aproba a proposta cotida no precedente iforme.

17(1763).-RECLAMACIÓN DE D^a M^a ISABEL RODRÍGUEZ FERREIRO DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. N^o 277/243. ESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral de Patrimonio e Contratación, do 01.12.05, coformado pola xefa da área de Réxime Interior e polo interventor xeral, que di o seguinte:

Antecedentes:

Dna. María Isabel Rodríguez Ferreiro presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 23 de xullo de 2004, no que expón que o día 21 de xullo de 2004, mentres camiñaba pola rúa Lóriga, altura do número 8, tivo unha caída por mor de atoparse unha baldosa sen afirmar, producíndose danos de carácter físico.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- Parte do servizo da Policía Local, con data 21/07/2004, no que os axentes actuantes manifestan que, persoados no lugar dos feitos, a Sra. Rodríguez relátalles que tropezara nunha louseta que se afunda cara a un dos laterais ó ser pisada; así mesmo, comprobán a existencia dunha louseta en mal estado e a sinalizan.*
- Informe do servizo de Vías e Obras, con data 10/02/2005, no que manifestan que a zona do accidente está en perfecto estado de conservación e que nela non se realizaron obras recentes.*
- Proba testifical á testemuña propostas pola reclamante, con data 15/04/2005, que confirma os extremos alegados pola Sra. Rodríguez.*
- Ditame estimatorio para valoración de danos corporais da asesoría médica do Concello, que cuantifica os mesmos en 1.318,12 euros.*
- Informe do servizo de Vías e Obras, con data 29/07/2005, no que manifestan que se realizou unha reparación na rúa Loriga o día 05/08/2004.*
- Evacuáase trámite de audiencia ó reclamante, que formula alegacións con data 23/08/2005.*

Fundamentos de dereito:

Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- a) *A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- b) *O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- c) *Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- d) *Que non sexa produto de forza maior.*

Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de pavimentación das vías públicas urbanas e conservación dos camiños e vías rurais (artigos 25.2.d e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local). Así, a Administración ten o deber ineludíbel de manter estes de modo tal que estea garantida en calquera momento a seguridade daqueles que as utilicen, o que implica o recoñecemento ó seu favor dun principio de confianza sobre ás condicións obxectivamente aptas do vial. Como consecuencia deste deber, a Administración resulta obrigada a reparar as consecuencias danosas dos eventos fortuitos que signifiquen unha creba das condicións de seguridade que está obrigada a garantir.

A eventual responsabilidade da Administración viría determinada polo principio de confianza dos peóns nas condicións de seguridade das vías, rúas e beirarrúas polas que transitan, de modo que a constatación dun inaxeitado estado de conservación destas, cando se traduza na existencia de obstáculos non apreciábeis polos viandantes, dará lugar á existencia da relación de causalidade entre o dano sufrido polo peón e o deficiente funcionamento do servizo público.

No presente suposto, conséntase no expediente o deficiente estado da beirarrúa. Tal circunstancia entraña un risco especial para os viandantes, xa que se trata dun defecto oculto, que non é visíbel en circunstancias normais de circulación e tránsito, aínda empregando a dilixencia esixíbel como concreción da regra do control da propia deambulación. Dato que se desprende do parte da Policía Local e da declaración da testemuña, que manifestan que o feito causante da caída foi a existencia na beirarrúa de varias lousetas soltas, que aparentemente están en bo estado, e que ó pisalas móvense do seu sitio. Dado que as lousetas en mal estado foron a causa eficiente dos danos sufridos pola Sra. Rodríguez, estos poden vincularse ó funcionamento do servizo público e esta Administración deberá responder dos mesmos.

En trámite de audiencia, a Sra. Rodríguez manifesta a súa disconformidade coa valoración médica efectuada pola asesoría médica do Concello, en base a que o doutor que a suscribe en ningún momento efectuoulle un recoñecemento médico nin seguiu a evolución das súas lesións, e que reflicte un período de sanidade que choca coa realidade, dado que continúa de baixa pendente da realización dunha resonancia pautada polo seu traumatólogo. No entanto, a caída aconteceu en xullo de 2004, e dado que a única documentación médica achegada ó expediente era o parte de asistencia no servizo de urxencias do Centro Médico Povisa, en base a cal se realizou a valoración médica tendo en conta o período normal de sanidade para as lesións reflectidas nese parte, en data 26 de xullo de 2005, o instrutor dirixiuse á reclamante reclamándolle os partes de baixa e alta. En resposta, a Sra. Rodríguez achegou dos informes médicos: o primeiro dunha clínica privada de fisioterapia, Atlas, no que textualmente manifestase “la paciente Maribel Rodríguez Ferreiro acude a este centro el día 21 de julio del 2005 presentando una cervicalgia aguda con irradiación a miembro superior derecho... la paciente refiere haber tenido una caída en la calle hace aproximadamente un año... Ha seguido un tratamiento rehabilitador en otro centro...”, dado que acude a este centro un ano despois do accidente, o mesmo non pode ser tido en conta como proba das súas lesións; o segundo informe é dun médico de familia do SERGAS, de data 27 de xullo de 2005, no que se fai constar que “María Isabel Rodríguez Ferreiro... sufre caída casual en la calle por lo que es remitida al traumatólogo con diagnóstico de esguince cervical y sigue tratamiento por rehabilitación”, informe que refire a caída como actual, e polo tanto sen relación ó accidente do ano anterior obxecto desta reclamación, e o diagnóstico “sguince cervical” tamén é diferente ó referido no informe de POVISA do día do accidente, que era “contusións múltiples”, se ben recolle como motivo da asistencia que a paciente refire “dolor a nivel de hombro y rodilla derecha y erosión en rodilla derecha”. Á vista destes datos, e ante a falla de acreditación de un período de sanidade maior do estimado

como normal en este tipo de lesións, a informante conclúe que para a valoración das lesións hai que estar ó ditame da asesoría do Concello, que cuantifica a indemnización en 1.318,12 euros.

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Estimar a reclamación de responsabilidade patrimonial de Dna. María Isabel Rodríguez Ferreiro e indemnizála coa cantidade de 1.318,12 euros”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida o precedente informe.

18(1764).-RECLAMACIÓN DE PELAYO MUTUA DE SEGUROS DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS.EXPTE. 15680/240. ESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral de Patrimonio e Contratación, do 02.12.05, coformado pola xefa da área de Réxime Interior e polo interventor xeral, que di o seguinte:

Antecedentes:

Pelayo Mutua de Seguros presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, en nome e representación do seu asegurado, D. Gregorio Martínez Fernández, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 20 de xaneiro de 2003, no que expón que o día 23 de xaneiro de 2002 o vehículo de propiedade do Sr. Martínez e asegurado pola devandita compañía, con matrícula PO-6299-BF, mentres estaba estacionado na rúa Aragón, á altura do número 81, foi atinxido por un colector, causándose danos materiais valorados en 235,78 euros.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- *Parte do servizo da Policía Local, con data 23/01/2002, no que os axentes actuantes manifestan que, persoados no lugar dos feitos, unha testemuña presencial declara ter visto como o colector impactara contra o vehículo do Sr. Martínez.*
- *Informe do Parque Móbil, de 06/10/2003, comunicando que os prezos contidos na factura nº 008/2002 de Talleres Jacinto Rivera, S.L., presentado pola compañía reclamante, por un importe de 235,78 euros IVE incluído, son correctos e proporcionais á descrición dos danos.*
- *Informe do servizo de Limpeza, con data 20/08/2004.*
- *Práctica de proba testifical, con data 02/11/2004, á testemuña proposta polo reclamante, que manifesta que viu como o colector baleiro e que non estaba freado era desprazado polo vento , golpeando o vehículo do Sr. Martínez.*
- *Evacuase trámite de audiencia ó reclamante con data 09/12/2004, que non formula alegacións.*

Fundamentos de dereito:

Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.
- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.
- d) Que non sexa produto de forza maior.

Constatado polos documentos obrantes no expediente a realidade do dano e maila súa cuantificación económica, procede examinar a existencia de relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionado a ser indemnizado pola administración.

Entre os servizos públicos que o ordenamento xurídico encomenda á Administración local figura o de recollida de lixo (artigos 25.2.1 e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local) para a prestación do cal é necesaria a utilización de determinados medios materiais, como recolectores situados na vía pública para o depósito de residuos sólidos. Ó Concello, como titular destes bens, correspóndelle o deber de vixilancia e mantemento dos mesmos, para que non poñan en risco a seguridade dos vehículos e persoas que utilizan a vía pública na que están situados, e este deber obriga a Administración a reparar as consecuencias danosas dos eventos fortuitos que alteren as condicións de seguridade que está obrigada a garantir.

No presente suposto queda acreditado no expediente que a causa eficiente dos danos ó vehículo do Sr. Martínez foi o golpe atinxido por un colector de residuos sólidos que se desprazara por mor do vento reinante ese día, apreciándose un claro nexo de causalidade entre os danos e o funcionamento do servizo público local, polo que esta Administración deberá responder dos mesmos.

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Estimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por Pelayo Mutua de Seguros, en nome e representación do seu asegurado, D. Gregorio Martínez Fernández, e indemnizálo coa cantidade de 235,78 euros, correspondente ó valor da reparación do vehículo de súa propiedade”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida o precedente informe.

19(1765).-RECLAMACIÓN DE D^a MARGARITA MORENO PAZ DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 16373/240. DESESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral de Patrimonio e Contratación, do 05.12.05, coformado pola xefa da área de Réxime Interior, que di o seguinte:

Antecedentes:

Dna. Margarita Moreno Paz presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 05 de xuño de 2003, polos danos e perdas sufridos por mor dunha caída acaecida o día 28 de maio de 2003, na rúa Velázquez Moreno, á altura de Roberto Joyeros, ó tropezar cun pivote de pedra que marca a delimitación de calzada e beirarrúa.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- Parte do servizo da Policía Local, con data 28/05/2003, no que os axentes actuantes manifestan que, persoados no lugar dos feitos, atoparon á Sra. Moreno caída no chan; esta relátalles que tropezara contra unha pedra que está posta como adorno no lugar; posteriormente a Sra. Moreno é trasladada ó hospital.*
- Informe do servizo de Vías e Obras, con data 31/10/2003, que manifestan que a pedra onde tropezou a Sra. Moreno forma parte do entorno decorativo, sendo visíbel, previsíbel e evitábel, no caso de que se garde a dilixencia debida ó transitar.*
- Práctica de proba testifical, con data 05/10/2004, ás testemuñas propostas pola reclamante.*
- Ditame estimatorio para valoración de danos corporais da asesoría médica do Concello, que cuantifica os mesmos en 3.757,88 euros.*
- Evacuase trámite de audiencia á compañía reclamante, que formula alegacións con data 03/02/2005.*

Fundamentos de dereito:

Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliable economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- d) Que non sexa produto de forza maior.*

Constatada polos documentos obrantes no expediente a realidade do dano e maila súa cuantificación económica, procede examinar a existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionado a ser indemnizado pola Administración.

Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de pavimentación das vías públicas urbanas e conservación dos camiños e vías rurais (artigos 25.2.d e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local). Así, a Administración ten o deber ineludíbel de manter estes de modo tal que este garantida en calquera momento a seguridade daqueles que as utilicen, o que implica o recoñecemento ó seu favor dun principio de confianza sobre ás condicións obxectivamente aptas do vial. Como consecuencia deste deber, a Administración resulta obrigada a reparar as consecuencias danosas dos eventos fortuitos que signifiquen unha creba das condicións de seguridade que está obrigada a garantir.

A eventual responsabilidade da Administración viría determinada polo principio de confianza dos peóns nas condicións de seguridade das vías, rúas e beirarrúas polas que transitan, de modo que a constatación dun

inaxeitado estado de conservación destas, cando se traduza na existencia de obstáculos non apreciabeis polos viandantes, dará lugar á existencia da relación de causalidade entre o dano sufrido polo peón e o deficiente funcionamento do servizo público.

No presente suposto, a causa da caída da Sra. Moreno non foi o deficiente estado de conservación da vía, senón un tropezón cun elemento estrutural da mesma que serve para delimitar a zona de rodadura dos vehículos da zona de circulación dos peóns, e que non entraña un risco especial para os viandantes, xa que consonte ó informe do Servizo de Vías e Obras era perfectamente visíbel en circunstancias normais de tránsito, e así o corroboran as testemuñas presenciais. É regra xeral esixir ós viandantes o autocontrol da súa propia deambulación, regra esta que exclúe toda responsabilidade da Administración cando é crebada. Se ademáis temos en conta as seguintes circunstancias: que a reclamante é unha persoa de mediana idade e, á vista dos datos obrantes no expediente, carente de defectos físicos que lle impedisen detectar a existencia do mencionado obstáculo; que, consonte manifesta unha das testemuñas, compañeiro de traballo da Sra. Moreno, traballan na zona onde ocorreu a caída, polo que coñecen a existencia destes pivotes de delimitación da vía; e que era de día e había boa visibilidade, podemos concluir que o pivote debeu ser advertido pola reclamante, que co seu negligente control da propia deambulación interferiu no nexo causal, impedindo vincular ós danos padecidos o funcionamento, normal ou anormal, de ningún servizo público municipal.

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar a reclamación de Dª Margarita Moreno Paz, por non corresponder o Excmo. Concello de Vigo a responsabilidade patrimonial dos danos ó non existir relación de causalidade entre o accidente e o funcionamento do servizo público municipal ”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida o precedente informe.

20(1766).-RECURSO DE REPOSICIÓN CONTRA ACORDO DA X.GOBERNO LOCAL DE 13.09.04 SOBRE RESOLUCIÓN CONTRACTUAL CON SOLOPLAN S.L. DESESTIMADO.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral de Patrimonio e Contratación, do 09.12.05, coformado pola xefa da área de Réxime Interior, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN:

- *Lei 30/92, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do procedemento administrativo común (LRJAP).*
- *Texto Refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2000, de 16 de xuño (LCAP).*

ANTECEDENTES :

Primeiro.- A Comisión Municipal de Goberno do Excmo. Concello de Vigo, en sesión ordinaria de 21-12-2001, acordou adxudicar o contato de asistencia técnica para a comprobación, revisión e actualización do Inventario Municipal de bens e dereitos e formación do inventario separado do patrimonio municipal do solo á empresa SOLOPLAN S.L.

Segundo.- A Comisión de Seguimento da execución do contrato, constituída o 31.05.02, na súa reunión de 16.09.03, verificado o incumprimento do contrato por parte da empresa contratista SOLOPLAN S.L., propuxo á Comisión Municipal de Goberno a incoación dun expediente administrativo de resolución do contato de asistencia técnica para a comprobación, revisión e actualización do Inventario Municipal de bens e dereitos e formación do inventario separado do patrimonio municipal do solo. Trala instrucción do correspondente expediente, a Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do día 13 de setembro de 2004, acordou a resolución do devandito contrato.

Terceiro.- D. Ricardo Rodríguez Moreno, na súa calidade de administrador único da sociedade SOLOPLAN, en nome e representación da mesma, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 15.11.04, interpón recurso de reposición contra o acordo da Xunta de Goberno Local, de 13.09.04, de resolución contractual.

FUNDAMENTOS XURIDICOS:

-I-

O Sr. Rodríguez solicita a declaración de nulidade da resolución recorrida por mor da existencia no procedemento de diversas infraccións de carácter formal e sustantivo: transcurso do prazo máximo para resolver e notificar, coa conseguinte perención do procedemento; inadecuado acceso ó expediente administrativo, con indefensión; denegación improcedente de probas propostas, con indefensión; vulneración das regras xerais sobre a carga da proba; remisión incompleta e defectuosa do expediente ó Consello Consultivo a fin de evacuar informe preceptivo e falta de notificación a esa parte da proposta de resolución remitida ó Consello Consultivo.

Respecto ó incumprimento do prazo, se temos en conta que consonte o artigo 42. 5 da LRJAP o prazo máximo legal para resolver un procedemento e notificar a resolución suspendese, entre outros, nos seguintes casos: cando se requira ós interesados a subsanación de deficiencias e a aportación de documentos e outros elementos de xuízo necesarios, polo tempo que medie entre a notificación do requerimento e o seu efectivo cumprimento polo destinatario; cando deban solicitarse informes que sexan preceptivos e determinantes do contido da resolución a órgano da mesma ou distinta Administración, polo tempo que medie entre a petición e a recepción do informe; e cando deban realizarse probas técnicas ou análises contradictorios ou dirimentes propostos polos interesados, durante o tempo necesario para a incorporación dos resultados ó expediente, podemos concluir que dadas as sucesivas suspensións que experimentou o mesmo a resolución finalizadora do mesmo prodúxose dentro de prazo, polo que non procede apreciar a caducidad consonte ó artigo 44 LRJAP, tal e como pretende o recorrente.

Respecto a alegación de inadecuado acceso ó expediente administrativo, con indefensión, manifestar que esta Administración respetou en todo momento os dereitos do recorrente recoñecidos no artigo 35 LRJAP. En concreto, o mesmo considera que o expediente non se atopa foliado e carece dun índice dos documentos contidos no mesmo ó que lle impide o coñecemento do expediente cunhas mínimas garantías formais. No entanto, se ben é certo que o expediente carece dun índice, está numerado e no mesmo constan todas as actuacións practicadas, polo que non procede estimar a indefensión alegada simplemente pola falta de índice, xa que ó longo da tramitación do expediente han estado perfectamente identificadas as autoridades e persoal responsables da instrución, o recorrente ha tenido acceso en todo momento ó expediente e coñecemento do estado da tramitación do mesmo, tivo diversas oportunidades para formular alegacións e aportar documentación, alegacións tidas en conta polo instructor e debidamente respostadas nos momentos procesuais oportunos, e foi tratado con respecto e deferencia polos funcionarios e autoridades responsables de facilitarlle o exercicio dos seus dereitos, como el mesmo recoñece no presente recurso cando afirma “la exquisita diligencia y amabilidad mostrada por el personal del Departamento de Patrimonio”.

Alega tamén o Sr. Rodríguez a súa indefensión pola denegación improcedente de probas propostas. A resolución do Concelleiro-Delegado de Patrimonio de data 19.01.04 sobre a admisión das probas propostas xustifica convenientemente as probas rexeitadas por improcedentes, en cumprimento do disposto no artigo 80.3 LRJAP segundo o cal o instructor do procedemento sólo poderá rechazar as probas propostas polos interesados cando sexan manifestamente improcedentes ou innecesarias, mediante resolución motivada.

Por último, respecto a alegación de remisión incompleta e defectuosa do expediente ó Consello Consultivo, foi involuntaria e trala devolución do expediente acordada polo mesmo, achegouse ó mesmo a documentación que faltaba e remitiuse para novo dictame.

En calquera caso, as presuntas irregularidades na tramitación alegadas polo recorrente representarían, no seu caso, simples defectos de forma e consonte o artigo 63.2 LRJAP os defectos de forma sólo determinarán a anulabilidade cando o acto careza dos requisitos formais indispensables para alcanzar o seu fin ou dé lugar á indefensión dos interesados, non sendo este o caso, como xa se expuso nos parágrafos que anteceden, tendo o recorrente numerosas ocasións perante a tramitación do expediente para efectuar as alegacións que tivo por convinte na defensa do seu dereito .

O Sr. Rodríguez solicita, así mesmo, a nulidade pola falta de proba tanto sobre o incumprimento contractual por parte de SOLOPLAN, como de que dito incumprimento, de existir, sexa imputábel á culpa ou negligencia pola súa parte. No réxime da invalidez dos actos administrativos a anulabilidade é a regra xeral, cobrando a nulidade absoluta carácter excepcional, sendo aplicable só nos supostos especificamente previstos pola ley, concretamente no artigo 62 da LRJAP, e a causa de nulidade alegada non está entre as mencionadas neste artigo. Afondando máis na cuestión, tras un exame das causas de nulidade do artigo 62.1, hemos de concluir que ningunha delas concurre no caso examinamos, polo que non procede declarar a nulidade da resolución da Xunta de Goberno Local recorrida.

Por outra banda, o recorrente califica a resolución do contrato de asistencia técnica para a comprobación, revisión e actualización do Inventario Municipal de bens e dereitos e formación do inventario separado do patrimonio municipal do solo, acordada pola Xunta de Goberno Local na resolución recorrida no presente recurso, como de resolución unilateral. Ampárase para efectuar esta afirmación no feito da inexistencia de incumprimento contractual pola súa parte. Nembargantes, quedou plenamente acreditada perante a instrución do expediente de resolución contractual o incumprimento de SOLOPLAN das súas obrigas contractuales ó non ter executado os traballos concertados no prazo fixado no contrato para a súa realización e entrega a esta Administración e o artigo 111 LCAP inclúe entre as causas de resolución contractual, na súa letra e “a demora no cumprimento dos prazos por parte do contratista”.

Subsidiariamente, no caso de que a Administración non estimara procedente a calificación da resolución acordada como unilateral, extremo obxecto do parágrafo anterior e improcedente, o recorrente propón que, previa a declaración de nulidade da resolución impugnada e atendidas as circunstancias concorrentes, especialmente a formación dun novo Inventario Municipal e a perda da confianza que debe presidir as relacións contractuais, se acorde a resolución unilateral do contrato ó amparo do artigo 11.c LCAP. Máis, o artigo 112.4 LCAP exíse como requisito imprescindible para poder decretar a resolución por mutuo acordo que non concurra outra causa de resolución imputábel ó contratista, como no presente caso.

Solicita o recorrente, ó amparo do artigo 111 da LRJAP, a suspensión provisional da eficacia da resolución recorrida e que tal suspensión cautelar se manteña no caso de que se proceda a impugnación xurisdiccional da mesma, en consideración as causas de nulidade citadas no fundamento IV do recurso.

Por aplicación do artigo 111.3 da LRJAP, que establece que “a execución do acto impugnado entenderáse suspendida si transcorridos treinta días dende que a solicitude de suspensión tivo entrada no rexistro do órgano competente para decidir sobre a mesma, éste non dictou resolución expresa ó respecto”, a eficacia da resolución recorrida atópase suspendida. No entanto, examinando os requisitos exisidos polo artigo 111.2 LPRJAP para decretar a suspensión da resolución recorrida:

- Que a execución poidera causar perxuízos de imposíbel ou difícil reparación.
- Que a impugnación se fundamente nalgunha das causas de nulidade de pleno dereito previstas no artigo 62.1 desta Lei.

estímase que ningún dos mesmos concurre no presente suposto. A falta de concorrencia de causa de nulidade examinouse no fundamento de dereito anterior, e a informante estima que a execución non causa perxuízos de imposíbel ou difícil reparación ó recorrente, tal e como este manifesta, posto que, no eventual caso de que o mesmo acuda a vía xurisdiccional contencioso-administrativa, e de que nesta vía apreciárase a improcedencia da resolución por incumprimento decretada por esta Administración, para resarcir o recorrente dos presuntos perxuízos causados procedería unha indemnización económica. Á vista destes datos, procedería levantar a suspensión vixente ata o momento, producida por silencio administrativo.

-III-

Consonte o artigo 116 da Lei 30/92, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común “os actos administrativos que poñan fin á vía administrativa poderán ser recorridos potestativamente en reposición ante ó mesmo órgano que os dictou”, polo que resulta competente para resolver o presente recurso a Xunta de Goberno Local.

En virtude de todo o exposto, propónse á Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“1º.- Desestimar o recurso de reposición interposto por D. Ricardo Rodríguez Moreno, na súa calidade de administrador único da sociedade SOLOPLAN, en nome e representación desta entidade, en data 15 de novembro de 2004, contra o acordo da Xunta de Goberno Local de data 13 de setembro de 2004, mantendo firme a resolución impugnada, por non resultar coas alegacións efectuadas no escrito do recurso os fundamentos legais que a motivaron.

2º.- Levantar a suspensión da resolución recorrida”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

21(1767).-PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE REDONDELA E O CONCELLO DE VIGO PARA A APERTURA DUN ROTEIRO POLA TRAZA DA TRAÍDA DAS AUGAS. EXPTE. 17228/240.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 12.12.05 e de acordo co informe-proposta xefe de Patrimonio, do 02.12.05, coformado pola xefa da área de Réxime Interior e polo concelleiro de Patrimonio, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Prestar aprobación ao texto do Convenio a asinar entre o Concello de Vigo e o Concello de Redondela, coa finalidade da apertura dun Roteiro nos terreos correspondentes a traza do Canal de Eiras, no tramo que discorre polo termo municipal de Redondela, de acordo co texto que se transcribe de seguido.

2º.- Autorizar á Excma. Sra. Alcaldesa á sinatura do convenio aprobado, e de todos aqueles documentos que sexan precisos para a súa execución.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE REDONDELA E O CONCELLO DE VIGO PARA A APERTURA DUN ROTEIRO POLA TRAZA DA TRAÍDA DE AUGAS.

En Vigo, a de 2005

REUNIDOS

Dunha parte, a Sra. Dna. Corina Porro Martínez, Excma. Alcaldesa do Concello de Vigo.

Doutra, o Sr. D. , Ilmo. Alcalde do Concello de Redondela.

Comparecen ambas partes en nome e representación das súas respectivas Entidades, recoñecéndose mutuamente a capacidade xurídica suficiente para a sinatura deste Convenio de Colaboración, e a tal efecto

EXPOÑEN

PRIMEIRO.- Que o Concello de Vigo é titular dos terreos demaniais polos que discorre a traza da traída de auga (Canal de Eiras) no tramo que atravesa o termo municipal de Redondela, afecto ó servizo público de abastecemento e saneamento de auga á cidade de Vigo, que en réxime concesional presta e xestiona a U.T.E. AQUALIA SA - FCC SA.

SEGUNDO.- Dito tramo constitúe un excepcional miradoiro sobre a Ría de Vigo, en particular da Enseada de San Simón, de gran valor paisaxístico pola riqueza da flora existente na zona, e forma un auténtico corredor verde que o fai idóneo para o seu destino como sendeiro e espazo de encontro coa natureza, para o disfrute de todos os veciños, que amplía e potencia a oferta turística da área metropolitana ó tempo que vai permitir unha recuperación medioambiental do contorno.

TERCEIRO.- O presente convenio celebrense no marco dos principios de colaboración e cooperación entre Administracións Públicas na consecución dun fin común de interes xeral sen que supoña delegación ou transferencia das competencias propias de cada unha das entidades asinantes.

CUARTO.- Que resultando polo tanto de interese para ambas as dúas Administracións intervenintes o establecemento de dito roteiro con carácter supramunicipal, e ó obxecto de dispoñer os medios e condicións necesarias para acadar o fin perseguido, acordan a subscripción do presente convenio en base ás seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- O Concello de Vigo comprométese á apertura ó uso público dos terreos correspondentes á traza da traída de augas (Canal de Eiras), no tramo que discorre polo termo municipal de Redondela, e a súa posta á disposición con destino á execución do proxecto para o establecemento dun Roteiro entre ambos os termos municipais, en beneficio dos veciños en xeral.

SEGUNDA.- A afectación en uso dos terreos efectúase exclusivamente para adicalo a Roteiro, e faise en concorrencia coa de servizo público de abastecemento de auga a que veñen adscritos, prevalecendo esta última afectación (servizo público) sobre a de uso público.

En atención á súa afectación ó servizo público, establécense as seguintes condicións e limitacións ó uso dos terreos:

- Permítese unicamente o uso peonil e de bicicletas.*
- Prohíbese o tránsito de vehículos e maquinaria pesada por todo o percorrido do Roteiro, a excepción dos servizos de emerxencia e mantemento.*
- Os servizos técnicos do Concello de Vigo e da empresa concesionaria do servizo de abastecemento de auga, disporán de libre acceso a todas as instalacións e obras que se efectúen nos terreos, podendo levar a cabo todas aquelas actuacións que se requiran para a correcta prestación do servizo público, gozando de prioridade a calquera outra.*
- En todos os procedementos administrativos para a aprobación dos proxectos de obras ou instalacións no trazado do Roteiro, deberá darse trámite de audiencia á concesionaria do servizo municipal de augas.*
- Non se permite o emprego de ningún tratamento de estabilización do firme, autorizándose unicamente materiais naturais soltos.*
- O Concello de Vigo, dada a importancia e transcendencia que ten para os cidadáns un servizo como o do abastecemento de auga, poderá por motivos de interés público e sen previo aviso, suspender temporalmente o uso do Roteiro, en determinados tramos ou na súa totalidade, informando ó Concello de Redondela das causas que o motiva, medidas a adoptar e prazo estimado da suspensión.*

TERCEIRA.- A duración do presente Convenio estipúlase por un prazo de vintecinco anos (25), entendéndose prorrogado tacitamente por períodos de 5 anos, ata un máximo de 5 prórrogas, salvo denuncia expresa por calquera das partes, cunha antelación de tres meses á data de vencemento do prazo inicial ou de calquera das prórrogas.

CUARTA.- O Concello de Redondela comprométese a que a execución dos traballos, obras e instalacións que se requiran para o acondicionamento e adaptación dos terreos ós fins ós que se destinan, se fagan de acordo co proxecto do Roteiro que presente e resulte aprobado previamente polas Administracións intervinientes, sendo do seu cargo as tarefas de mantemento, conservación, reposición e vixilancia.

Todos os gastos que se orixinen no cumprimento e execución do presente convenio, serán da conta exclusiva do Concello de Redondela, a quen así mesmo corresponderalle a responsabilidade dos danos e perdas que se poidan ocasionar a terceiros ou ás instalacións do servizo de abastecemento de auga, pola utilización do Roteiro.

QUINTA.- Co obxecto do seguimento e control do presente proxecto de Roteiro, establécese a constitución dun Organismo Reitor, integrado por representantes das dúas Administracións, en composición paritaria a fixar de mutuo acordo, encargada da vixilancia, interpretación, e resolución das dificultades que xordan na execución e desenvolvemento do Roteiro.

SEXTA.- O Concello de Vigo, a través da súa Concellaría de Turismo, participará na publicidade e fomento do Roteiro, incluíndoo na oferta turística e folletos promocionais que edite.

SÉTIMA.- Constitúen causas de extinción do Convenio:

- a) O vencemento do prazo estipulado ou de calquera das súas prórrogas.*
- b) O mutuo acordo entre as Administracións asinantes.*
- c) O acordo da elevación a definitiva polo Concello de Vigo, da suspensión provisional no uso do Roteiro prevista na cláusula segunda, previa audiencia ó Concello de Redondela.*
- d) Polo incumprimento total ou parcial dalgunha das cláusulas que o regulan.*
- e) Polo transcurso dun ano sen iniciarse os trámites administrativos para o desenvolvemento e execución do Roteiro ou, o de cinco anos sin que se acadará a súa apertura o público.*

OITAVA.- Finalizado o Convenio, todas as obras e instalacións existentes que se acometesen con obxecto do Roteiro, quedarán de propiedade do Concello de Vigo, sen dereito a contraprestación ningunha.

NOVENA.- O presente convenio non supoñe, en ningún caso, cesión de dereitos dominicais nin das competencias, facultades ou prerrogativas que correspondan ó Concello de Vigo como propietario dos terreos afectos.

DECIMA.- O presente convenio, previa aprobación polos órganos competentes das Administracións asinantes, entrará en vigor e producirá efectos dende o día seguinte ó da sinatura.

DECIMA.- O presente convenio ten natureza administrativa e no non previsto nel rexirase polas disposicións normativas reguladoras das Entidades Locais e demais Administracións Públicas.

E en proba de conformidade co pactado, as partes intervinientes asinan o presente convenio por triplicado no lugar e data indicados ó comenzo.

22(1768).-ADXUDICACIÓN DAS OBRAS DE RETOPING DA PISTA DE ATLETISMO DE BALAÍDOS. EXPTE. 5363/333.

Examinadas as actuacións do expediente e de conformidade coa proposta da Mesa de Contratación realizada o 5.12.05, conformada polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

Adxudicar a Green Floor, S.L. execución das obras de retopping da pista de atletismo de Balaídos por un importe de 170.818,06 euros. Todo iso de acordo co proxecto e prego de condicións aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local de 17.08.2005 e a oferta presentada.

23(1769).-ADXUDICACIÓN DO CONCURSO PARA A EXECUCIÓN DAS OBRAS DE ACONDICIONAMENTO DO CHALET ATALAIA PARA CENTRO DE DÍA. EXPTE. 12758/301.

Examinadas as actuacións do expediente e de conformidade coa proposta da Mesa de Contratación realizada o 5.12.05, conformada polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

Adxudicar a Agrupconsa, S.L. execución das obras de acondicionamento do chalet Atalaia para centro de Día por un importe de 351.806,44 euros. Todo iso de acordo co proxecto e prego de condicións aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local de 12.09.2005 e a oferta presentada.

24(1770).-CONCESIÓN ADMINISTRATIVA A UNIÓN FENOSA DISTRITUCIÓNS S.A. PARA A OCUPACIÓN DE DOMINIO PÚBLICO COA INSTALACIÓN DE SUBESTACIÓN ELÉCTRICA NO MONTE DO CASTRO. EXPTE. 17205/240.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe da Unidade de Patrimonio, do 21.12.05, conformado polo concelleiro delegado de Patrimonio e pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

PRIMEIRO.- A xunta de Goberno Local en sesión de 5 de setembro de 2005, acordou aprobar inicialmente o proxecto de obras ordinarias da subestación transformadora 132/20 KV presentado por Unión Fenosa Distribuciones S.A., e o prego de condicións administrativas que rexerán a concesión administrativa para a ocupación de dominio público coa instalación da subestación eléctrica no Monte do Castro.

SEGUNDO.- No periodo de información pública, ó que se someteu o proxecto de obras e prego de condicións administrativas aprobados, polo prazo e procedemento regulamentario, formuláronse alegacións por Union Fenosa Distribuciones S.A., segundo resulta da certificación do titular do Órgano de Apoio á Xunta de Goberno Local de data 23.11.2005, nas que manifestan o seguinte:

- *Existencia dun erro na tensión da subestación proxectada co que consta no Prego de Condicións Administrativas, sendo de 15 kV e non de 20 kV.*
- *Solicitud de ampliación a 18 meses, do prazo de execución previsto na Cláusula II.2 do prego de Condicións, dada a complexidade das obras a executar.*
- *Improcedencia da esixencia do canon previsto na cláusula VII, ó consideralo unha duplicidade impositiva ou xa satisfacer o Concello unha taxa pola utilización privativa ou aproveitamento especial da vía pública, na súa condición de empresa subministradora, con cargo o 1.5 por 100 dos seus ingresos brutos prevista no art. 24.1.c do TR da Lei Reguladora das Facendas Locais.*

TERCEIRO.- Remitidas as alegacións ós servizos municipais correspondentes, foron emitidos os seguintes informes:

- *Polo Enxeñeiro Industrial do Servizo de Electro-Mecánicos, informouse en data 23.11.2005, sinalando, respecto a tensión alegada, que entende trátase dun erro recollido no Proxecto básico, xa que a tensión de distribución de enerxía na cidade de Vigo é de 15 kV e non de 20 kV.*
- *O Arquitecto de patrimonio, en data 01.12.2005, sinala que "... considerándose que las instalaciones internas de la construcción puedan rematarse una vez repuesto el pavimento y la urbanización exterior (previa previsión de acopios) se considera que dicha restitución no debería alargarse más de 12 meses pudiendo ser el plazo de entrada de la subestación en servicio el de 18 meses previstos por la empresa UNIÓN FENOSA...".*
- *Finalmente o Xefe do Servizo de Inversións informa favorablemente, o 28.11.2005, a alegación referente o canon concesional, estimando procedente deixar sen efecto a cláusula VII do Prego de Condicións.*

CUARTA.- Resulta competente para a aprobación do proxecto de obras e prego de condicións administrativas que sirvan de base e rexerán a concesión, a Xunta de Goberno Local de conformidade co disposto no artigo 127.1f da Lei 7/1985 Reguladora das Bases de Réxime Local, así como para a súa adxudicación.

Por todo o anteriormente exposto, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:..."

Conclúe o informe formulando a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

Acordo

A Xunta de Goberno local, de conformidade co precedente informe-proposta, acorda:

1º.- Estimar as alegacións presentadas por Union Fenosa Distribucións SA ó Prego de condicións que rexerán a concesión administrativa para a ocupación do dominio público coa instalación dunha subestación eléctrica no Monte do Castro.

2º.- Aprobar definitivamente o proxecto de obras ordinarias da subestación transformadora 132/15 KV de Unión Fenosa Distribuciones S.A., e o prego de condicións administrativas que rexerán a concesión administrativa para a ocupación do dominio público coa instalación da subestación eléctrica no Monte do Castro dacordo co texto que se transcribe ó final do presente.

3º.- Outorgar a Unión Fenosa Distribuciones S.A. a concesión administrativa para a ocupación do dominio público coa instalación dunha subestación eléctrica no Monte do Castro, consonte o Proxecto de Obras e Prego de Condicións administrativas aprobados.

PREGO DE CONDICIÓN S QUE REXERÁ A CONCESIÓN ADMINISTRATIVA PARA A INSTALACIÓN DUNHA SUBESTACIÓN ELÉCTRICA DE 132/15 KILOVOLTIOS NOS TERREOS MUNICIPAIS SITOS NO MONTE DO CASTRO.

CLÁUSULA I.- OBXECTO.

1. *O presente prego ten por obxecto o establecemento das condicións administraivas particulares da concesión administrativa para a instalación dunha subestación eléctrica de 132/15 Kilovoltios, nos terreos municipais*

sitos no Monte do Castro desta cidade de Vigo, reflectidos no plano de situación e deslinde de data abril 2005 elaborado polo servizo de Cartografía da Xerencia Municipal de Urbanismo.

2. De conformidade co disposto no art. 93.1 da Lei 33/2003 do Patrimonio das Administracións Públicas, a concesión administrativa outorgarase mediante adjudicación directa a favor de Unión Fenosa Distribución, S.A.

CLÁUSULA II.- PROXECTO DE OBRAS E INSTALACIÓNS.

1. As obras e instalacións da subestación eléctrica realizaranse con arranxo ó proxecto de obras ordinarias presentado por Unión Fenosa Distribución, S.A. (expediente. 4565/401) e unha vez autorizado pola Xunta de Goberno Local.
2. O concesionario dará comenzo ás obras dentro do prazo e nas condicións que se especifiquen na referida licenza municipal de obras, debendo quedar totalmente executadas e en sevizio nun prazo de 18 meses.
3. As obras executaranse a risco e responsabilidade exclusiva do concesionario, quen deberá de comunicar por escrito e coa antelación suficiente á administración municipal a data do seu inicio e da identidade do técnico director competente das mesmas.
4. Rematadas as obras de construción e urbanización, o concesionario solicitará por escrito do Excmo. Concello de Vigo o recoñecemento das mesmas, que se practicará coa asistencia do enxeñeiro municipal encargado e do interesado e o seu técnico, levantándose a correspondente Acta, que será sometida a aprobación da Xunta de Goberno Local.

CLÁUSULA III.- NATUREZA DA CONCESIÓN.

A natureza da relación que vinculará ó concesionario co Concello será a propia da concesión administrativa de dominio público, conforme ó previsto no artigo 78 e seguintes do Real Decreto 1372/1986, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais.

A concesión, que non supón cesión de dominio público nin de facultades dominicais, comprenderá o uso privativo do subsolo do dominio público de titularidade municipal mediante a construción e instalación dunha subestación eléctrica de 132/15 Kilovoltios.

CLÁUSULA IV.- DURACIÓN DA CONCESIÓN.

1. A concesión outórgase por un prazo de cincuenta (50) anos, ampliábel até un prazo máximo de setenta e cinco (75) anos, a petición do interesado, cunha antelación de seis meses á expiración do primeiro prazo, sendo facultativo o seu outorgamento pola Corporación Municipal, de existir razóns que o xustificasen debidamente.
2. O cómputo do prazo iniciarase ó día seguinte á data no que se formalice en documento administrativo o outorgamento da concesión administrativa.

CLÁUSULA V.- GARANTÍAS.

A garantía definitiva será dun 3% do valor do dominio público ocupado e do presuposto de execución material das obras da subestación eléctrica, debendo constituírse por calquera dos medios legalmente establecidos, na Tesourería Xeral deste Excmo. Concello no prazo máximo de quince días a contar dende o seguinte á notificación do acordo da Xunta de Goberno Local da adxudicación da concesión administrativa.

CLÁUSULA VI.- CESIÓN DO DEREITO DA CONCESIÓN.

1.- Autorízase a cesión dos dereitos concesionais exclusivamente a terceiras entidades distribuidoras da enerxía eléctrica, e nas condicións previstas na normativa reguladora do Sector Eléctrico.

2.- A transmisión da concesión requirirá o cumprimento dos seguintes requisitos:

- a) Autorización expresa da Xunta de Goberno Local con carácter previo á cesión.*
- b) Informe favorábel da Administración competente no Sector da Enerxía Eléctrica.*
- c) Que o concesionario leve como mínimo unha quinta parte (1/5) do prazo da concesión.*
- d) Que o cesionario teña capacidade para contratar coa administración de conformidade co previsto na normativa vixente e reúna as condicións e requisitos e preste as garantías esixidas ó cedente.*
- e) Que a cesión se formalice en escritura pública, debendo conter obrigatoriamente unha cláusula na que se estableza que os dereitos transmitidos extinguiranse, automaticamente, ó vencemento do prazo contractual inicial, revertendo as obras e instalacións ó Concello de Vigo, sen indemnización.*

3.- A transmisión da concesión será total, producíndose a subrogación do cesionario na totalidade dos dereitos e obrigas do cedente.

4.- A cesión dos dereitos da concesión obriga a que o cesionario constitúa fianza definitiva en substitución da depositada polo concesionario cedente.

CLÁUSULA VII.- CANON DA CONCESIÓN.

Non procede, resultando de aplicación o disposto no art. 24.1 letra c) do Real Decreto 2/2004, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

CLÁUSULA VIII.- PAGAMENTO DE GASTOS E TRIBUTOS.

O concesionario estará obrigado ó pagamento do importe dos anuncios preceptivos do sometemento a información pública do proxecto de obras e prego de condicións, dos gastos rexistrals, notariais e administrativos que se orixinen no outorgamento e inscrición da concesión, e de cantos outros gastos, gravames ou tributos de calquera clase se deriven, con motivo dos trámites preparatorios e formalizadores do contrato subseguinte.

CLÁUSULA IX- EXPOSICIÓN Ó PÚBLICO DO PREGO DE CONDICIÓNS.

Aprobado provisionalmente pola Xunta de Goberno Local o Proxecto de Obras e o Prego de condicións administrativas que rexerán a concesión administrativa de dominio público, expoñerase ó público durante trinta días hábiles, a efectos de reclamacións ou suxestións polas persoas interesadas, a partir da inserción do edicto no Boletín Oficial da Provincia, que se presentarán no Rexistro Xeral do Concello en idéntico prazo, ou por calquera dos procedementos previstos na Lei de Procedemento Administrativo Común.

CLÁUSULA X.- DEBERES E FACULTADES DO CONCESIONARIO.

- a) *O Concesionario destinará ós terreos de dominio público obxecto de concesión a construción e instalación dunha subestacion electrica 132/15 KV e a urbanización da superficie do dominio público ocupado, conforme ós proxectos aprobados e ó presente prego de condicións sen outras modificacións que as que autorice a Administración Municipal, e con exclusión de calquera outro uso ou destino.*
- b) *Asumir a financiación da totalidade das obras e instalacións, e no seu caso, das modificacións que se poidesen introducir no proxecto ou durante a vixencia da concesión.*
- c) *Manter en perfecto estado de conservación, limpeza e ornato, as instalacións e terreos afectos, coidando todo co máximo decoro e estética, efectuando as reparacións ordinarias e extraordinarias que fosen precisas ó efecto, cumprindo estritamente as disposicións de carácter xeral e instrucións que dicte a autoridade competente.*
- d) *Manter á súa custa a vixilancia permanente da substación eléctrica.*
- e) *Non allear nin gravar ningún tipo de bens afectos á concesión que houberen de revertir ó Concello agás coa autorización expresa do Concello.*

Unicamente autorizarase a constitución de hipoteca sobre os dereitos concesionais como garantía de préstamos contraídos polo concesionario para a financiación da realización, modificación ou ampliación da obra e instalacións fixas situadas no dominio público ocupado.

- f) *Satisfacer os tributos legalmente establecidos e aboar os gastos por mantemento das edificacións, materiais e instalacións.*
- g) *Exercer por si a concesión e non cedela ou traspasala a terceiros salvo nas condicións establecidas no presente prego e previa a autorización municipal.*
- h) *Cumprir as demais obrigas, ó seu cargo, previstas neste prego, que resulten de aplicación.*
- i) *Responder dos danos e perdas que se ocasionen a terceiras persoas polo concesionario ou polo seu persoal, con ocasión de obras ou traballos obxecto de construción de aparcadoiro e dos derivados do uso privativo do dominio público explotación, ou a propia administración municipal, conforme ó previsto na Lei 30/1992, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común e do Real Decreto 429/1993, de 26 de marzo, polo que se aproba o Regulamento dos Procedementos das Administracións Públicas en materia de Responsabilidade patrimonial.*
- j) *Inscribir no Rexistro da Propiedade a concesión.*
- k) *A obtención e mantemento en vigor das licenzas, permisos e autorizacións legalmente esixíbeis, e o pagamento dos impostos correspondentes.*
- l) *A cumprir as disposicións vixentes, ou que no sucesivo se dicten, que afecten ó domini público concedido e ás obras e actividades que no mesmo se desenvolvan.*
- m) *Colocar pola súa conta un cartel anunciador da execución das obras coas características que lle sinale o Concello e sinais indicativos de obra, perigo, precaución ou desviación e calquera outras que estableza o departamento municipal de Tráfico e Circulación.*

- n) *Concertar póliza de responsabilidade civil que asegure o inmóbel e instalacións da concesión cunha compañía aseguradora legalmente constituída, durante a vixencia da concesión e polo valor alomenos do importe estimado para o cálculo da garantía definitiva.*

CLÁUSULA XI.- FACULTADES DA ADMINISTRACIÓN MUNICIPAL CONCEDENTE.

- a) *Autorizar, previa petición do concesionario, a constitución de hipoteca sobre a concesión, conforme ó previsto na Lei Hipotecaria e o seu Regulamento, debendo estar cancelada ó menos cinco anos (5) antes do termo da concesión.*
- b) *Permitir a ocupación do dominio público e outorgar a protección adecuada que resulte indispensábel para a construción da subestación e utilización do dominio público obxecto da concesión.*
- c) *Inspeccionar as obras e instalacións da concesión con carácter permanente, permitindo o acceso ó persoal municipal para que o verifique.*

A Corporación Municipal, a través dos servizos dela dependentes, poderá inspeccionar en todo momento o estado de conservación das obras e terreos concedidos e sinalar as reparacións que deban realizarse, quedando obrigado o concesionario a executalas no prazo que se lle sinale. Se o concesionario non realizase as obras de reparación no prazo establecido, sancionárase pola comisión dunha falta leve coa imposición de multa en grao máximo, concedéndolle un novo prazo de execución. O incumprimento do novo prazo sinalado sancionárase como infracción grave coa imposición dunha multa en grado máximo. Se, non obstante a segunda sanción económica, o concesionario non executase as reparacións, procederáse a instruír expediente de caducidade da concesión.

- d) *O dereito a deixar sen efecto a concesión antes do seu vencemento, se o xustifican circunstancias de interese público, con indemnización ó seu titular polo prexuízo material que se le orixine, excepto cando o rescate estea baseado en motivos imputábeis ó concesionario, suposto no que non procederá o resarcimento de danos e indemnizacións de prexuízos de acordo co art. 80.10 do Regulamento de Bens das Corporacións Locais.*
- e) *Calquera outra facultade prevista neste prego ou en virtude de disposición legal ou regulamentaria.*

CLÁUSULA XII.- RÉXIME DISCIPLINARIO: INFRACCIÓNS, SANCIÓN E PROCEDEMENTO SANCIONADOR.

A).- INFRACCIÓNS:

Os incumprimentos contractuais polo concesionario darán lugar á imposición de sancións administrativas e a estes efectos terán a consideración de:

- a) Faltas leves:
- 1) *A mera desobediencia non reiterada a calquera orde da Administración que implique mera negligencia.*
 - 2) *As deficiencias na execución das obras que non supoñan incumprimento substancial.*
 - 3) *O retraso non superior a 15 días no inicio das obras ou no prazo máximo de execución.*
- b) Faltas graves:

- 1) *A reiteración de calquera das infraccións ou faltas consideradas como leves, sempre que sexan firmes en vía administrativa.*
- 2) *O incumprimento de calquera das obrigas do concesionario que revistan carácter esencial e non se cualifiquen de leves nin dean lugar á caducidade da concesión.*
- 3) *O incumprimento de obrigas que perturben a execución das obras, incluídas as ordes de modificación.*
- 4) *Desobediencia reiterada do concesionario ás disposicións ou resolucións municipais sobre conservación das obras ou instalacións.*
- 5) *O retraso, en máis de 15 días e non superior a 30, no inicio das obras ou no prazo máximo de execución.*
- 6) *Infracción comprobada no que respecta á limpeza, mantemento ou conservación das obras, instalacións e dominio público.*

B).- SANCIONES.-

1. As infraccións previstas no presente prego serán sancionadas, previa instrución do correspondente expediente, con multas de acordo coa seguinte escala:

- a) Pola comisión de infracción leve: multa de até 1.000 euros.*
- b) Pola comisión de infracción grave: multa de 1.001 até 3.000 euros.*

2. O importe das contías das sancións referidas na presente cláusula actualizaranse anualmente de xeito automático, na mesma variación que experimente o índice xeral de prezos ó consumo para o conxunto nacional total (IPC) no ano natural anterior.

3. A imposición de calquera das sancións previstas nos apartados anteriores será compatíbel coa esixencia ó infractor da reposición da situación alterada polo mesmo ó seu estado orixinario, así como coa indemnización polos danos e perdas causados, os cales serán determinados polo órgano sancionador, debendo fixarse na resolución correspondene a súa contía e o prazo que se determine para a súa satisfacción.

4. As sancións a aplicar fixaranse atendendo os seguintes criterios de gradación:

- a) O grado de culpabilidade do infractor.*
- b) A existencia de intencionalidade ou reiteración.*
- c) A relevancia dos prexuízos causados, atendendo ó seu valor económico ou á porción de dominio público que resulte afectada.*
- d) A reincidencia, por comisión no termo dun ano de máis dunha infracción das previstas nesta ordenanza, cando así fose declarado por resolución firme.*
- e) A reparación do dano voluntariamente antes de recaer a resolución que poña fin ó procedemento sancionador.*

C).- PROCEDEMENTO SANCIONADOR:

O incumprimento das normas establecidas no presente prego, orixinará a incoación do correspondente expediente sancionador que se tramitará consonte o procedemento previsto na Lei 30/1992 de 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común, e no regulamentado no RD 1398/1993, de 4 de agosto, Regulamento do Procedemento para o exercicio da Potestade Sancionadora.

I.- Órgano competente para imposición das sancións.-

- 1. As sancións por infraccións leves imporanse polo Alcalde.*
- 2. As sancións por infraccións graves imporanse pola Xunta de Goberno Local.*

II.-Prazo de prescripción das infraccións e sancións.-

- 1. As infraccións graves prescribirán ós dous anos e as leves ós seis meses.*
- 2. As sancións impostas por faltas graves prescribirán ós dous anos, e as impostas por faltas leves ó ano.*
- 3. O prazo de prescripción das infraccións comenará a contarse dende o día no que a infracción se cometeu. Interrumpirá a prescripción a iniciación, con coñecemento do interesado, do procedemento sancionador, reanudándose o prazo de prescripción se o expediente sancionador se paralizase máis dun mes por causa non imputábel ó presunto responsábel.*
- 4. O prazo de prescripción das sancións comenará a contarse dende o día o seguinte a aquel no que adquira firmeza a resolución pola que se impón a sanción. Interrumpirá a prescripción a iniciación, con coñecemento do interesado, do procedemento de execución, voltando a transcorrer o prazo se aquel está paralizado durante máis dun mes por causa non imputábel ó infractor.*

III.-Pagamento das sancións:

O importe das multas será aboado polo concesionario na Caixa do Concello, dentro do prazo de trinta días hábiles seguintes á notificación. Se transcorrese o prazo fixado sen que se aboase o importe da sanción, esixirase o pagamento por vía de apremio administrativo.

CLÁUSULA XIII.- CADUCIDADE DA CONCESIÓN.

Procederá á declaración de caducidade nos supostos especiais seguintes:

- a) Disolución ou quebra da sociedade concesionaria.*
- b) Incurrir en defectos graves na execución das obras que afecten á seguridade, a menos que sexan subsanadas coas debidas garantías técnicas.*
- c) O retraso en máis de 30 días, sen causa xustificada, no comezo das obras ou no prazo previsto para o seu remate.*
- d) Cesión, transferencia ou novación da titularidade da concesión sen seguir o procedemento establecido no presente prego.*

- e) *Allear ou gravar os bens o dereitos concesionais sen autorización previa da Administración Municipal.*
- f) *Destinar os terreos de dominio público concedidos, ou as obras neles executadas, a usos distintos dos expresados neste prego.*
- g) *O incumprimento reiterado as ordes ou instrucións dictadas pola Administración, referente a conservación e mantemento das obras, instalacións ou dominio público.*
- h) *A comisión de duas ou máis faltas graves cometidas no prazo dun ano, sempre que as sancións fosen firmes.*
- i) *A invasión do dominio público non outorgado na concesión ou o aumento de superficie ou volume construído respecto do proxecto que se aprobe.*
- j) *A destrución de todas ou da maior parte das obras autorizadas, sempre que se deba a caso fortuito ou forza maior. Neste caso, o concesionario poderá optar entre a extinción da concesión sen indemnización ningunha, ou a reconstrución das obras na forma e prazo que lle sinala a Corporación Municipal, sen que se altere o prazo concesional primeiramente sinalado. Se a destrución ocorre por dolo ou culpa do concesionario ou persoas que de el dependen, a opción anteriormente establecida corresponderá á Corporación Municipal, a que poderá, en todo caso, obrigar ó concesionario á reconstrución das obras, sen prexuízo das demais responsabilidades que lle foran esixíbeis.*
- k) *A falta de utilización, durante un periodo dun ano, das obras e instalacións da subestación eléctrica, a non ser que obedeza a xusta causa.*

Corresponde á Corporación Municipal en cada caso concreto, calificar as causas alegadas polo concesionario para xustificar o non uso da concesión. A este obxecto, o concesionario queda obrigado, antes de que transcorra o ano, a poñer en coñecemento do Excmo. Concello as circunstancias que motiven a falta de utilización das instalacións. Se a Corporación Municipal considera inadecuadas as causas alegadas polo concesionario, incoará expediente de caducidade da concesión.

CLÁUSULA XIV.- REVERSIÓN DAS OBRAS E INSTALACIÓNS.

1.- *Ó vencemento da concesión o concesionario deberá deixar os terreos a libre disposición do Concello de Vigo, en condicións de perfecto uso conforme o seu estado e ser primitivo, demolendo á súa custa as obras e instalacións da subestación, e conservando o espazo libre de uso público sobre a mesma.*

2.- *O Concello poderá optar pola reversión gratuita, libre de cargas e gravames, e sen dereito a indemnización ou contraprestación ningunha, das obras e instalacións da subestación eléctrica en perfecto estado de conservación e funcionamento do servizo, debendo comunicarllo ó concesionario cunha antelación de tres meses a data de extinción da concesión*

Da recepción pola Corporación Municipal dos bens revertidos, levantarase a correspondente acta en presenza do concesionario, se comparecese. Na acta reseñarase o estado de conservación dos bens revertidos, especificándose os deterioros que presenten. Se existisen deterioros, a acta servirá de base para instruír o correspondente expediente, no que se concretará o importe das reparacións necesarias, que se esixirá ó concesionario, utilizando, se fose necesario, o procedemento de apremio administrativo.

3.- Estabéllese como prazo máximo para o desaloxamento do dominio público a que se refire nos precedentes apartados, o de quince días hábiles desde a data de vencemento da concesión, ou dun mes se conleva a demolición da obra.

CLÁUSULA XV.- TRIBUNAIIS COMPETENTES.

A prerrogativa de interpretar o contrato e resolver as dúbidas que ofrezca o seu cumprimento corresponde ó Concello de Vigo, e á xurisdicción contencioso-administrativa a competencia para coñecer as cuestións litixiosas que xordan ou se deriven da aplicación destas condicións que conteña o contrato, ou en canto á interpretación, modificación ou resolución.

CLÁUSULA XVI.- RÉXIME XURÍDICO.

No non previsto no presente prego, estarase ó disposto na Lei de Bases de Réxime Local, Lei de Patrimonio das Administracións Públicas, Regulamento de Bens das Entidades Locais e demais disposicións de aplicación.

25(1771).-GRATIFICACIÓN POR SERVICIOS ESPECIAIS E EXTRAORDINARIOS DE GRAN GALA CON MOTIVO DA RECEPCIÓN Á ARMADA ESPAÑOLA DO PERSOAL DA POLICÍA LOCAL. EXPTE. 16157/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral do 21.12.05 e de acordo co informe-proposta da xefa da Área de Réxime Interior, do 16.12.05, conformado pola Excm. Alcaldesa, a Xunta de Goberno local acorda:

Recoñecer as obrigas que polo concepto de gratificación por servizos especiais prestados con motivo da “Recepción á Armada Española”, aboarase o persoal da Policía Local que figuran na relación que se achegan e que comeza por don Moisés Calvar Ríos e remata por dona Katia González García, por unha cantidade total de 436’88 € (CATROCENTOS TRINTA E SEIS EUROS CON OITENTA E OITO CÉNTIMOS).

26(1772).-COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE DO PERSOAL DO SERVICIO DE DESINFECCIÓN CORRESPONDENTE AO MES DE NOVEMBRO 2005. EXPTE. 16158/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral do 21.12.05 e de acordo co informe-proposta da xefa da Área de Réxime Interior, do 16.12.05, conformado pola Excm. Alcaldesa, a Xunta de Goberno local acorda:

Recoñecer as obrigas que en concepto de Complemento de produtividade aboarase o persoal adscrito o Servicio de Desinfección que figura na relación que se achega no expediente e que comeza por Don José Ramón Seijas Alvarez e rematan por Don Rogelio Rocha Alvarez, as cantidades que figuran para cada un deles, correspondentes ó mes de NOVEMBRO-2005 e que ascenden a un total 687’60 € (SEISCENTOS OITENTA E SETE EUROS CON SESENTA CÉNTIMOS), con cargo a partida presupostaria

27(1773).-COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE DO PERSOAL DE CEMITERIOS CORRESPONDENTE AO MES DE NOVEMBRO DE 2005. EXPTE. 16159/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral do 21.12.05 e de acordo co informe-proposta da xefa da Área de Réxime Interior, do 16.12.05, conformado pola Excma. Alcaldesa, a Xunta de Goberno local acorda:

Recoñecer as obrigas que en concepto de complemento de productividade de servizos prestados polo persoal do servizo Cemiterios, aboarase os traballadores que figuran na relación que se achega no expediente e que comeza por don Jesús Alfonso Sanmartín e remata por don Delmiro Vilanova Acuña, as cantidades que figuran para cada un deles, correspondentes ó mes de NOVEMBRO-2005, e que ascenden a un total de 1.172'50 € (MIL CENTO SETENTA E DOUS EUROS CON CINCOENTA CÉNTIMOS), con cargo a partida presupostaria 121.0.150.00.00-GRATIFICACIÓNS.

28(1774).-GRATIFICACIÓN POR SERVICIOS ESPECIAIS E EXTRAORDINARIOS POR EXCESO DE XORNADA ANUAL DO PERSOAL DO SERVICIO DE CEMITERIOS CORRESPONDENTE AO MES DE NOVEMBRO DE 2005. EXPTE. 16160/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral do 21.12.05 e de acordo co informe-proposta da xefa da Área de Réxime Interior, do 16.12.05, conformado pola Excma. Alcaldesa, a Xunta de Goberno local acorda:

Recoñecer as obrigas que polo concepto de gratificación por servizos especiais e extraordinarios en compensación ás horas en exceso realizadas durante o presente ano do persoal administrativo do Servizo Cemiterios, aboaranse ós traballadores que figuran na relación que se achega no expediente e que comeza por Don José Luis Hermida Rodríguez e remata por Don G. Manuel Rosende Rios, as cantidades que figuran para cada un deles correspondentes ó mes de NOVEMBRO-2005, e que ascenden a un total de 598'24 € (CINCOCENTOS NOVENTA E OITO EUROS CON VINTECATRO CÉNTIMOS), con cargo á partida presupostaria 121.10.151.00.00-Gratificacións.

29(1775)-DOMINGOS, FESTIVOS E NOCTURNIDADE DO PERSOAL MUNICIPAL CORRESPONDENTE AO MES DE NOVEMBRO DE 2005. EXPTE. 16164/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral do 21.12.05 e de acordo co informe-proposta da xefa da Área de Réxime Interior, do 16.12.05, conformado pola Excma. Alcaldesa, a Xunta de Goberno local acorda:

Asignar en concepto de gratificación por servizos extraordinarios de domingos, festivos e a xornada nocturna ao persoal que figura nas relacións achegadas e que comezan por don Jesús Alfonso Sanmartín do servizo de cemiterios e rematan por don Damaso Arias Rodríguez do Servizo de Electromecánicos, os importes que en cada caso se indican e que ascenden a un total de 31.987'79 €

(TRINTA E UN MIL NOVECIENTOS OITENTA E SETE EUROS CON SETENTA E NOVE CÉNTIMOS), con cargo a partida presupostaria 121.0.151.00.00-GRATIFICACIÓNS, correspondentes o mes de NOVIEMBRE de 2005.

Desglose por servizos:

SERVIZO	IMPORTE
CEMITERIOS	1.589'95
POLICÍA LOCAL	5.052'09
SERVIZO	IMPORTE
EXTINCIÓN DE INCENDIOS	19.983'33
MONTES, PARQUES E XARDÍNS	1.331'10
ALCALDÍA	266'48
LIMPEZA	287'64
CONSERXERÍA	151'87
PARQUE MÓBIL	1.511'64
XERENCIA DO PARQUE CENTRAL	830'28
DESINFECCIÓN	281'52
IMD (outubro)	81'09
MUSEO QUIÑONES DE LEÓN (outubro)	200'56
ELECTROMECHANICOS (outubro e novembro)	420'24
TOTAL	31.987'79

30(1776).-PRODUCTIVIDADE POR CONDUCCIÓN DE VEHÍCULO DE ANGEL POSADA OITABEN, 2º E 3º TRIMESTRE 2005. EXPTE. 11477/444.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral do 21.12.05 e de acordo co informe-proposta da xefa da Área de Réxime Interior, do 16.12.05, conformado pola Excma. Alcaldesa, a Xunta de Goberno local acorda:

Recoñecer as obrigas que en concepto de complemento de productividade polos servizos prestados por don Angel Posada Oitavén (nº persoal 14516) aboaráselle por conducir un vehículo lixeiro municipal, non sendo oficial conductor, por un importe total de 330'72 € (TRESCIENTOS TRINTA EUROS CON SETENTA E DOUS CÉNTIMOS), correspondentes ó 2º e 3º TRIMESTRE do ano 2005 e con cargo a partida presupostaria 121.0.150.00.00-GRATIFICACIÓNS.

31(1777).-COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE DO PERSOAL DO PARQUE MOBIL CORRESPONDENTE Ó MES DE NOVIEMBRE DE 2005. EXPTE. 16164/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral do 21.12.05 e de acordo co informe-proposta da xefa da Área de Réxime Interior, do 16.12.05, conformado pola Excma. Alcaldesa, a Xunta de Goberno local acorda:

Recoñecer as obrigas que en concepto de complemento de produtividade polos servicios prestados como palistas no Parque Móbil corresponde aboar ao persoal que figura na relación que se achega no expediente e que comenza por don Antonio Amoedo García e remata por don José Luis Villarroel Vila e que ascende a un total de 58'52 € (CINCOENTA E OITO EUROS CON CINCOENTA E DOUS CÉNTIMOS), correspondente o mes de NOVIEMBRE de 2005 con cargo á partida presupostaria 121.0.150.00.00.-Gratificacións.

32(1778).-SOLICITUDE DE REHABILITACIÓN FORMULADA POR D. JOSÉ MANUEL HIDALGO CUÑARRO. EXPTE. 15917/220.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da inductura do expediente para tramitar e resolver a petición de rehabilitación formulada por D. José Manuel Hidalgo Cuñarro, que di o seguinte:

Con data 26 de outubro de 2005 a Instructora do expte. 15917/220, formulou no expediente de referencia a seguinte proposta de resolución:

“ANTECEDENTES

1. *Con data 13 de xullo de 2005, por D. José Manuel Hidalgo Cuñarro presenta escrito no Rexistro Xeral do Concello no que solicita a rehabilitación como funcionario ó servicio desta Administración local, condición que perdera como consecuencia da pena de inhabilitación especial de dous anos e un día para o exercicio de cargo de funcionario público ó que foi condenado por sentenza dictada pola Audiencia Provincial de Pontevedra, Sección Sexta, na causa penal nº 3/2003 cuio fallo literal establecía:*

“Que debemos condenar y condenamos a José Manuel Hidalgo Cuñarro, como autor responsable de un delito de estafa continuada a UN AÑO, UN MES Y UN DÍA de prisión e inhabilitación especial para el derecho de sufragio pasivo por el mismo tiempo y por el delito de falsedad continuada la pena de DOS AÑOS, TRES MESES Y UN DÍA de prisión e inhabilitación especial para el derecho de sufragio pasivo, también por el mismo tiempo de la condena, y multa de SIETE MESES Y QUINCE DÍAS, a razón de seis euros/día, lo que supone un total de 1.350 euros, además de DOS AÑOS Y UN DÍA de inhabilitación especial para el ejercicio de cargo de funcionario público. Todo ello con pago de las costas procesales que por esta causa se originen”

En cumprimento de dita sentenza por resolución da Alcaldía de data 29 de xullo de 2003 acordouse “Declarar separado do servicio ó funcionario municipal D. José Manuel Hidalgo Cuñarro, con efectos económicos e administrativos a partir do día seguinte á emisión desta resolución”.

2. *Por decreto da Alcaldía de data 27 de xullo de 2005, resólvese iniciar expediente para tramitar e resolver a petición de rehabilitación, designando inductura, o cal lle foi notificado ó interesado con data 8 de agosto de 2005.*

Con data 23 de agosto -recibido polo interesado o 31 de agosto seguinte- notificase ó solicitante pola instructora do procedemento o seguinte:

“Tendo sido designada, por resolución da Alcaldía, de data 27 de xullo de 2005, Instructora do procedemento iniciado con motivo da súa petición de rehabilitación como funcionario municipal, e unha vez examinada a súa solicitude de data 13 do mesmo mes, e documentación que á mesma achega; observase que non se acreditou documentalmente a cancelación de antecedentes penais, e no seu caso, a extinción da responsabilidade penal e civil, nos termos establecidos no Código Penal; de conformidade co disposto no art. 152.2 do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local e o art. 4.4. do Real Decreto 2669/98, polo que se aproba o procedemento a seguir en materia de rehabilitación dos funcionarios públicos.

Polo que, requíreselle, para que no prazo de 10 días, contados dende a notificación da presente, aporte os documentos e xustificacións correspondentes, co fin de proseguir coa tramitación da súa solicitude de rehabilitación.”

Como contestación a dita notificación presentase con data de entrada no Rexistro Xeral 8 de setembro de 2005 escrito de alegacións polo interesado no que se alega como resúmen “que en ningún corpo legal ni reglamentario se establece a obrigación de presentar esta documentación para ingresar en el cuerpo de funcionarios ni mucho menos, para proceder a su rehabilitación”, así como referencia a xurisprudencia que ten por conveniente solicitando que se continue coa tramitación da súa solicitude.

3. *Con data 7 de setembro de 2005, recíbese comunicación da Xefa de Negociado de Seguridade Social na que se da conta de que con data 22 de agosto de 2005, recibíuse resolución do Instituto Nacional da Seguridade Social “relativa ó traballador en situación de separación de servizo activo por cumprimento de condena D. José Manuel Hidalgo Cuñarro, DNI nº 36.015.256-Q, por la que se le concede Incapacidad Permanente en el Grado de Total, con efectos desde el 10-8-2005”.*

Foron tamén solicitados e recibidos os informes previstos na lexislación en materia de rehabilitación dos titulares dos Servizos nos que estivo destinado no seu día o solicitante.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.-O Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de xullo, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local –no sucesivo TRRL- no seu Título VII-Capítulo II, contén as disposicións comúns os funcionarios de carreira de administración local, en concreto no seu art. 138 establécese:

“1. La condición de funcionario de carrera de la Administración local se pierde en virtud de alguna de las causas siguientes:

- a) *Renuncia.*
 - b) *Pérdida de la nacionalidad española.*
 - c) *Sanción disciplinaria de separación del servicio.*
 - d) *Por imposición de pena de inhabilitación absoluta o inhabilitación especial.*
 - e) *Por jubilación forzosa o voluntaria.*
2.
 3.

4. La pérdida de la condición de funcionario, prevista en los apartados c) y d) del número 1 tiene carácter definitivo, sin perjuicio de los supuestos de rehabilitación.”

Esta posibilidade de rehabilitación recollese no art. 37.4 da Lei de funcionarios civís do Estado, aprobada por Decreto 315/1964, segundo redacción dada polo art. 105 da Lei 13/1996, que atribue ós órganos das administracións públicas a facultade de concedela rehabilitación a petición do interesado atendendo ás circunstancias e entidade do delito, literalmente:

“4. Los Órganos de Gobierno de las Administraciones Públicas podrán conceder la rehabilitación, a petición del interesado, de quien hubiera sido condenado a la pena principal o accesoria de inhabilitación, atendiendo a las circunstancias y entidad del delito cometido.”

O procedemento nesta materia de rehabilitación foi fixado polo Rd 2669/98, de 11 de decembro, polo que se aproba o procedemento a seguir en materia de rehabilitación de funcionarios públicos no ámbito da administración xeral do Estado, de aplicación supletoria ó persoal das administracións locais.

Segundo.- En canto ós aspectos formais da solicitude, debemos aternos ás disposicións legais de réxime local e ó Rd 2669/98, en concreto o art. 152 TRRL, no seu apartado 2 establece:

“2. Los funcionarios de Administración local podrán ser rehabilitados cuando hayan sido separados del servicio por sanción disciplinaria, acreditando la cancelación de antecedentes penales, en su caso, el cumplimiento de las responsabilidades en que hubieran incurrido y que observen conducta que les haga acreedores a dicho beneficio a juicio de la autoridad que deba decidir.”

O art. 4º do Rd 2669/98 establece no seu apartado 4:

“...4. Quienes hubieran perdido la condición de funcionario como consecuencia de haber sido condenados a pena principal o accesoria de inhabilitación absoluta o especial deberán acreditar, además de los datos anteriores, la extinción de la responsabilidad penal y civil, en los términos establecidos en el Código Penal vigente.”

Do contido de ditos preceptos resulta evidente a necesidade de que polo solicitante se aporte coa solicitude de rehabilitación documentación acreditativa da cancelación de antecedentes penais e da extinción da responsabilidade penal e civil. Acreditación que non efectúa o solicitante, nin coa sua solicitude inicial nin posteriormente cando foi requerido expresamente pola notificación de data 23 de agosto de 2005, á que contesta con alegacións sen aportar documento acreditativo ningún, polo que non pode entenderse acreditado, pois tal como se recolle no Diccionario da Real Academia Española “Acreditar: es hacer digno de crédito una cosa. - Probar su certeza o realidad. – Dar testimonio en documento fehaciente.”

Sen que tampouco podan ser atendidas as alegacións formuladas como contestación á notificación, xa que aínda cando para acceder á función pública non se esixa certificado de antecedentes penais (si se esixe declaración xurada de non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servicio do Estado, Comunidade Autónoma ou Administración Local, nin atoparse inhabilitado para o exercicio das funcións públicas), é unha situación ben distinta o ingreso na función pública e o procedemento especial de rehabilitación para o funcionario que xa a tivo e a perdeu por ter sido condenado en sentenza xudicial firme.

Ademáis o art. 152-2 do TRRL, de aplicación directa ó funcionarios desta administración, esixe a cancelación de antecedentes penais para a rehabilitación dos separados do servicio por sanción disciplinaria, tal esixencia é

plenamente aplicable ós condenados en vía penal á pena de inhabilitación especial para o exercicio de emprego ou cargo público, xa que a pena en sentido amplo como perda dun dereito ou un ben, abarca tanto a condena penal como a sanción administrativa, ámbolos dous casos teñen como consecuencia a perda da condición de funcionario; aínda cando, a sanción administrativa é consecuencia de condutas de menor gravidade, limitadas ó ámbito laboral e non sería de recibo, o facer de mellor dereito o condenado que o sancionado, esixíndolle ó separado de servizo a cancelación de antecedentes e non facelo ó condenado en vía penal, cando a todas luces a sanción administrativa non reprime condutas de tanta gravidade como as tuteladas polo Código Penal, ó ser neste o ben xurídico protexido moito máis intenso que no réxime disciplinario. (No presente caso houbo condena por dous delitos tipificados no Código Penal, un de estafa e outro de falsedade continuados).

A maior abundamento é tamén de sinalar que a cancelación de antecedentes penais ten unha especial importancia en todo o procedemento en materia de rehabilitación e que está expresamente recollida no art. 6.2 do R.d. 2669/98, do procedemento de rehabilitación que ó sinalar os criterios orientadores para a valoración e apreciación das circunstancias e entidade do delito cometido: “a) conducta e antecedentes penais previos e posteriores á perda da condición de funcionario”, criterio que neste caso non poderíamos valorar porque nada se acredita polo solicitante ó respecto.

Terceiro.- Queda por examinar por último as consecuencias derivadas da resolución do Instituto Nacional da Seguridade Social, con data de entrada no Rexistro Xeral 22 de agosto de 2005, pola que se concede a D. José Manuel Hidalgo Cuñarro (nº afiliación á seguridade social 360063637171, a prestación por Incapacidade Permanente en grado de Total para a súa profesión de Arqueólogo.

De conformidade co art. 138.1 do Rd legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o TRRL, a condición de funcionario de carreira pérdese, entre outras causas pola xubilación forzosa, que segundo o art. 139.1 da mesma lei, ten lugar de oficio ou a petición do interesado por “incapacidade permanente para o exercicio das súas funcións”. Esta incapacidade permanente no seu grado de total, segundo o art. 137.4 do Texto Refundido da Lei Xeral de Seguridade Social, aprobado por Rd legislativo 1/1994, de 20 de xuño, “é aquela que inhabilita ó traballador para a realización de todas o das fundamentais tarefas da súa profesión”; estamos ante un suposto de xubilación previsto no citado precepto, en consecuencia o Concello viría obrigado a declarar de oficio a xubilación do empregado público que implicaría necesariamente a perda da súa condición de funcionario.

É por isto, que a consecuencia directa da declaración de rehabilitación dun funcionario sería a súa inmediata incorporación ó seu posto de traballo, que no presente caso esta incorporación sería imposible dada a declaración de Incapacidade permanente total declarada por resolución do INSS con efectos de 10 de agosto de 2005.

En base a todo ó exposto efectúase proposta de resolución desfavorable á solicitude presentada por D. José Manuel Hidalgo Cuñarro con data 13 de julio de 2005, de que se lle conceda rehabilitación como funcionario ó servizo desta Administración en base ós Fundamentos que preceden.”

Dita proposta de resolución foi notificada presencialmente ó interesado con data 23 de novembro, para que de conformidade co disposto no art. 6.3 do R.d 2669/98, de 11 de decembro e no prazo de 15 días presente as alegacións que estime oportunas con vista do expediente instruído polo indicado prazo.

Cumprimentado o preceptivo trámite de audiencia ó interesado, e transcorrido o prazo de 15 días legalmente establecido sen que se presentasen polo mesmo alegacións á proposta de resolución notificada, procede elevar proposta definitiva ó órgano competente para a súa resolución, de conformidade co disposto no art. 7 do mencionado Rd 2669/98, polo que se aproba o procedemento en materia de rehabilitación de funcionarios.

É competente para a adopción do acordo a Xunta de Goberno Local, de conformidade coas atribucións previstas no art. 127.h da Lei 7/1985, reguladora das bases de réxime local (segundo redacción dada pola Lei 57/1003, de 16 de decembro de medidas para a modernización do Goberno local).

Por todo o exposto, e en cumprimento da resolución da Alcaldía de data 27 de xullo de 2005, PROPONSE á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro.- Desestima-la solicitude presentada por D. José Manuel Hidalgo Cuñarro, con data 13 de xullo de 2005, denegando a súa rehabilitación como funcionario ó servizo desta Administración Local, condición que perdera como consecuencia da pena de inhabilitación especial de dous anos e un día para o exercicio de cargo de funcionario público ó que foi condenado por sentenza dictada pola Audiencia Provincial de Pontevedra, Sección Sexta, na causa penal nº 3/2003 e en base ós antecedentes e fundamentos de dereito que constan na proposta de resolución efectuada con data 26 de outubro de 2005, anteriormente transcrita como parte integrante do presente acordo ós efectos previstos no art. 89 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Segundo.- Dar trasladado ó interesado do presente acordo, informándolle que pon fina vía administrativa e contra o que poderá interpoñerse potestativamente recurso de reposición perante ó órgano que o adoptou no prazo dun mes, ou recurso contencioso administrativo perante o xulgado do contencioso administrativo de Vigo, nos supostos previstos no art. 8 da Lei 29/98, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos contados dende o día seguinte da recepción da notificación do presente acordo.

O recurso de reposición entenderase desestimado se transcorre un mes sen ser resolto.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

33(1779).-INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA A PROL DE GALERÍA VIGO S.L. POR IMPORTE DE 5.983,93 € POLA ADQUISICIÓN DE OBSEQUIOS PARA VODAS CIVÍS. EXPTE. 1150/103.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe do interventor xeral do 14.12.05 e de acordo co informe-proposta do técnico de Admón. Xeral do 19.12.05, conformado polo concelleiro de Xestión municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar a indemnización substitutiva do gasto realizado sin fiscalización previa, e que figura na factura que se achega no expediente, de conformidade coa base 28 da execución do orzamento xeral para o exercicio de 2005, por un importe total de 5.983,93 euros (ive incluído) por tódolos conceptos e isto con cargo á partida 1110.2260100 (Gastos Órganos de Goberno) a favor de “Galería Vigo, S.L.”, Cif B-32116915.

2º.- Recoñecer a obriga a favor de Galería Vigo, S.L., Cif B-32116915, por un importe de 5.983,93 euros (ive incluído) por tódolos conceptos anteriores con cargo á partida 1110.2260100 (Gastos Órganos de Goberno) do vixente orzamento xeral.

3º.- Dispoñer o gasto e aboar a favor de Galería Vigo, S.L., Cif B-32116915 por importe de 5.983,93 euros (ive incluído) correspondente a dita factura.

4º.- A imputación do gasto ós orzamentos vixentes non provoca prexuízo nin limitación ningunha para a realización de tódalas atencións do exercicio corrente na conseguinte partida.

34(1780).-SUBVENCIÓN Á ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES ZONA PRÍNCIPE DENTRO DO PLAN DE CALIDADE TURÍSTICA 2005. EXPTE. 1830/104.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe do Servizo de Turismo e Comercio, do 13.12.05, conformado pola concelleira de Turismo e Comercio e polo interventor xeral, que di o seguinte:

O pasado día 14 de novembro emitíuse informe-proposta desta Concellería resolvendo as subvencións do Plan de Calidade Turística 2005. A proposta foi aprobada pola Xunta de Goberno Local o día 21 de novembro de 2005.

Na proposta citada, achégase copia, figura como desestimada a solicitude de subvención da Asociación de Comerciantes Zona Príncipe porque na poposta que presentaron no figuraba o logotipo da Concellería de Turismo e Comercio do Concello de Vigo, seguramente que por error material.

Con posterioridade á aprobación da proposta pola Xunta de Goberno Local, concretamente o día 29 de novembro, a Asociación de Comerciantes Zona Príncipe presenta ó servizo de Turismo e Comercio escrito solicitando a estimación da subvención argumentando que, se ben a proposta non incluía o logotipo, a realidade é que a “Guía de compras do Centro Príncipe” leva impreso na contraportada o logotipo desta Concellería.

Así as cousas, procede corrixir a decisión primeira, xa que o obxectivo da subvención acadouse en realidade coa incorporación do logotipo ó folleto. As subvencións concedidas no Plan de Calidade Turística para folletos, planos turísticos e similares ascendeu á cantidade de 2.400 euros.

Consecuentemente co exposto, solicítase da Xunta de Goberno Local que aprobe a concesión dunha subvención de 2.400 euros a “Centro Príncipe”, CIF. G-36.636.942, polo concepto “Guía de compras do Centro Príncipe”, con cargo á partida orzamentaria 751.0.770.00.00, “Plan Calidade Turística”.

Acordo

A Xunta de Goberno local, de conformidade co precedente informe, acorda:

Conceder unha subvención de 2.400 euros a “Centro Príncipe”, CIF. G-36.636.942, polo concepto “Guía de compras do Centro Príncipe”, con cargo á partida orzamentaria 751.0.770.00.00, “Plan Calidade Turística”.

35(1781)-DEVOLUCIÓN DE AVAL CONSTITUÍDO POR MISTURAS ASFÁLTICAS GALEGAS S.A. POLO “PROXECTO MOIDFICADO Nº 1 AO DE DEMOLICIÓN DO ANTIGO CUARTEL DE BARREIRO EN VIGO. EXPTE. 1473/407.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do director de Servizos Centrais de Urbanismo, do 9.12.05, conformado polo arquitecto municipal, o interventor xeral e polo concelleiro de Urbanismo, que di o seguinte:

Con data 31 de agosto de 2005 (entrada no Rexistro desta Xerencia Municipal de Urbanismo con data 1 de setembro de 2005) a entidade “MISTURAS ASFÁLTICAS GALEGAS, SA” (agora denominada “MISTURAS, OBRAS E PROXECTOS, SA”) solicita que se lle devolva a fianza definitiva correspondente á obra “PROXECTO MODIFICADO Nº 1 AO DE DEMOLICIÓN DO ANTIGO CUARTEL DE BARREIRO EN VIGO. Nº EXPEDIENTE: 13786/240), depositada o 28 de maio de 2001, cun importe de 6.697,92 euros, 1.114.440 pesetas (nº operación 200100025854).

Dado que as obras foron recepcionadas o día 5 de febreiro de 2004 (achégase copia da acta de recepción) e transcorrido o prazo de garantía, procede a devolución da devandita fianza, polo que proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

“Devolver o aval bancario de 6.697,92 euros (1.114.440 pesetas) da entidade CAIXANOVA, depositado por “MISTURAS ASFÁLTICAS GALEGAS, SA” (agora denominada “MISTURAS, OBRAS E PROXECTOS, SA”), con CIF A32118705, data 28/05/2001 e número de operación 200100025854), como fianza definitiva correspondente á obra “PROXECTO MODIFICADO Nº 1 AO DE DEMOLICIÓN DO ANTIGO CUARTEL DE BARREIRO EN VIGO. Nº EXPEDIENTE: 13786/240)”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

36(1782).-APROBACIÓN DEFINITIVA DO PROXECTO DE EQUIDISTRIBUCIÓN E CAMBIO DE SISTEMA DA UA "POBO GALEGO".EXPTE 4608/401.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da Xerencia Municipal de Urbanismo Xestión, do 15.12.05, conformado pola arquitecta municipal e polo Técnico en Admón. Xeral, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

O Plan especial de edificios, conxuntos e elementos a conservar aprobado definitivamente polo Concello-Pleno en sesión do 25 de outubro de 1990. O mesmo delimita dentro do cuarteirón 51 a Unidade de actuación, “Pobo Galego” que como tal se recolle no Documento de subsanación de deficiencias na adaptación do Plan xeral de ordenación urbana de 1988 á Lei de adaptación da do solo a Galicia. Os obxectivos eran os de ordenar a zona, crear unha rúa de 12 m. de ancho fronte á fachada do edificio “Simeón”, crear unha praza na parte posterior, rúa Doctor Cadaval, crear un aparcadoiro no subsolo e cegar no posible a visión que dende a Porta do Sol ofrecen os edificios de Doctor Cadaval.

Posteriormente, o Concello-Pleno o 3 de xullo de 1998, aproba definitivamente unha Modificación puntual do citado Plan especial, expte. 4556/411 (publicado no DOG nº 181 do 17 de decembro de 1998), pola que se altera a

delimitación actual, excluindo o cuarteirón abranguido entre Príncipe, Travesía da Aurora e Doctor Cadaval, se modifica o ancho desta última que pasa de 12 a 10 m. de sección. Mantense a aliñación posterior do edificio do Pobo Galego (en situación de ruína), se incrementa a superficie do aparcadoiro previsto en subsolo que acada o límite da Unidade de actuación, con tres plantas e unha superficie total a construír de 3.075 m². Por último se recolle a ordenación do solar definida no Estudio de detalle redactado polos arquitectos d. Enrique e d. Martín Colomé Montañés, expte. 2053/411, visado polo Colexio profesional o 14 de xullo de 1997, e aprobado inicialmente polo Concello Pleno en sesión do 28 de maio de 1992, (publicadono BOP nº 197 de 9 de outubro de 1992), polo que se considera un único sólido, cunha superficie en planta de 355,60 m², unha edificabilidade sobre rasante de 1.780 m², unha altura de catro plantas e fíxase unha superficie para viais de 1.380 m² e para praza 702 m².

O sistema de execución previsto na Modificación puntual do PEEC para desenvolver a Unidade de actuación “Pobo Galego” é o de compensación.

O Plan xeral de ordenación municipal inicialmente aprobado polo Concello-Pleno en sesión do 30 de decembro de 2004, e publicado no DOG o 14 de febreiro de 2005, remite ó ámbito do Plan especial ó Plan Especial de Protección e Reforma Interior do Ensanche. De conformidade co previsto no art. 9.2.2 das Normas urbanísticas do citado Plan xeral, transitoriamente, en tanto non se desenvolva o Plan especial do Ensanche, será de aplicación a ordenanza 2 de Conservación e Protección ambiental. Nesta Zona, os espazos que o PEEC calificara como Unidades de actuación deben desenvolverse nos termos fixado por dito Plan especial, con independencia da categoría de solo urbano que lles corresponda por aplicación da Lei 9/2002 e o réxime transitorio que proceda. Xa que logo, a Unidade de actuación “Pobo Galego” debe desenvolverse nos termos previstos no Plan especial de edificios a conservar.

O 14 de xuño de 2005, a representante do Colexio de arquitectos de Galicia presentou nesta Administración municipal o proxecto de equidistribución da Unidade de actuación formalizado na escritura pública nº 898 do 26 de maio de 2005 do protocolo do notario d. José Piñeiro Prieto. O documento é subsanado con posterioridade.

Por resolución da Xunta de goberno local de 12.09.05 adoptouse o seguinte acordo: "(...) PRIMEIRO: Acumular o procedemento de cambio de sistema de compensación a concerto da UA "Pobo Galego" co de aprobación do seu proxecto de equidistribución (expte. 4608/401). SEGUNDO: Aprobar inicialmente o cambio de sistema de compensación a concerto da UA "Pobo Galego". TERCEIRO: Abrir un trámite conxunto de información pública en ambos procedementos acumulados (cambio de sistema de actuación e proxecto de equidistribución) polo prazo de vinte días hábiles, mediante publicación de anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (...)"

O acordo anterior foi publicado no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra o 21.10.05. No prazo de audiencia ós interesados e información pública, non se presentaron alegacións.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

I.- Procedencia da adopción do acordo de cambio de sistema de actuación.- As parcelas incluídas dentro do polígono de referencia pertencen na súa totalidade a un único propietario, segundo se deduce da escritura pública de 11.08.04. As parcelas en cuestión están inscritas no rexistro da propiedade como fincas 8.038 e 8.141. Nos arts. 150 e ss. da recente Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística de Galicia (LOUGA) estableceuse un sistema de xestión específico e simplificado para os polígonos dun único propietario, denominado "sistema de concerto". Por outra banda, suprimíuse o procedemento abreviado de "propietario único" no sistema de compensación, antes regulado no art. 133.1 'in fine' LSG-97. Quere elo dicir que coa nova lexislación, a aprobación do Proxecto de Compensación parece esixir en todo caso da previa constitución de Xunta de Compensación, aínda na hipótese de que o polígono pertencese a un único propietario ou a varios con unánime consenso (art. 154 LOUGA). Neste suposto, dada a situación dominical das fincas preexistentes resulta axeitada e incluso

recomendable a incoación dun procedemento de cambio de sistema, de compensación a concerto, considerándose á pertenza das fincas iniciais a unha. Elo permite aproba-lo proxecto de equidistribución do propietario único do polígono dun xeito máis áxil e sinxelo.

2.- Procedemento legal previsto para a modificación do sistema de actuación e do proxecto de equidistribución.- O procedemento de modificación do sistema de actuación regúlase no art. 127.2 LOUGA, requirindo dunha aprobación inicial pola Xunta de Goberno Local, información pública por 20 días con publicación de anuncio no BOP e aprobación definitiva pola Xunta de Goberno. Do mesmo xeito, a tramitación do Proxecto de Equidistribución regúlase no art. 153.1 LOUGA, no que se dispón que: " (...) A proposta de equidistribución formulada polos propietarios afectados e formalizada en escritura pública será sometida a información pública durante vinte días mediante anuncio publicado no BOP e obxecto de informe polos servicios municipais correspondentes, e seralle elevada ao municipio para que se pronuncie sobre a aprobación definitiva (...)" . Consta no expediente o cumprimento da apertura dun trámite de información pública e audiencia ós interesados.

3.- Acumulación de ambos procedementos.-Resulta posible acumula-lo procedemento de modificación do sistema de actuación co de aprobación do proxecto de equidistribución, tal e como preceptúa o art. 73 Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común (Lei 30/92, de 26 de novembro). Consecuentemente, procedeuse á apertura dun único trámite de información pública común para ambos procedementos.

4.- Improcedencia da solicitude de monetarización.-No que se refire á solicitude de monetarización e adquisición do aproveitamento municipal, resúltalle de aplicación o art. 177.2 LOUGA, modificado por Lei 15/2004, do 29 de decembro, no que se dispoñe que: "(...) O alleamento ou permuta dos bens do patrimonio público do solo da Administración autonómica ou local realizarase, por prezo non inferior ao do seu aproveitamento urbanístico, mediante concurso público por procedemento aberto, na forma establecida na lexislación de contratación das administracións públicas (...)". Como consecuencia da modificación legal e, en consonancia co escrito de 29.11.05, procedería a apertura dun procedemento de contratación aberto destinado á enaxenación do aproveitamento atribuído ó Concello, sempre que se considere oportuno.

5.- Contido do proxecto de equidistribución.- O obxecto do Proxecto de equidistribución é a equidistribución de beneficios e cargas, e a reparcelación das fincas integrantes do Polígono de acordo co planeamento máis detallado aprobado: "MODIFICACIÓN PUNTUAL DO PEEC (CUARTEIRÓN Nº 51) – UA POBO GALEGO". Trátanse de finalidades propias dos Proxectos de equidistribución segundo o artigo 115 da lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia e o capítulo II do Regulamento de Xestión Urbanística (RXU), ó que se axusta a documentación presentada.

Parcelas iniciais.-

O Proxecto de equidistribución presenta un total de 2 parcelas iniciais, cunha superficie total de 1.096,75 m², que excluídos os viais existentes de 825,25 m² que non xeran edificabilidade. Xa que logo, non debe entrar no reparto, resulta unha superficie de 1.922,00 m², coa seguinte distribución de parcelas:

<u>PARCELAS</u>	<u>PROPIETARIOS</u>	<u>SUPERFICIE ESCRITURA.</u>	<u>SUPERFICIE P. COMPENSACIÓN</u>
1	Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia.	778,97 m ² s.	1.096,75 m ² s
2	Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia	194,85 m ² s.	

TOTAL	Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia.	973,82 m ² s.	1.096,75 m ² s.
-------	--	--------------------------	----------------------------

Achégase certificado emitido por d. Francisco J. Moreiras Fernández, representante de TOYPRO, S.L. sobre a superficie real da parcela de 1.096,75 m²s, correspondente á parcela A do plano taquimétrica que se adxunta.

Consultado o plano nº 16-24 do Inventario Municipal, non se ten constancia de ningunha parcela de propiedade municipal no ámbito. As rúas travesía da Aurora e Doutor Cadaval pares e impares son viais públicos incluídos no dito inventario.

En novembro de 2004, achégase pola Oficina de Cartografía plano de planta e superficies da Actuación P. Gallego no que resulta unha superficie de parcelas privadas de 1.096,00 m² e a superficie total do ámbito de 1.922,00 m². ás que se axusta substancialmente o proxecto de equidistribución presentado, é a seguinte:

SUPERFICIE PARCELAS PRIVADAS:	1.096,75 m ² s.
SUPERFICIE VIAIS PÚBLICOS:	825,25 m ² s.
TOTAL SUPERFICIE U.A.:	1.922,00 m ² s.

Parcelas resultantes.-

A parcelación resultante proposta axústase á “MODIFICACIÓN PUNTUAL DO PEEC (CUARTEIRÓN Nº 51) – UA POBO GALEGO” e Estudo de detalle incorporado aprobado definitivamente o 03/07/98, no que o sólido do estudo de detalle está dimensionado para a edificabilidade total resultante 1.780,00 m²c, que será a edificabilidade total obxecto de reparto. Dos 1.780,00 m² edificables, o 10% de aproveitamento municipal é de 178,00 m², co que o aproveitamento lucrativo susceptible de apropiación polo propietario resulta de 1.602,00 m²c. O aproveitamento que o proxecto de compensación adxudica ao Concello localízase na única parcela resultante susceptible de aproveitamento privado nº 1 adxudicándose en proindiviso, dado que a escasa contía deste aproveitamento non permite a adxudicación nun predio independente, este tería unha superficie inferior á parcela mínima edificable. O cadro de adxudicacións é como segue:

PARCELA RESULTANTE	ADXUDICATARIO	PARCELAS INICIAIS	SUPERFICIE (m ² s)	EDIFICABILIDADE (m ² c)	CUOTA %
1	COAG: 90%	1 e 2	355,60	1.602,00	100
	CONCELLO: 10%			178,00	0
TOTAIS			355,60	1.780,00	100

Sobre o lindeiro oeste en toda a extensión do fronte á rúa Doutor Cadaval (nº pares), fíxase unha servidume de paso cuberto, en planta baixa á praza pública de 2,00 m de ancho. Os gastos de urbanización cuantifícanse (de xeito provisional e sometido á xustificación e liquidación definitiva) nun total de 78.620,00 €. O propietario único, C.O.A.G. asumirá ó seu cargo o 100% dos custos de urbanización e os xerais de xestión de 15.785,00 €, que supoñen un total de 94.405,00 €. De acordo co establecido no artigo 20.1 letra c) da LOUGA o concello non terá que contribuír ós custos de urbanización dos terreos nos que se localice o 10% do aproveitamento de cesión obrigatoria, gratuita e sen cargas. De acordo co disposto na lexislación vixente, ata que se produza a recepción dos servizos e terreos polo Concello, a conservación da urbanización correrá por conta da xunta de compensación.

As superficies de cesión concréntanse no Proxecto de Compensación, nas seguintes parcelas resultantes:

- PARCELA 1 (plano nº 5): Edificabilidade 178,00 m²c (10%).
- PARCELA 2 (plano nº 6): Praza pública, superficie 651,18 m².
- VIAL – 3ª (plano nº 7): Ampliación travesía Aurora: 4,14 m²

- VIAL – 3b (plano nº 7): Ampliación Doutor Cadaval pares: 39,75 m²
- VIAL – 3c (plano nº 7): Ampliación Doutor Cadaval impares: 46,08 m²

No subsolo da praza e da rúa Doutor Cadaval (nº pares) o planeamento e o estudo de detalle incorporado plantea a execución dun aparcamento de titularidade pública. A proposta deste aparcamento definida no ED, ordena toda a edificación en subsolo en medias plantas, unha primeira planta de acceso de 1.230 m² de superficie por debaixo da praza e da rúa Doutor Cadaval (nº impares) no seu punto máis baixo (por donde se proxecta o acceso) e outra planta e media enterradas de 1.230 m² e 615 m² de superficie respectivamente. A superficie total construída prevista é de 3.075 m² para un total de 121 prazas. A ocupación do aparcamento no subsolo concretase no plano nº 9.

Cadro resumo do proxecto de compensación.-

<i>PROX. COMPENSACIÓN CUARTEIRÓN 51 – PEEC “U.A. POBO GALEGO”</i>	
<i>SUPERFICIE TOTAL AMBITO: 1.922 m².</i>	
<i>PARCELAS PRIVADAS: 1.096,75 m²</i>	
<i>VIAIS EXISTENTES: 825,25 m².</i>	
<i>EDIFICABILIDADE</i>	<i>EN SUPERFICIE: 1.780 m²c.</i> <i>ZONA EDIFICABLE: 355,60 m²s</i>
	<i>EN SOTOS (Aparcamento público): 3.075 m²c</i> <i>ZONA EDIFICABLE: 1.230 m²s</i>
<i>USO</i>	<i>SEDE COAG</i>
<i>CESIÓNS</i>	<i>Praza pública: 651,18 m²</i>
	<i>Ampliación viais: 89,97 m².</i>
	<i>APROVEITAMENTO 10% 178,00 m²c.</i>

6.- Necesidade de inscrición rexistral do instrumento de equidistribución.- De acordo co previsto no artigo 120 da Lei 9/02, unha vez firme en vía administrativa o acordo de aprobación definitiva do instrumento de equidistribución, procederase á súa inscrición no rexistro da propiedade, na forma sinalada nos artigos 4 e seguintes do real decreto 1093/97.

7.- Competencia para a adopción do acordo.- Corresponde á Xunta de Goberno Local, consonte co disposto no art. 127.d) Lei 7/1985, do 2 de abril (LBRL), modificada por Lei 57/2003.

Por todo elo, proponse a adopción do seguinte acordo:

1. Aprobar definitivamente o cambio de sistema de actuación de compensación a concerto do polígono de referencia.
2. Aprobar definitivamente o proxecto de equidistribución do devandito polígono, formalizado en escritura pública no 27.07.2005 perante o notario de Vigo D. José Piñeiro Prieto co núm. 898 do seu protocolo (subsanaada por outra complementaria e subsanatoria de 15.07.05, perante o mesmo notario e co número de protocolo 1227), promovido polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia.

3. *Comunicar ós interesados que contra o presente acordo cabe interpoñer con carácter potestativo recurso de reposición perante esta Administración no prazo dun mes dende a notificación do acto ou, contencioso-administrativo perante o Xulgado do contencioso-administrativo no prazo de dous meses.*

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta que se contén no precedente informe.

37(1783).-APROBACIÓN DEFINITIVA DE PROXECTO DE EQUIDISTRIBUCIÓN E CAMBIO DE SISTEMA DA UA V-E PERI IV-05 ARAGÓN-TRAVESÍA DE VIGO. EXPTE 4605/401.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da Xerencia Municipal de Urbanismo Xestión, do 15.12.05, conformado polo técnico en Admón. Xeral, que di o seguinte:

O vixente Plan Xeral de Ordenación Urbana aprobado definitivamente no 29.04.1993, delimitou entre as rúas Travesía de Vigo e Aragón un ámbito de solo urbano non consolidado remitido ao PERI "IV-05 Travesía de Vigo-Aragón". Dito plan especial aprobouse definitivamente no 23.12.1993. Na ficha do antedito instrumento, mencionábase o seguinte: "(...) O terreos con frente á rúa Aragón que acrediten haber contribuído a apertura e urbanización da mesma reconocerase polo PERI unha edificabilidade de 1,55 m²/m² referida a superficie de parcela inicial antes da devandita apertura (...)"

O Pleno municipal acordou o 29.11.04 aprobar definitivamente o Estudio de Detalle da "UA V-E" dese PERI, promovido por "Basisa CB", redactado polos arquitectos don Eduardo Guillén Vázquez, don Lorenzo Mateos Cortes e don José Agustín Llopiz Pereiro, visado polo COAG en datas 19.07.2004 (Memoria e plano 9R) e 25.02.2004 (resto dos planos), -expte. 8913/411, BOP núm. 2, do 04.01.2005 e DOG 14 do 21.01.2005-.

Dito acordo foi impugnado pola entidade mercantil "Cologa Vigo, SL" perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no recurso cont.-ad. 2/4066/2005, actualmente en tramitación.

O día 26.05.2005, o representante de "Basisa CB" presentou un escrito na Xerencia de Urbanismo solicitando o cambio de sistema de execución do referido polígono, de compensación a concerto, así como a tramitación e aprobación do correspondente proxecto de equidistribución. Achegou a tal efecto o proxecto, composto de memoria, escrituras de propiedade e planos, asinados estes últimos polos arquitectos D. Eduardo Guillén Vázquez, D. Lorenzo Mateos Cortes e D. José Agustín Llopiz Pereiro, visado polo COAG no 20/05/2005.

No día 17.06.2005 o arquitecto técnico municipal emitiu un Informe no que fixo constar que: "(...) as determinacións que figuran na proposta de equidistribución polo sistema de concerto (artigo 150 da lei 9/2002), obxecto de informe, axústanse ó estudio de detalle da U.E. V-E do Peri IV-05 Travesía de Vigo-Aragón, aprobado definitivamente o 29 de novembro de 2004, expediente 8913/411. O proxecto de equidistribución de propietario único abarca unha superficie de 1.186,00 m², dispoñendo dunha edificabilidade de 1.835,93 m² construídos. O aproveitamento é de 1,548 m²/m². A superficie destinada á parcela edificable é de 695,74 m², sendo a superficie destinada a cesións de uso de superficie de 422,14 m². O resto da superficie do ámbito destinase a cesións, sendo de 309,02 m² para zonas verdes e libres, 110,80 m² para a ampliación do viario do Cº de Pinelas e 70,44 m² de espazos libres destinados ó acceso de escaleiras. A edificabilidade correspondente ó Concello pola cesión do 10% do aproveitamento é de 183,593 m² construídos e emprázase na parcela nº 1 en proindiviso coa sociedade Basisa, C.B.(...)".

No 20.06.2005 remitiúselles un oficio á interesada a fin de que aportase nova documentación. En data 01.08.2005 o representante de "Basisa, C.B." presentou nesta Administración municipal, entrou outros documentos, copia da escritura pública do proxecto de equidistribución do devandito polígono, outorgada no 27.07.2005 perante o notario de Vigo don Jaime Romero Costas co núm. 1.425 do seu protocolo.

O 19.09.05 a Xunta de goberno local adoptou o seguinte acordo: "(...) PRIMEIRO: Acumular o procedemento de cambio de sistema de compensación a concerto do polígono "UA-V-E" do PERI "IV-05 Travesía de Vigo-Aragón" co de aprobación do seu proxecto de equidistribución (expte. 4605/401). SEGUNDO: Aprobar inicialmente o cambio de sistema de compensación a concerto do polígono de referencia. TERCEIRO: Expoñer ao público o proxecto de equidistribución do devandito polígono, formalizado en Escritura Pública no 27/07/2005 perante o notario de Vigo D. Jaime Romero Costas co núm. 1425 do seu protocolo, promovido por <Basisa CB>, redactado polos arquitectos Guillén, Mateos y Llópiz, con planos visados polo COAG no 20/05/2005. CUARTO: Abrir un trámite conxunto de información pública en ambos procedementos acumulados (cambio de sistema de actuación e proxecto de equidistribución) polo prazo de vinte días hábiles, mediante publicación de anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra. QUINTO: Notifíquese o contido íntegro deste Acordo ós interesados, coa advertencia de que contra el non cabe recurso por tratarse dun acto de mero trámite (...)".

O devandito acordo foi publicado no Boletín oficial da provincia de Pontevedra de 4.10.05. Así mesmo, notificouse ós interesados.

"Cologa Vigo, S.L." presenta o 21.10.05 escrito de alegacións. Dado traslado á entidade promotora "Basisa, C.B." de contestación á mesma o 28 .11.05.

FUNDAMENTOS LEGAIS OU CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

I.- Procedencia da adopción do acordo de cambio de sistema de actuación.- As parcelas incluídas dentro do polígono de referencia pertencen na súa totalidade a unha mesma comunidade de bens, segundo se deduce da documentación achegada pola solicitante. Nos arts. 150 e ss. da recente Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística de Galicia (LOUGA) estableceuse un sistema de xestión específico e simplificado para os polígonos dun único propietario, denominado "sistema de concerto". Por outra banda, suprimíuse o procedemento abreviado de "propietario único" no sistema de compensación, antes regulado no art. 133.1 'in fine' LSG-97.

Quere elo dicir que coa nova lexislación, a aprobación do Proxecto de Compensación parece esixir en todo caso da previa constitución de Xunta de Compensación, aínda na hipótese de que o polígono pertencese a un único propietario ou a varios con unánime consenso (art. 154 LOUGA). Neste suposto, dada a situación dominical das fincas preexistentes resulta axeitada e incluso recomendábel a incoación dun procedemento de cambio de sistema, de compensación a concerto, considerándose á pertenza das fincas iniciais a unha. Elo permitiría aproba-lo proxecto de equidistribución do propietario único do polígono dun xeito máis áxil e sinxelo.

2.- Procedemento legal previsto para a modificación do sistema de actuación e do proxecto de equidistribución.- O procedemento de modificación do sistema de actuación régulase no art. 127.2 LOUGA, requirindo dunha aprobación inicial pola Xunta de Goberno Local, información pública por 20 días con publicación de anuncio no BOP e aprobación definitiva pola Xunta de Goberno. Do mesmo xeito, a tramitación do Proxecto de Equidistribución régulase no art. 153.1 LOUGA, no que se dispón que: " (...) A proposta de equidistribución formulada polos propietarios afectados e formalizada en escritura pública será sometida a información pública durante vinte días mediante anuncio publicado no BOP e obxecto de informe polos servizos municipais correspondentes, e seralle elevada ao municipio para que se pronuncie sobre a aprobación definitiva (...)". Consta no expediente o cumprimento da apertura dun trámite de información pública e audiencia ós interesados.

3.- *Acumulación de ambos procedimientos.-Resulta posible acumula-lo procedemento de modificación do sistema de actuación co de aprobación do proxecto de equidistribución, tal e como preceptúa o art. 73 Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común (Lei 30/92, de 26 de novembro). Consecuentemente, pode abrirse un único trámite de información pública común para ambos procedementos.*

5.- *Imprudencia da solicitude de monetarización.-No que se refire á solicitude de monetarización e adquisición do aproveitamento municipal, resúltalle de aplicación o art. 177.2 LOUGA, modificado por Lei 15/2004, do 29 de decembro, no que se dispoñe que: "(...) O alleamento ou permuta dos bens do patrimonio público do solo da Administración autonómica ou local realizarase, por prezo non inferior ao do seu aproveitamento urbanístico, mediante concurso público por procedemento aberto, na forma establecida na lexislación de contratación das administracións públicas (...)"*

6.- *Análise da alegación presentada por don Abdón García Pérez en nome e representación da entidade mercantil "Cologa Vigo, S.L."- A mercantil "Cologa Vigo, S.L." presenta escrito de alegación o 21.10.05 (mellorado por outro de 30.11.05). A entidade alegante entende que no proxecto de equidistribución debe recoñecerse o seu favor un dereito ou aproveitamento derivado da cesión realizada no seu día para a execución da urbanización da rúa Aragón. Fundaméntase a súa pretensión en que na ficha do PERI "IV-05 Travesía de Vigo-Aragón", aprobado definitivamente o 23.12.1993, mencionábase o seguinte: "(...) O terreos con fronte á rúa Aragón que acrediten haber contribuído a apertura e urbanización da mesma reconocerase polo PERI unha edificabilidade de 1,55 m2/m2 referida a superficie de parcela inicial antes da devandita apertura (...)". No acordo de aprobación definitiva do Estudio de detalle da UE V-D do PERI, se acordaba o seguinte: "(...) Informar á Xunta de Compensación da unidade de actuación A e B do PERI IV-05 Travesía de Vigo-Aragón e a don Ángel Tovar García en representación da súa esposa Gloria Collazo Rodríguez, que a edficabilidade de 1,55 m2/m2 corresponde ós propietarios de terreos con fronte a Rúa Aragón que efectuaron cesións gratuitas para a apertura e urbanización da devandita rúa. Exclúense en todo caso os terreos que foron obxecto de expropiación ou a superficie obxecto de alleamento para a apertura do vial (...) os propietarios que posúan o dereito a que se refire o punto primeiro deberán acredita-la correspondente cesión gratuita de terreos no proxecto de compensación (...). A entidade mercantil alegante, presenta documentalmente o seguinte:*

- *Copia de escritura de compravenda dunha finca sita na unidade de actuación enaxenada pola entidade "Cologa Vigo, S.L." a "Bardelas y Álvarez , S.L.", "Sanín González, S.L." e a don Jose Simón Vieitez, formalizada ante o Notario don Álvaro Moure Goyanes o 5.10.01.*
- *Copia de documento privado suscrito entre Abdón García Pérez (en nome e representación de "Cologa Vigo, S.L."), Antonio Bardelás Crespo e Antonio Bardelás Álvarez (en nome e representación de "Bardelas y Álvarez, Sociedad Limitada"), Manuel González González e don Adolfo González Saa (en nome e representación de "Sanin González, S.L.") e José Simón Vieitez. No documento se acuerda un alza no prezo por metro cuadrado da parcela obxecto de compravenda por escritura pública do mesmo ano, naquel caso de que se lle recoñecese o dereito o aproveitamento derivado da cesión realizada (o seu entender) para a urbanización da rúa Aragón.*
- *A entidade "Basisa, C.B." presenta escrito de contestación á alegación presentada por "Cologa Vigo, S.L.". Aporta documento parcial de cuenta individual de cesión e compensación de viais.*

Da análise dos documentos aportados, segue sen acreditarse a cesión gratuíta dos terreos. En efecto, compartindo os argumentos utilizados para a aprobación definitiva do Estudio de detalle (baseados no informe do arquitecto técnico municipal de 11.10.05), as follas presentadas formaban parte do estudio previo de custes e presupostos do proxecto de apertura e urbanización da rúa Aragón, sen que elo derive necesariamente na creencia de que se cederon gratuítamente os terreos. Por outra parte, segundos informes técnicos incorporados ó presente expediente e o de aprobación ó estudio de detalle, consta a tramitación dun expediente expropiatorio para a apertura e

urbanización da rúa Aragón. Nel constaba unha finca co número 75 a nome de dona Gloria Collazo Rodríguez. No expediente non consta a cesión de terreos de xeito gratuito, mesmo, a resolución do Concello sobre a determinación do xustiprezo foi recurrida ó Xurado provincial de expropiación e á sala do contencioso-administrativo do Tribunal superior de xustiza de Galicia. A expropiación comprendía unha superficie de 331 metros cuadrados. Según a documentación que obra no expediente, a parcela quedou cunha superficie de 167,90 m2, tra-la apertura da rúa Aragón e a expropiación de 331 metros cuadrados. A entidade alegante parte que a finca de orixe tiña unha superficie maior a que realmente dispoñía (487 m2), como quedou reflexado no proxecto expropiatorio e no informe emitido polo Perito da Administración o 7.07.72, no que se informou a folla de aprecio do seguinte xeito: "(...) En cuanto a la descripción del inmueble, que tan detenidamente efectúa la expropiada, hemos de señalar que, según plano aportado al expediente por ella misma, la superficie total es de 487 metros cuadrados y no de 523,60 metros cuadrados como alegremente se afirma, y dicha superficie es necesaria la ocupación de 331 metros cuadrados (...)". En definitiva, non procede a estimación da alegación plantexada, por canto a mesma basease nunha superficie non real. Por outra parte, o alegante, incluso tra-lo oportuno requerimento de mellora da solicitude, non acredita documentalmente (nin consta no expediente documeto algún) que acredite a realización de cesión gratuita algunha para a apertura e urbanización da rúa Aragón.

7.- Necesidade de inscrición rexistral do instrumento de equidistribución.- De acordo co previsto no artigo 120 da Lei 9/02, unha vez firme en vía administrativa o acordo de aprobación definitiva do instrumento de equidistribución, procederase á súa inscrición no rexistro da propiedade, na forma sinalada nos artigos 4 e seguintes do real decreto 1093/97.

8.- Competencia para a adopción do acordo.- Corresponde á Xunta de Goberno Local, consonte co disposto no art. 127.d) Lei 7/1985, do 2 de abril (LBRL), modificada por Lei 57/2003.

Por todo iso, proponse a adopción do seguinte acordo:

1. Aprobar definitivamente o cambio de sistema de actuación de compensación a concerto do polígono de referencia.
2. Aprobar definitivamente o proxecto de equidistribución do devandito polígono, formalizado en escritura pública no 27.07.2005 perante o notario de Vigo D. Jaime Romero Costas co núm. 1425 do seu protocolo, promovido por "Basisa, C.B", redactado polos arquitectos Guillén, Mateos y Llopiz, con planos visados polo COAG o 20.05.05.
3. Comunicar ós interesados que contra o presente acordo cabe interpoñer con carácter potestativo recurso de reposición perante esta Administración no prazo dun mes dende a notificación do acto ou, contencioso-administrativo perante o Xulgado do contencioso-administrativo no prazo de dous meses.

Acordo.-

A Xunta de Goberno local aproba a proposta que se contén no precedente informe.

38(1784).-APROBACIÓN DEFINITIVA DO PROXECTO DE COMPENSACIÓN UE.-IND-II-03-SAN ANDRÉS DE COMESAÑA. EXPTE 4555/401).

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do técnico de Admón. Xeral e da arquitecta municipal da Xerencia Municipal de Urbanismo Xestión, do 19.12.05, conformado pola arquitecta municipal e polo técnico en Admón. Xeral, que di o seguinte:

I.- Este Informe-Proposta refírese ó Proxecto de Compensación da UE Industrial II-03 San Andrés de Comesaña, presentado pola Xunta de Compensación no Rexistro da Xerencia Municipal de Urbanismo en data 22/10/2004 e rectificadado e completado con nova documentación nos días 04/02/2005, 14/06/2005 e 11/11/2005, redactado polo arquitecto D. J. Enrique López Santander.

A documentación, coas correccións achegadas en contestación ás observacións formuladas nas sucesivas notificacións efectuadas pola Oficina municipal de planeamento e xestión, consiste en:

- Un primeiro tomo (2 copias), datado en novembro de 2005 (que substitúe aos anteriores de setembro de 2004 e maio de 2005), consta dunha Memoria, na que se inclúen os antecedentes; o contido do proxecto de compesación coa descrición das fincas antigas ou orixinais abrangidas na Unidade de execución, a descrición das parcelas resultantes da actuación, valoracións e indemnizacións, localización dos terreos de cesión obrigatoria, regulación de condominios das parcelas resultantes; cadros resumo de fincas iniciais, fincas resultantes, de conta de liquidación provisional e cota de participación, e cadro de reparto proporcional de servidume da paso, e por último, 6 planos numerados 1, 2-1, 2-2, 2-3, 3 e 4.
- Tres tomos que conteñen as copias das escrituras e títulos de propiedade.

II.- ANTECEDENTES.-

II.1.- O vixente Plan Xeral de Ordenación Urbana do 29/04/1993 (PXOU-93) delimitou a unidade de execución Industrial "II-03 San Andrés de Comesaña" de iniciativa particular, cunha clasificación de solo urbano, a desenvolver polo sistema de compensación.

En data 24/04/2000 o Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo acordou aprobar definitivamente os estatutos e bases de actuación da Xunta de Compensación (XC) (expte nº 4168/401, BOP 24/04/2000). A XC constituíuse mediante Escritura Pública outorgada no 28/09/2000 perante o notario de Vigo D. Alejo Calatayud Sempere, co núm. 1714 do seu protocolo. En virtude de Acordo da CPTOPV do 11/12/2000 inscribiuse no Rexistro de Entidades Urbanísticas Colaboradoras.

Na XC incorporáronse tódolos propietarios do polígono agás o Ministerio de Fomento, que é titular dunha franxa de vial incluída dentro do ámbito (dominio público).

II.3.- Na súa asemblea xeral do 09/09/2004 a XC acordou aprobar inicialmente o Proxecto de Compensación (PC) do polígono de referencia, co voto unánime dos asistentes, que representaban o 83,27% das cotas de participación. A continuación abríuse un trámite de información pública polo prazo de 20 días hábiles, mediante publicación de anuncio no BOP núm. 224 do 19/11/2004 e notificación individualizada ós interesados. Durante dito período interpuxéronse dous escritos de alegacións, subscritos, respectivamente, por D^a Elisa Pazos Beiro, en representación de "Talleres Rouco SL" (21/12/2004) e por D. Ricardo Suárez Ramilo no nome de "Urbarrio SL" (01/12/2004).

No 18/01/2005 a Asemblea Xeral da XC acordou, co voto favorable do 62,91 % das cotas de participación, desestimar as alegacións de "Talleres Rouco SL" e estimar as de "Urbarrio SL", así como aprobar o PC para a súa remisión á Administración municipal.

II.4.- No 04/02/2005 a XC presentou na Xerencia de Urbanismo un escrito comunicando os referidos antecedentes e achegando dous exemplares do PC para a súa aprobación definitiva.

No 23/03/2005 o Xefe da Oficina Municipal de Patrimonio Histórico emitiu un Informe no que recomendou a conservación 'in situ', ou no seu defecto o traslado, do hórreo existente nese ámbito, a pesares de non atoparse inventariado.

Mediante senllos oficios do 29/03/2005 e 07/06/2005 requiríuse da XC a corrección de certos extremos do PC e a aportación de nova documentación.

Nos días 14/06/2005 e 22/07/2005 a XC presentou a documentación requirida. No 30/08/2005 o topógrafo municipal emitiu un Informe sobre a superficie do polígono e a titularidade dos camiños existentes no mesmo. No 13/09/2005 a oficina do Inventario Municipal emitiu un Informe no que se constata que non existe ningún terreo, nin camiño público municipal dentro do referido ámbito.

No 20/09/2005 remitiuse un novo oficio á XC para que corrixisse certos extremos do PC. En data 11/11/2005 a XC presentou na Xerencia de Urbanismo a documentación requirida, cun texto refundido do PC rectificado. No 15/12/2005 os titulares das fincas primitivas "1" e "2" presentaron senllos escritos nos que manifestaron a súa conformidade coas adxudicacións do PC e renunciando a reclamar indemnización.

II.5.- Paralelamente e co núm. de expte. 4554/401 estase tramitando o Proxecto de Urbanización deste polígono.

III.- OBXECTO.-

O obxecto de Proxecto de compensación é a distribución equitativa de beneficios e cargas, así como a reparcelación das fincas integrantes do Polígono de acordo co planeamento máis detallado aprobado: "Estudo de Detalle UE Ind. II – 03 San Andrés de Comesaña" (expte. 4034/411). Trátase de finalidades propias dos Proxectos de compensación segundo o artigo 157 e 115 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística de Galicia (LOUGA), e o capítulo II do Regulamento de Xestión Urbanística (RXU), ó que se atén a documentación presentada.

IV.- PARCELAS INICIAIS.-

No apartado "II-2" do PC describíense as fincas orixinais achegadas polos membros da XC, cun total de 31 parcelas que acadan unha superficie conxunta de 19.352,00 m².

No apartado "VIII" dos antecedentes do PC sinálase que na data de constitución da XC incorporouse á mesma o 100% da superficie do ámbito.

Posteriormente o Ministerio de Fomento expropiou unha franxa de ditos terreos, colindante coa Avda. de Ricardo Mella, para viario público. Dita Administración pública estatal considerouse integrada automaticamente na XC en virtude do disposto no art. 163.2 RXU.

Na relación de parcelas iniciais do P.C descríbese unha parcela a nº 14 que en realidade é un camiño privado -serventía- de 371,00 m² asignándosele a súa titularidade a tódolos integrantes da XC en proporción á superficie das súas respectivas fincas iniciais.

Entre a documentación presentada con data 14/06/2005 inclúense as Actas previas á ocupación da expropiación forzosa realizada polo M^o de Fomento no proxecto de obras da "CIRCUNVALACIÓN DE VIGO, TRAMO CASTRELOS-BOUZAS CON AUTOPISTA PUXEIROS-VAL MIÑOR, PROXECTO DE OBRAS 48-PO-3250". Esta expropiación afecta ás parcelas iniciais nº 1, 2, 3, 20, 22, 23, 24, 25, 26, 28 e 30. Resultando totalmente expropiadas as parcelas 24 (195,00 m²) e 25 (206,85 m²), nestas corrixiéronse as superficies expropiadas axustándoas ás superficies reais do PC de: 195,60 e 206,85 m², respectivamente. A expropiación realizada acada unha superficie total de 1982,45 m² (1982,00 m², s/actas previas de ocupación). Á superficie expropiada pertencente ao M^o de Fomento adxudicáraselle a parte proporcional correspondente á finca 14 -paso de servizo común- así como a edificabilidade resultante.

No cadro “Fincas iniciais” do primeiro tomo do PC figura a relación das parcelas iniciais incluídas as totalmente expropiadas, co reparto proporcional da servidume de paso e a superficie final das parcelas unha vez descontada a superficie expropiada nas correspondentes parcelas.

PAR- CE- LAS	PROPIETARIOS	SUP. ESCRITURA . m ² _s	SUP. REAL S/P.C. . m ² _s	EXPRO- PIACIÓN, M ^o FO- MENTO	SUP. RESULTAN- TE. - P. C. . m ² _s	REPARTO SERV. . m ² _s	SUP. FINAL COMPUTA- DA, m ² _s	% S/SUP. TOTAL
1	JULIO ALONSO ALONSO e outra	1.630,00	1.627,15	80	1.547,15	30,24	1.577,39	8,15
2	DORINDA GLEZ HERMIDA e outros	648,00	628,15	93,00	535,15	10,46	545,61	2,82
3	TALLERES ROUCO, S.L.	1.544,00	1.544,00	310,00	1.234,00	24,12	1.258,12	6,50
4	M ^o CARMEN GLEZ COSTAS	301,00	301,00		301,00	5,88	306,88	1,59
4a	M ^o ELISA PAZOS BEIRO e outro	282,34	247,95		247,95	4,85	252,80	1,31
5	M ^o ELISA PAZOS BEIRO e outro	315,00	315,00		315,00	6,16	321,16	1,66
6	JOSÉ LUIS RIAL ALONSO e outra	255,00	255,00		255,00	4,98	259,98	1,34
7	DANIEL COSTAS COSTAS Y M ^o FELICIDAD FDEZ COSTAS	473,00	470,65		470,65	9,20	479,85	2,48
8	M ^o , MANUEL, JOSÉ E VALENTÍN ABREU RGUEZ	328,50	364,25		364,25	7,12	371,37	1,92
9	DANIEL COSTAS COSTAS Y JUAN CARLOS COSTAS LAGO	342,00	395,00		395,00	7,72	402,72	2,08
10	INES OLIVEIRA COSTAS	603,00	603,00		603,00	11,79	614,79	3,18
11	ALBERTO ALONSO COSTAS	603,00	660,65		660,65	12,91	673,56	3,48
12	NIEVES PAZÓ FERNANDEZ	255,92	491,15		491,15	9,60	500,75	2,59

13	JUAN PÉREZ FERNÁNDEZ e outros	503,00	466,70		466,70	9,12	475,82	2,46
14	SERVIDUME DE PASO reparto proporcional entre todos prop.		371,00		371,00			
15	EDUARDO COUSO COSTAS	522,00	616,10		616,10	12,04	628,14	3,25
16	ANTONIO OLIVEIRA COSTAS	1.119,00	1.084,00		1.084,00	21,19	1.105,19	5,71
17	CLARA Y JOSÉ FDEZ GARCIA	560,00	557,00		557,00	10,89	567,89	2,93
18	Mª DOLORES RIAL OLIVEIRA	914,00	899,00		899,00	17,57	916,57	4,74
19	CONCEPCIÓN AQUILINA FERNÁNDEZ ALONSO	411,00	757,85		757,85	14,81	772,66	3,99
20	JOSÉ ANGEL RGUEZ ROMÁN	240,00	317,25	10,00	307,25	6,01	313,26	1,62
21	ANGELA PUJALES ALONSO e outro	389,00	388,60		388,60	7,60	396,20	2,05
22	JUAN TOMÁS ÁLVAREZ RIAL e fillos	993,00	993,00	128,00	865,00	16,91	881,91	4,56
23	JOSEFA M. ABREU GARCÍA	467,00	461,00	401,00	60,00	1,17	61,17	0,32
24	Mª LUISA FERNÁNDEZ ALONSO	226,00	195,60	195,60	0	0	0	
25	JOSEFINA COSTAS COSTAS Y Mª JOSÉ RIAL COSTAS	207,00	206,85	206,85	0	0	0	
26	URBARRIO, S.L.	220,00	226,65	18,00	208,65	4,08	212,73	1,10
27	MARIA JOSEFA COSTAS ALONSO	127,00	128,40		128,40	2,51	130,91	0,68
28	MANUEL FERNÁNDEZ PÉREZ	1.137,50	1.243,70	360,00	883,70	17,27	900,97	4,66
29	JAVIER Y SILVIA FERNÁNDEZ VIEITEZ	1.137,50	1.243,70		1.243,70	24,31	1.268,01	6,55
30	FRANCISCO IGLESIAS PAZ e MARCIANA IGLESIAS PÉREZ	1.298,00	1.292,65	180,00	1.112,65	21,75	1.134,40	5,86

31	MINISTERIO DE FOMENTO			1.982,45	1.982,45	38,75	2.021,20	10,44
	TOTAL	18.051,76	19.352,0		19.352,0	371,00	19.352,0	100,0

No apartado de planos do PC consta certificación do arquitecto superior D. José Enrique López Santander, no que se indica que: "... los reseñados planos han sido elaborados por el técnico que suscribe, quien por tal causa asume la responsabilidad técnica de que las mediciones efectuadas en el proyecto, especialmente en lo que se refiere a la superficie de las parcelas iniciales, se corresponden con la realidad existente y delimitación de las parcelas indicadas in situ por los propietarios respectivos y examen de los títulos de propiedad."

No apartado II.1.A) da memoria do PC indícase que a superficie total real según medicións topográficas realizadas con ocasión da redacción do Estudio de Detalle deste polígono é de 19.352,00 m², do que resulta:

SUPERFICIE PARCELAS PRIVADAS:	19.352,00 m ² .
SUPERFICIE CAMIÑOS E VIAIS PÚBLICOS:	0,00 m ² .
TOTAL SUPERFICIE U.E.:	19.352,00 m ² .

V- PARCELAS RESULTANTES.-

A parcelación resultante proposta axústase ao Estudo de detalle deste ámbito (Exp. nº 4034/411), na que os sólidos capaces están dimensionados para a edificabilidade total resultante 69.690,67 m³, inferior á que resulta de aplicar o coeficiente de edificabilidade 4,00 m³/m² da Ordenanza 2.2.D.a, establecida na ficha de planeamento, á superficie total do ámbito 19.352,00 m². Esta edificabilidade de 69.690,67 m³, será a edificabilidade total obxecto de reparto.

En total o número de parcelas resultantes con aproveitamento lucrativo son catro (4). Para a reparcelación tívose en consideración o disposto no apartado 3.4.5. das normas urbanísticas do PXOU-93: "Ordenanza 2.2. de Industria" na que para a ordenanza 2.2.D, aplicábel ao ámbito desta unidade de execución, establécese unha parcela mínima de 1.000 m² e máxima de 5.000 m². No PC a parcela mínima é de 3.120 m² e a máxima de 4.217 m². No apartado II.1.C) do PC sinálase que as parcelas resultantes adxudícanse seguindo criterios de proximidade entre a parcela achegada e a parcela adxudicada. Non obstante, nalgúns casos, tendo en conta que algúns propietarios teñen interese no alleamento conxunto a terceiros das parcelas resultantes, para a súa promoción; e que outros están interesados na conservación da cota de propiedade que sobre a parcela resultante lles poida ser adxudicada, para a edificación por se mesmos, procurouse agrupar a uns e outros segundo estas finalidades co acordo unánime de todos os afectados.

Dos 69.690,67 m³c edificables, dedúcese que o 10% de aproveitamento municipal é de 6.969,07 m³c, co que o aproveitamento lucrativo susceptible de apropiación polo propietarios resulta de 62.721,60 m³c.

O aproveitamento que o PC adxudica ó Concello localízase na parcela resultante nº "C" en proindiviso cos propietarios das parcelas iniciais nº 18, 19, 20, 21, 23, 6, 27, 28, 30 e 31 (Mº de Fomento), correspondéndolle o 34,30 % do total da parcela que equivale a unha edificabilidade de 6.969,07 m³c.

O aproveitamento adxudicado ao Mº de Fomento localízase nas seguintes parcelas resultantes: Parcela A en proindiviso cos propietarios das parcelas iniciais 1, 2 e 3: o 6,34% do total da parcela que equivale a unha edificabilidade de 741,49 m³c; Parcela B en proindiviso cos propietarios das parcelas iniciais, 4, 4a, 5, 26, 7, 8, 9, 10, 11 e 22: o 29,94% do total da parcela que equivale a unha edificabilidade de 5.435,99 m³c; e Parcela C, en proindiviso co Concello e cos propietarios das parcelas iniciais nº 18, 19, 20, 21, 23, 6, 27, 28, 30: o 1,84% do total da parcela que equivale a unha edificabilidade de 373,41 m³c.

O cadro de adxudicacións é como segue:

FINCAS RESULTANTES	ADXUDICATARIOS	PARCELA INICIAL	SUPERFICIE (m ² s)	EDIFICABILIDAD E (m ³ c)	CUOTA A S/PAR CELA %	CUOTA G. URB. %
A 11.700 m ³ c	JULIO ALONSO ALONSO e outra	1	3.120	5.112,467	43,70	8,15
	DORINDA GONZALEZ HERMIDA e outros	2		1.768,372	15,11	2,82
	TALLERES ROUCO, S.L.	3		4.077,681	34,85	6,50
	MINISTERIO DE FOMENTO	31 (11,32%)		741,487	6,34	1,18
B 18.157,75 m ³ c	M ^a CARMEN GLEZ COSTAS	4	3.926	994,637	5,48	1,59
	M ^a ELISA PAZOS BEIRO e outro	4 a		819,336	4,51	1,31
	M ^a ELISA PAZOS BEIRO e outro	5		1.040,899	5,73	1,66
	URBARRIO, S.L.	26		689,472	3,80	1,10
	DANIEL COSTAS COSTAS M ^a FELICIDAD FDEZ COSTAS	7		1.555,235	8,57	2,48
	M ^a , MANUEL, JOSÉ E VALENTÍN ABREU RGUEZ	8		1.203,643	6,63	1,92
	DANIEL COSTAS COSTAS Y J. CARLOS COSTAS LAGO	9		1.305,254	7,19	2,08
	INES OLIVEIRA COSTAS	10		1.992,578	10,97	3,18
	ALBERTO ALONSO COSTAS	11 (12,02%)		262,366	1,44	0,42
	JUAN TOMÁS ÁLVAREZ RIAL E FILLOS.	22		2.858,342	15,74	4,56
MINISTERIO DE FOMENTO	31 (82,98%)	5.435,996	29,94	8,67		
C 20.319,47 m ³ c	M ^a DOLORES RIAL OLIVEIRA	18	4.217	2.970,693	14,62	4,74
	CONCEPCIÓN AQUILINA FERNÁNDEZ ALONSO	19		2.504,271	12,32	3,99
	JOSÉ ANGEL RGUEZ ROMÁN	20		1.015,290	5,00	1,62
	ANGELA PUJALES ALONSO e outro	21		1.284,106	6,32	2,05
	JOSEFA M. ABREU GARCÍA	23		198,267	0,98	0,32
	JOSÉ LUIS RIAL ALONSO e outra	6		842,633	4,15	1,34
	MARIA JOSEFA COSTAS ALONSO	27		424,290	2,09	0,68
	MANUEL FERNÁNDEZ PÉREZ	28		2.920,135	14,37	4,66
FRANCISCO IGLESIAS PAZ E	30	817,313	4,02	1,30		

	MARCIANA IGLESIAS PÉREZ	(22,23%)				
	AYUNTAMIENTO - 10%			6.969,067	34,30	
	MINISTERIO DE FOMENTO	31 (5,7%)		373,406	1,84	0,59
D 19.513,45 m ³ c	ALBERTO ALONSO COSTAS	11 (87,98%)	4.205	1.920,716	9,84	3,06
	NIEVES PAZÓ FERNANDEZ	12		1.622,976	8,32	2,59
	JUAN E P. PÉREZ FERNÁNDEZ e outros	13		1.542,183	7,90	2,46
	EDUARDO COUSO COSTAS	15		2.035,866	10,43	3,25
	ANTONIO OLIVEIRA COSTAS	16		3.582,014	18,36	5,71
	CLARA E JOSÉ FDEZ GARCIA	17		1.840,574	9,43	2,93
	JAVIER E SILVIA FERNÁNDEZ VIEITEZ	29		4.109,734	21,06	6,55
	FRANCISCO IGLESIAS PAZ E MARCIANA IGLESIAS PÉREZ	30 (77,77%)		2.859,381	14,65	4,56
	TOTAL CESIÓNS VIARIO		3.884			
TOTAIS			19.352	69.690,665		100,00

Os gastos de urbanización cuantifícanse (provisionalmente, e pendentes da liquidación definitiva) nun total de 663.152,81 €, entre os que se inclúen 391.854,86 €, de obras de urbanización do polígono (o que se deberá xustificar posteriormente cos gastos reais da urbanización), 132.097,95 € en concepto de indemnización por derruba de edificacións e extinción de arrendamento, e 139.200 €, de gastos de honorarios e custos de xestión.

Os custos de urbanización se repartirán proporcionalmente entre todos os propietarios, proporcionalmente de acordo co coeficiente de participación de cada parcela. O Concello non asumirá ningún custe de urbanización por razón do seu aproveitamento de cesión obrigatoria (10% do total), tal e como dispoñe o art. 20.1.c) Lei 9/2002, do 30 de decembro (LOUGA).

As valoracións de edificacións, obras e outros dereitos arrendatarios (fincas iniciais nº 16 e 13) xustifícanse polo técnico da Xunta de Compensación no Anexo de Valoracións e no apartado II.4.A.- do Proxecto de Compensación.

As superficies de cesión concréntanse na páxina 38 e 39 do Proxecto de Compensación, nas seguintes parcelas resultantes reflectidas no Plano nº 4 “Plano de cesións”:

- PARCELA 1: Vial público interior de acceso ás parcelas adxudicado ao Concello: 1.538,00 m²s.
- PARCELA 2: Ampliación da avda de Ricardo Mella adxudicada ao Mº de Fomento: 1.982,45 m²s (1.982,00 m² s/ actas previas de ocupación).
- PARCELA 3: Ampliación avda de Ricardo Mella adxudicada ao Concello: 364,00 m²s
- PARCELA 4: 10% aproveitamento municipal adxudícase en pro indiviso na PARCELA RESULTANTE “C” 6.969,07 m³c. (cuota de participación en pro indiviso 34,30%):

CADRO RESUMO DA ORDENACIÓN DO ESTUDO DE DETALLE e PROXECTO COMPENSACIÓN

ESTUDO DE DETALLE		PROX. COMPENSACIÓN	
UE. IND. II-03 SAN ANDRÉS DE COMESAÑA		UE. IND. II-03 SAN ANDRÉS DE COMESAÑA	
SUPERFICIES TOTAL	Parcelas privadas:	SUPERFICIE TOTAL AMBITO:	Parcelas privadas:

AMBITO:	19.352,00 m ²	19.352,00 m ² .	19.352,00 m ²
19.352,00 m ² .	Viario existente: 0,00 m ²		Viario existente: 0,00 m ² .
EDIFICABILIDADE:	69.690,67 m ³ . < (4 m ³ c/m ² s)	EDIFICABILIDADE: 69.690,67 m ³ . < (4 m ³ c/m ² s)	
		Propiedade privada: 90% 69.690,67 = 62.721,60 m ³ c	
USO	Industrial	Industrial	
CESIÓNS	VIARIO 3.884 m ² s.	Ampliación avda Ricardo Mella: 1.982,00 + 364,00 = 2.346,00 m ² s	
		Vial público interior: 1.538,00 m ² s	
		TOTAL VIARIO: 3.884,00 m ² s.	
	10% aproveitamento	6.969,07 m ³ c	

OBSERVACIÓNS: Constatada a existencia dun hórreo na parcela inicial nº 16, do que se proxecta o seu traslado, o Servizo de Patrimonio Histórico deste Concello a requirimento desta Oficina informou que se ben o citado hórreo non está recollido no Inventario do patrimonio etnográfico e que carecería da protección que para hórreos de maior antigüidade prevé a Lei do Patrimonio Cultural de Galicia, considérase recomendable a súa conservación in situ ou ben o seu traslado a unha zona pública prevista na propia U.E., establecendo que con carácter previo ao seu traslado se presentará no dito Servizo unha proposta de nova situación e o proxecto correspondente de desmontaxe e reconstrucción asinado por técnico competente.

VI.- ALEGACIÓNS FORMULADAS DURANTE A INFORMACIÓN PÚBLICA

VI.1.- Alegación de D. Ricardo Suárez Ramilo (Urbarrio SL) - 01/12/2005

Obxecto: Comunica a súa adquisición da finca primitiva núm. 26 do polígono de referencia e solicita que se lle adxudique o aproveitamento urbanístico que lle corresponda no PC na finca resultante "B", en réxime de pro-indiviso.

Informe: A XC acordou na súa asembleia xeral do 18/01/2005 estimar esta alegación, téndoselle como propietario da parcela primitiva 26 e adxudicándoselle o seu aproveitamento na resultante "B", en réxime de pro-indiviso.

Proposta: Estimar a alegación, no senso exposto.

VI.1.2.- Alegación de D^a Elisa Pazos Beiro (Talleres Rouco SL) - 21/12/2004 -

Obxecto: Solicita, en primeiro termo, que se lle adxudique a "Talleres Rouco SL" unha parcela resultante en exclusiva propiedade e pleno dominio, non en réxime de proindiviso, sobre a parcela inicial núm. 3, compensándosele así as indemnizacións que lle puidesen corresponder co conseguinte exceso de aproveitamento. Tamén que se lle adxudique a D^a Elisa Pazos Beiro o seu aproveitamento na parcela resultante "B". En segundo lugar solicita unha indemnización de 90.639,83 € pola afección parcial da nave industrial existente afectada pola aliñación do vial.

Informe: A Xunta de Compensación acordou desestimar esta alegación na súa Asembleia xeral do 18/01/2005. O número de parcelas de resultado non se pode incrementar, pois o cumprimento das determinacións da ordenanza 2.2.D do PXOU-93 (recuamentos, superficie mínima e máxima, etc) impedirían materializar gran parte do aproveitamento urbanístico recoñecido ó polígono no planeamento. En consecuencia, a configuración das parcelas de resultado prevista na última versión do PC é a mellor de entre as posibles, acomodándose ás determinacións do Estudo de Detalle aprobado e do propio Plan Xeral, así como da lexislación vixente.

Tampouco procede recoñecer ningunha indemnización pola derruba da parte da nave preexistente afectada polas aliñacións do viario. Elo porque tanto a nave como a actividade desenvolvida nela son clandestinas e ilícitas. Carecen de licenza e son ilegalizables por incumprimento das determinacións do planeamento. Motivo polo cal tramitáronse contra ela nesta Administración municipal senllos procedementos disciplinarios, un de restauración da legalidade urbanística e outro sancionador. O primeiro deles concluíu cun Acordo da Comisión de Goberno do 07/05/1993 no que se ordeou "a demolición da obra realizada por José Manuel Costas Rouco, na Avda. Ricardo Mella s/n consistente en construción dunha nave industrial de 440 m2 de superficie, con 142 m2 en planta baixa, 142 m2 en planta primeira, e 138 m2 de almacén adosado ó lateral esquerdo da nave, carecendo da preceptiva licenza municipal e sendo non permisible (...). Concederlle a José Manuel Costas Rouco, o prazo dun mes, contado a partir da recepción da presente notificación a fin de que proceda voluntariamente á demolición das obras ordenadas anteriormente, apercibíndolle que no caso de incumprimento, se procederá á execución subsidiaria por este Concello, a súa costa". Asemade no 21/04/1993 o entón Alcalde-Presidente impúsolle por estos mesmos feitos unha sanción de 3.750.000 ptas.

Non concorre prescripción na orde de derruba, entroutros motivos porque aínda non concluíu o prazo de 15 anos dende a súa emisión, aplicable na interpretación máis favorable ó infractor, segundo criterio xurisprudencial consolidado, aplicado polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (Sª do Cont.-Ad.) en reiteradas sentenzas. Pode citarse como exemplo a súa S. de 14/12/2000 (recurso 4877/1997), na que considerou que: "(...) El Tribunal Supremo declara en la STS de 11-4-1984 (RJ 1984, 1994) que el plazo prescriptivo de las infracciones urbanísticas no alcanza a las órdenes de demolición. Concretando más, la STS de 5-6-87 (RJ 1987, 5927), que cita los AATS de 11-7-85 (RJ 1985, 3896) y 16-10-76 (RJ 1976, 5817) como resoluciones anteriores que se pronunciaron en el mismo sentido, establece que la prescripción de una orden administrativa firme de derribo no tiene lugar hasta el transcurso del plazo de los 15 años previsto en el artículo 1964 del Código Civil".

Proposta: Desestimar esta alegación.

VII.- É competente para acorda-la aprobación definitiva do Proxecto de Compensación a Xunta de Goberno Local, de conformidade co disposto no art. 127.1.d) LBRL.

En virtude do exposto, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

ACORDO

PRIMEIRO: Estimar a alegación formulada por D. Ricardo Suárez Ramilo (Urbarrio SL) durante o trámite de información pública aberto no procedemento de referencia. Desestimar a alegación de Dª Elisa Pazos Beiro (Talleres Rouco SL) polos motivos sinalados na parte expositiva deste Acordo.

SEGUNDO: Aprobar definitivamente o Proxecto de Compensación da UE II-03 San Andrés de Comesaña, promovido pola Xunta de Compensación dese polígono e redactado polo arquitecto D. J. Enrique López Santander, na súa última versión, de novembro de 2005 (expte. 4555/401).

TERCEIRO: Con carácter previo ó traslado do hórreo existente na parcela inicial núm. 16 presentarse na oficina municipal de Patrimonio Histórico unha proposta de relocalización, así como o proxecto de desmontaxe e reconstrución.

CUARTO: A Xunta de Compensación deberá pagar ou consignar as indemnizacións previstas no Proxecto de Compensación no prazo máximo de 6 meses. Tamén deberá inscribir o Proxecto de Compensación no Rexistro da Propiedade e achegar a esta Administración municipal unha copia do mesmo coa referencia rexistral das fincas resultantes inscritas de titularidade municipal.

QUINTO: Notifíquese este Acordo ós propietarios do polígono, alegantes, xunta de compensación e demais interesados, coa advertencia de que contra o mesmo cabe interpór, alternativamente, recurso de reposición ante esta Administración municipal no prazo dun mes, ou recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses. Notifíquese tamén á oficina municipal de patrimonio para que inscriba no rexistro de bens as parcelas adxudicadas ó Concello.

Acordo.-

A Xunta de Goberno local aproba a proposta que se contén no precedente informe.

39(1785).-APROBACIÓN DEFINITIVA DO PROXECTO DE EQUIDISTRIBUCIÓN POLÍGONO 4 DO PERI IV-01-SAN ROQUE A. EXPTE 4587/401.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do técnico de Admón. Xeral e do arquitecto municipal do Servizo de Planeamento da Xerencia Municipal de Urbanismo, do 16.12.05, que di o seguinte:

I.- DOCUMENTACIÓN

A documentación obxecto deste Informe consiste nun proxecto de equidistribución do Polígono 4, área de reparto 2, do PERI IV-01 San Roque, presentado nesta Administración municipal para a súa tramitación e aprobación polo sistema de concerto consonte o disposto no art. 150 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (LOUGA).

O documento ven asinado, polo avogado D. Javier García Martínez e polo arquitecto D. Enrique Acuña Fernández. Foi protocolizado en Escritura Pública outorgada polo notario de Vigo D. José María Rueda Pérez en data 24/10/2005, co núm. 2306 do seu protocolo.

O Proxecto componse dun único tomo co seguinte contido:

Documento 1: Memoria

Documento 2: Descripción da finca de orixe

Documento 3: Valoración das edificacións e instalacións existentes que deben ser obxecto de demolición.

Documento 4: Descripción das fincas resultado:

a) Parcelas con aproveitamento lucrativo

b) Terreos de cesión obligatoria ao Concello de Vigo.

Documento 5: Custos de urbanización.

Documento 6: Conta de liquidación provisional.

Documentación gráfica.

Anexos: Documentos xustificativos da propiedade.

Como anexo figura tamén unha taxación da empresa TINSA referida ao 10% do aproveitamento urbanístico da parcela, adxudicable ó Concello.

II.- ANTECEDENTES.-

En data 28/06/2004 o Pleno do Concello de Vigo acordou aprobar definitivamente o PERI IV-01 SAN ROQUE A (Expte. 8159/411, BOP núm. 164, do 25/08/2004). Nel delimitouse o Polígono nº 4 dentro da área de reparto nº 2 Cunha superficie de 17.425 m², a desenvolver polo sistema de concerto.

A Ficha de características, que para ese polígono establece o PERI aprobado definitivamente é a seguinte:

<p><u>PERI IV-01 SAN ROQUE A</u> AREA DE REPARTO A.R.2 SISTEMA: CONCERTO</p>		<p>POLÍGONO P-4</p>
<p>SITUACION: N: Rúa Pizarro, S: Camino de Mañucas , L: Praza de Isabel a Católica, O: Vázquez Varela</p>		
<p>SUPERFICIES E APROVEITAMENTO:</p> <p>SUPERFICIE TOTAL: 17.425 m²s</p> <p>APROVEITAMENTO LUCRATIVO:</p> <p>EDIFICABILIDADE RESIDENCIAL: 14.376 m²c R (Cp=1) Nº DE VIVENDAS: 174</p> <p>EDIFICABILIDADE COMERCIAL E TERCIARIO: 9.630 m²cCT (Cp=0,9)</p> <p>APROVEITAMENTO TIPO: 1,3399 m²cutc /m²s</p>	<p>CESIÓNS (m²)</p> <p>VIARIO/APARCAMENTOS:2.533 m²s ESPACIOS LIBRES: 646 m²s ZONAS VERDES:8.500 m²s</p> <p>APROVEITAMENTO: 10%</p>	
<p>OBSERVACIÓNS:</p> <p>Ordenación detallada en planos do PERI. O instrumento de equidistribución e o proxecto de urbanización deberán presentarse no prazo dun ano desde a aprobación definitiva do PERI. As cubertas formando terrazas axardinadas no edificio central escalonado , así como os accesos ó parque serán de uso público, obriga que se formalizará no Proxecto de compensación e na escritura de división horizontal. Recolocarse o arborado de interese, na zona protexendo a palmeira existente. Condicións segundo o Convenio aprobado polo Pleno o 27 de marzo de 2.000 (Anexo a este PERI). Entre os gastos de urbanización deste Polígono, a asumir polos propietarios do mesmo, inclúense a completa urbanización da Rúa Pizarro, ambas beirarrúas e calzada segundo a ordenación do PERI.</p>		

En data 09/03/2005, D. Clemente Pousa Pereira (Doblada SA), D. José Manuel Rodríguez García (Inmuebles , Viviendas y Obras de Galicia SA), e D. Carlos Vidal Andión (Vallermoso, División Promocional SAU), en calidade de copropietarios en proindiviso da parcela que abrangue o polígono (finca rexistral 62881), presentaron no Rexistro da Xerencia Municipal de Urbanismo unha solicitude de informe previo sobre un borrador de Proxecto de Equidistribución.

No 21/04/2005 a oficina do Inventario municipal emitiu un Informe sobre a titularidade pública dun vial existente no ámbito de referencia.

Mediante oficio do 05/05/2005 da oficina municipal de Planeamento requíriuse ós interesados a fin de que rectificasen diversos extremos da proposta de equidistribución. Os promotores da actuación presentaron a versión definitiva do Proxecto de Equidistribución mediante escritos do 21/06/2005, 30/09/2005 e 25/10/2005 xunto cun Informe pericial da entidade "Tasaciones Inmobiliarias SA, TINSA" no que se valora o aproveitamento urbanístico adxudicado ó Concello.

No 26/10/2005 o técnico de administración xeral da oficina municipal de Planeamento e Xestión emitiu un Informe xurídico ó respecto. A continuación abríuse un trámite de información pública polo prazo de 20 días hábiles, mediante publicación de anuncio no BOP núm. 212, do 04/11/2005 e notificación ós interesados.

Durante dito período non se interpuxo ningún escrito de alegacións, segundo certificou o Secretario da Xerencia no 13/12/2005.

III.- OBXECTO.-

O obxecto do Proxecto de Equidistribución é o reparto de beneficios e cargas, e a reparcelación das fincas integrantes do Polígono, de acordo coa ordenación detallada que figura no PERI IV-01 San Roque A aprobado definitivamente.

Trátanse de finalidades propias dos instrumentos de equidistribución, segundo o artigo 115 LOUGA, e o capítulo II do Regulamento de Xestión Urbanística, ó que se atén a documentación presentada.

IV.- PARCELAS INICIAIS.-

O Proxecto de Equidistribución refírese a unha única parcela rexistral de 17.425,76 m² de superficie, que abrangue as fincas catastrais 37565-12, 37565-01, 36556-11, 36556-12, 36556-13, 36556-14, 36556-15, 36556-16.

Segundo informou a Oficina de Patrimonio do Concello no 21/04/2005, e comprobou o topógrafo municipal, no ámbito existe un camiño incluído no inventario Municipal de viais públicos (núm. 00890), nunha superficie de 227 m². Por tratarse dun ben de dominio e uso público existente con anterioridade, non xera aproveitamento, debendo entenderse substituído polas novas maiores superficies de dominio e uso público resultantes da execución do plan, segundo dispón o artigo 131.2 da LOUGA.

Polo tanto, a superficie susceptible de aproveitamento da parcela é de 17.198 m²s (= 17.425 - 227)

Tendo en conta que a edificabilidade permitida é de 14.376 m²c residenciais (m²cR), e 9.630 m²c terciarios (m²cT), e os coeficientes de ponderación fixados no Plan Xeral de 1 e 0,90 , cúmprese o aproveitamento tipo, xa que :

$$\text{Atipo} = ((14.376 \text{ m}^2\text{cR} \times 1) + (9.630 \text{ m}^2\text{cT} \times 0,90)) / 17.198 = \underline{1,3399 \text{ m}^2\text{cutc}/\text{m}^2\text{s}}$$

O aproveitamento susceptible de apropiación polos particulares é :

$$90\% \times \text{Atipo} \times S = 90\% \times 1,3399 \text{ m}^2\text{cutc}/\text{m}^2\text{s} \times 17.198 \text{ m}^2\text{s} = 20.739,240 \text{ m}^2\text{cutc}, \text{ equivalente a } 12.398,40 \text{ m}^2\text{cR} \text{ e } 8.667 \text{ m}^2\text{cT}.$$

O 10% de aproveitamento de cesión ao Concello é:

$$10\% \times \text{Atipo} \times S = 10\% \times 1,3399 \text{ m}^2\text{cutc}/\text{m}^2\text{s} \times 17.198 \text{ m}^2\text{s} = 2.304,36 \text{ m}^2\text{cutc}, \text{ equivalente a } 1.437,60 \text{ m}^2\text{cR} \text{ e } 962,95 \text{ m}^2\text{cT}.$$

Segundo consta na documentación aportada e a información rexistral que consta no expediente, a única finca é propiedade indivisa coas seguintes cuotas de participación:

DOBLADA S.A (42,591 %)

VALLEHERMOSO , DIVISIÓN PROMOCIÓN S.A (36,363 %)

INMUEBLES, VIVIENDAS Y OBRAS GALICIA S.A. (21,046 %)

O cadro de superficies e aproveitamento susceptible de apropiación da finca de orixe é o seguinte :

PROPIETARIO	PORCENTAXE (%)	SUPERFICIE E m ² s	APROVEITAMENTO O M ² c u.t.c	EDIF RESIDENCIAL m ² cR	EDIF. COM.TERC. m ² cT
DOBLADA	42,591	7.324,80	8.833,050	6.469,20	2.727,75
VALLEHERMOSO	36,363	6.362,80	7.541,410	6.469,20	1.385,10
INMUEBLES Y VIVIENDAS DE GALICIA	21,046	3.619,49	4.364,780	0,00	4.553,59
CONCELLO	0,000	0,00	2.304,360	1.437,60	962,95
TOTAIS	100,000	17.198,00	23.043,600	14.376,00	9.629,39

V.- PARCELAS RESULTANTES.-

A finca de resultado proposta axústase á ordenación detallada no PERI aprobado definitivamente.

En total o número de parcelas resultantes con aproveitamento lucrativo son tres , que se adjudican segundo o seguinte cadro:

PARCELAS RESULTANTES	SUPERFICIE m ² S	ADJUDICACION	EDIF RESIDENCIAL	EDIF.COM.T ERC.	TOTAL	%
PV1	1.191,10	DOBLADA	6.469,20	2.727,75	9.196,95	90
		CONCELLO	718,80	303,08	1.021,88	10
		TOTAL	7.188,00	3.030,83	10.218,83	100
PV2	1.140,40	VALLEHERMOSO	6.469,20	1.385,66	7.854,86	90
		CONCELLO	718,80	153,96	872,76	10

		TOTAL	7.188,00	1.539,62	8.727,62	100
PC	3.840,00	INMUEBLES Y VIVIENDAS DE GALICIA	0,00	4.553,60	4.553,60	90
		CONCELLO	0,00	505,96	505,96	10
		TOTAL	0,00	5.059,55	5.059,55	100

O total adxudicado, por propietario é o seguinte:

PROPIETARIO	EDIF RESIDENCIAL ADXUDICADA	EDIF.COM.TERC ADXUDICADA	APROVEITAMEN- TO ADXUDICADO	EDIFICAB. TOTAL	% S. EDIFICAB. TOTAL	% S. EDIF PART
DOBLADA	6.469,20	2.727,75	8.924,175	9.196,950	38,312	42,569
VALLEHERMO SO	6.469,20	1.385,10	7.715,790	7.854,300	32,719	36,354
INMUEBLES Y VIVIENDAS DE GALICIA	0,00	4.553,59	4.098,231	4.553,590	18,969	21,077
CONCELLO	1.437,60	962,95	2.304,255	2.400,550	10,000	
TOTAIS	14.376,00	9.629,39	23.042,451	24.005,390	100,000	

Como pode comprobarse a adxudicación ao Concello coincide co 10% do aproveitamento lucrativo do polígono, incluíndo o 10% do aproveitamento no subsolo de tódalas parcelas, que non se computaba por estar baixo rasante.

As adxudicacións dos particulares non se efectúan por aproveitamentos senon por edificabilidades, respectando a porcentaxe de propiedade. Dito extremo foi aceptado e proposto unánimemente pola propiedade, sen menoscabo dos intereses públicos.

VI.- PARCELAS DE CESIÓN.-

A parcela ZV de cesión ao Concello de Vigo, de 8.732,76 m2, supera a superficie de 8.500 m2 que figura na ficha do Polígono, e correspóndese coa prevista no PERI.

Os espazos libres de uso público ELP-1, ELP-2, ELP-3 e ELP-4 acadan a superficie total de 646 m2 de solo, tal como indica a ficha.

A superficie de vial de 1.875, 50 m2, para ampliación da Rúa Pizarro, xunto coas dúas servidumes de uso público de superficie CSP-1 e CSP-2 , de 384,40 m2 e 399,10 m2, acadan un total de 2.659 m2, superior aos 2.533 m2 de viarios e aparcamentos da ficha do polígono, tendo en conta que coa estimación da alegación nº 16 do PERI preveuse que esas dúas partes de ampliación do viario fosen cesións de uso público de superficie.

O dereito de uso público de superficie denominado no documento CSP-3, de 3.840 m2 , establecido sobre a parcela PC axústase á previsión da ficha de establecer terrazas axardinadas sobre ese edificio.

Establécese a obriga da conservación polos particulares destas superficies privadas de uso público, non así da zona verde central de 8.732,76 m2, integrada no sistema xeral de zonas verdes, e que continúa no polígono 3 deste PERI.

VII.- APROVEITAMENTO MUNICIPAL.-

Como se indicou anteriormente, o 10% de aproveitamento urbanístico que lle corresponde ao Concello adxudícase de forma proindivisa nun 10% de cada unha das parcelas resultantes. Polas características da ordenación e mezcla de usos resultaría, neste concreto caso, dificultosa e complexa a adxudicación do aproveitamento municipal nunha parcela independente, aportando os propietarios un informe-valoración da empresa TINSA na que se xustifica que non existen diferencias de valor entre a adxudicación da cesión nunha única parcela ou repartida uniformemente en todo o conxunto.

O total de edificabilidade adxudicada ao Concello é de 2.400,55 m²

- 1.437,60 m² de uso residencial, Edificabilidade de uso residencial, situadas 718,80 m² na parcela PV1 e 718,80 m² na parcela PV2 .
- 962,95 m² de usos comerciais e terciarios localizados : 303,08 m² na parcela PV1, 153,96 m² na parcela PV2 e
- 505,96 m².

VIII.- GASTOS DE URBANIZACIÓN.-

Os custes que inclúen a urbanización, obras complementarias e xestión do polígono, cuantifícanse (de xeito provisional e sometido á xustificación e liquidación definitiva) nun total de 973.384,50 €, o que supoñe unha repercusión de 55,86 €/m².

Nestes custes inclúense a completa urbanización da Rúa Pizarro, en ambas marxes, no fronte do Polígono, como esixe a ficha .

IX.- RESUMO DE DATOS DO PROXECTO DE EQUIDISTRIBUCIÓN:

O resumo de datos é o seguinte:

1. Ámbito	17.425 m ²
Propiedade particular:	17.198 m ²
Camiño público (sen aproveitamento)	227 m ²
2. Cesión de zonas verdes:	8.732,76 m ² (en parcela ZV)
3. Cesión de espazos libres:	646 m ² (en parcelas ELP-1, ELP-2, ELP-3 e ELP-4)
4. Cesión de viarios:	2.659 m ² (en ampliación de Pizarro e CSP-1 e CSP-2)
5. Parcelas resultantes:	3 fincas edificables
6.Total edificabilidade:	24.006 m ²
Edificabilidade uso residencial :	14.376 m ² R
Edificabilidade uso comercial e terciario :	9.630 m ² T

X.- FUNDAMENTOS XURÍDICOS

X.1.- O art. 150 LOUGA dispón que:

"1. O sistema de concerto poderá utilizarse cando tódolos terreos do polígono, agás os de uso e dominio público, se é o caso, pertencen a un único propietario, ou ben cando tódolos propietarios do polígono garantan solidariamente a actuación.

2. No sistema de concerto asumirá o papel de urbanizador o propietario único, ou ben o conxunto de propietarios que garantan solidariamente a actuación.

O art. 151 da mesma Lei engade que:

1. No sistema de concerto a xestión da actividade de execución poderá ser realizada: (...)

c) Directamente polo único propietario da totalidade dos terreos afectados."

Así mesmo, o art. 157.3 RD 3288/1978, do 25 de agosto (RXU) dispón que se tódolos terreos pertencen a unha comunidade en pro indiviso, como é o caso, considerárase como propietario único a estes efectos, se non existise oposición por ningún dos copartícipes.

O procedemento de aprobación do proxecto de Equidistribución regúlase no art. 153 LOUGA, do seguinte xeito:

"1. A proposta de equidistribución formulada polos propietarios afectados e formalizada en escritura pública será sometida a información pública durante vinte días mediante anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia e obxecto de informe polos servizos municipais correspondentes, e seralle elevada ó municipio para que se pronuncie sobre a aprobación definitiva (...)"

Neste caso cumpríronse os referidos trámites, axustándose o contido do proxecto ó preceptuado nos arts. 115 e ss. LOUGA.

X.2.- O aproveitamento urbanístico adxudicado ó Concello (10% do total), está exento de custes de urbanización, consonte co disposto no art. 20.1.c) LOUGA. Por outra banda, no proxecto de Equidistribución recóllese a obriga da propiedade de conserva-los espazos sobre os que se constitúe unha servidume legal en favor do concello para uso público da súa superficie ("cesión de uso de superficie").

X.3.- Por outra banda, propónse a desestimación da solicitude dos promotores da actuación de monetarización e adquisición directa do aproveitamento urbanístico adxudicable ó concello no polígono (10% do total). O Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo fixou como práctica xeral dende o ano 2003 o criterio de non monetarizar anticipadamente os aproveitamentos municipais nos polígonos. Unha vez aprobado o proxecto de equidistribución, se se constata a súa inadecuación para os fins do patrimonio municipal do solo, deberían allearse en procedemento de libre concorrencia.

Asemade, posteriormente o art. 177 LOUGA foi modificado por Lei 15/2004, do 29 de decembro, suprimíndose a posibilidade de monetarización anticipada dese aproveitamento -prevista expresamente na redacción anterior dese precepto- e impoñéndose a obriga de allealo mediante o procedemento de concurso público aberto.

X.4.- É competente para dicta-lo Acordo que agora se propón, a Xunta de Goberno Local, de conformidade co disposto no art. 127 LBRL.

En virtude do exposto, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte A C O R D O

PRIMEIRO: Aprobar definitivamente o Proxecto de Equidistribución do polígono "4", área de reparto "2", do PERI "IV-San Roque 1 A", formalizado en escritura pública outorgada no 24/10/2005 perante o notario de Vigo D. José María Rueda Pérez co núm. 2.306 do seu protocolo (Expte. 4587/401).

SEGUNDO: Desestimar a solicitude de monetarización e adquisición directa do aproveitamento urbanístico de cesión legal ó Concello, polos motivos sinalados na parte expositiva deste Acordo.

TERCEIRO: Deberá inscribirse o Proxecto de Equidistribución no Rexistro da Propiedade e achegar a esta Administración municipal unha copia do mesmo coa referencia rexistral das fincas resultantes de titularidade municipal.

CUARTO: Notifíquese este Acordo ós interesados, coa advertencia de que contra o mesmo cabe interpór, alternativamente, recurso de reposición ante esta Administración municipal no prazo dun mes, ou recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses. Notifíquese tamén ó equipo redactor do novo PXOM e á oficina municipal de patrimonio.

Acordo

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta que se contén no precedente informe.

40(1786).-REVISIÓN DE OFICIO DO ACORDO DO CONSELLO DA XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO DE DATA 19.12.97 (JOSÉ PIÑEIRO OROSA-URBANIZACIÓN RUA GÁNDARA). EXPTE 4584/401.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do técnico de Admón. Xeral do Servizo de Xestión da Xerencia municipal de Urbanismo, do 19.12.05, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

O Pleno da Corporación, na súa sesión de 15 de outubro de 1991, deu aprobación ó proxecto de urbanización da Rúa Gándara, indicando que os promotores solicitantes deberían prestar garantía do exacto cumprimento dos compromisos adquiridos, por importe de 11.565.250 pts e que coa primeira das licenzas de edificación que se conceda, con fronte ó vial en proxecto, deberán executarse a totalidade das obras de urbanización no prazo fixado.

Na sesión da Comisión de Goberno de 31 de outubro de 1991 (rectificado por outro de 30 de abril do ano 1992), acordouse a concesión de licenza (6491/421) a don Jose Piñeiro Orosa e don Máximo González Paz para a construción dun edificio na rúa Gándara.

O 29 de abril de 1996 a Comisión de Goberno aprobou a recepción das obras de apertura e urbanización da rúa Doctor José Mato (antes Gándara), sector da Florida, tramo entre Florida e Fragoso (expte. 20138/250).

O 29 de abril de 1997 don José Piñeiro Orosa actuando en nome propio e en representación de don Máximo González Paz presenta escrito no Rexistro da Xerencia interesando que se lle abone ou repercuta ós propietarios das fincas conlindantes coa rúa Gándara (hoxe "Rúa José Mato"), as cantidades satisfeitas (20.219.950 pts) para a execución do proxecto de apertura e urbanización da mencionada rúa.

O Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo en sesión de 19 de decembro de 1997 acordou o seguinte: "Primeiro.- Recoñecer a D. José Piñeiro Orosa e D. Máximo González Paz o dereito á equidistribución de cargas pola execución ás súas soas expensas, da urbanización da rúa Gándara -hoxe Doctor José Mato- o que o seu custe total ascendeu á suma de 20.219.950 pts

. Segundo.- Que polos servicios técnicos da Xerencia Municipal de Urbanismo se proceda, cos documentos aportados por D. José Piñeiro Orosa e D. Máximo González Paz, a redacta-lo correspondente expediente de parcelación económica e normalización de fincas, para distribuí-la suma de 20.219.950 pts. entre os propietarios de terreos ós que a obra de urbanización outorgou a condición xurídica de <terreo edificable>, coa observación de que dita suma correrá únicamente de conta dos devanditos propietarios, o Concello non participará en ningún caso."

O 25 de novembro de 1998, don José Piñeiro Orosa (no seu nome e en representación don Máximo González Paz), solicita a urxente execución do acordo adoptado pola XMU o 19 de decembro de 1997.

O mesmo órgano colegiado, o 30 de abril do 99, adoptou o seguinte acordo: "Primeiro.-Desestima-la solicitude presentada coa data 29 de abril de 1997 por don José Piñeiro Orosa actuando en nome propio e ademais en representación de don Máximo González Paz, no Rexistro da Xerencia interesando que se lle aboe ou se repercuta ós propietarios dos predios colindantes coa rúa Gándara, hoxe Rúa Doctor José Mato, proporcionalmente ó seu respectivo fronte a ese vial, as cantidades satisfeitas polo proxecto de execución do proxecto de apertura e urbanización da rúa Gándara no que os gastos ascenderon, ive incluído, á cantidade de 20.219.950 pts, polos motivos establecidos na parte expositiva do presente acordo. Segundo.- Satisfacer a don José Piñeiro Orosa e don Máximo González Paz, en concepto de participación nas cargas de urbanización do vial, e con cargo á Xerencia de Urbanismo o importe de 1.907.844 pesetas correspondentes ó prezo xusto fixado polo Xurado Provincial de Expropiacións dos predios 4 e 6 do plano parcelariodo proxecto de urbanización da rúa Gándara, hoxe rúa José Mato."

O anterior acordo foi recurrido por don José Piñeiro Orosa e don Máximo González Paz perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (proceso contencioso administrativo nº 02/0004455/1999). O 13 de novembro de 2003, a sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, dictou sentenza pola que se estima parcialmente o recurso interposto, en concreto, nos seus fundamentos dispónse o seguinte: "...no hay más remedio que reconocer que el mismo viene a dejar sin efecto al primer acuerdo sin haberlo sometido a revisión con arreglo al procedimiento legalmente previsto en el artículo 102 de la Ley 30/92 sin haberlo declarado lesivo conforme el artículo 103 (...) se ha de estimar el recurso, pero solo en parte y por la razón formal dicha de no haber respetado el procedimiento legalmente establecido para dejar sin efecto un acto firme anterior no desfavorable ni de gravamen sin que proceda entrar en el fondo...".

O 21 de xuño de 2004, don José Piñeiro Orosa e don Máximo González Paz, presentan novo escrito no que en síntese solicitan a execución do acordo de 19 de decembro de 1997.

O 29 de marzo de 2005, a Xunta de Goberno Local adoptou o seguinte acordo: "(...) REVISIÓN DE OFICIO DE ACORDO DO CONSELLO DA XMU DE 19.12.97 SOBRE OBRAS DE URBANIZACIÓN DA RÚA GÁNDARA.EXPTE. 4584/401 (...) 1. O inicio do procedemento de revisión de oficio do acto dictado polo Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo de data 19 de decembro de 1997, previsto no artigo 102 da Lei 30/92, de 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións Públicas e procedemento administrativo común, por entender

que concurren varios dos supostos previstos no artigo 62 do mesmo texto legal. 2. De acordo co previsto no artigo 84 da Lei 30/92, outorgar a don José Piñeiro Orosa e don Máximo González Paz un prazo de audiencia de 15 días, durante o cal poderán alegar e presentar cantos documentos e xustificacións estimen pertinentes. 3. Unha vez completado o anterior trámite, deberase remitir expediente ó Consello Consultivo de Galicia, de acordo co previsto no artigo 102.1 da Lei 30/92 e a Lei 9/95 do Parlamento de Galicia. 4. Requerir a don José Piñeiro Orosa e don Máximo González Paz a execución da resolución da Sentencia do TSXG de 13 de novembro de 2003, e consecuentemente, ó reintegro da cantidade de 11.466,37 € aboados en virtude do acordo do Consello da XMU de 30 de abril de 1999, anulado pola devandita resolución xudicial (...).

Logo da apertura do trámite de audiencia, o 19.05.05 don José Piñeiro Orosa e don Máximo González Paz presentan escrito de alegacións.

O 27 de maio de 2005, o técnico en admón. xeral emite o seguinte informe-proposta de resolución: "(...) 1. Acordar a revisión de oficio do acto dictado polo Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo de data 19 de decembro de 1997 e polo tanto declarar a súa nulidade, conforme o previsto no artigo 102 da Lei 30/92, de 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións Públicas e procedemento administrativo común, por entender que concurren varios supostos dos previstos no artigo 62 do mesmo texto legal. 2. Remitir previamente expediente ó Consello Consultivo de Galicia, de acordo co previsto no artigo 102.1 da Lei 30/92 e a Lei 9/95 do Parlamento de Galicia. 3. Requerir a don José Piñeiro Orosa e don Máximo González Paz a execución da resolución da Sentencia do TSXG de 13 de novembro de 2003, e consecuentemente, ó reintegro da cantidade de 11.466,37 € aboados en virtude do acordo do Consello da XMU de 30 de abril de 1999, anulado pola devandita resolución xudicial (...).

O mesmo día remítese expediente ó Consello Consultivo para o seu dictame.

O 1 de xuño do presente ano, de acordo co establecido no artigo 42.5 da Lei 30/92, se comunica a don Máximo González Paz e don José Piñeiro Orosa, a remisión do expediente e a consecuente suspensión do prazo legal para a resolución.

O 21 de xullo de 2005, recíbese certificado do acordo do Consello Consultivo de Galicia no que se devolve o expediente o entender que carece da preceptiva proposta de resolución e de documentación que debía constar no expediente.

O 8.09.05 notifícase auto no trámite de execución de sentenza co seguinte acordo: "(...) Desestimar la petición de declaración de nulidad del acuerdo de la Junta de Gobierno Local del Ayuntamiento de Vigo de 29 de marzo de 1997, formulada por la procuradora Doña María Ángeles Fernández Rodríguez (...).

O 12.09.05 a Xunta de Goberno local acorda o seguinte: "(...) 1.- Declarar a caducidade do expediente de revisión de oficio incoado por acordo da Xunta de Goberno Local de 29.03.05, por transcorrer o prazo legalmente establecido para a resolución do expediente, entendendo por presentadas as alegacións formuladas polos interesados o 19.05.05. 2.-O inicio de novo procedemento de revisión de oficio do acto dictado polo Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo de data 19 de decembro de 1997, previsto no artigo 102 da Lei 30/92, de 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións Públicas e procedemento administrativo común, por entender que concurren varios supostos dos previstos no artigo 62 do mesmo texto legal. 3.- De acordo co previsto no artigo 84 da Lei 30/92, outorgar a don José Piñeiro Orosa e don Máximo González Paz un prazo de audiencia de 15 días, durante o cal poderán alegar e presentar cantos documentos e xustificacións estimen pertinentes. 4.- Unha vez completado o anterior trámite, deberase remitir expediente ó Consello Consultivo de Galicia, de acordo co previsto no artigo 102.1 da Lei 30/92 e a Lei 9/95 do Parlamento de Galicia. 5.- Requerir a don José Piñeiro Orosa e don Máximo González Paz a execución da resolución da Sentencia do TSXG de 13 de novembro de 2003, e consecuentemente, ó reintegro da cantidade de 11.466,37 € aboados en virtude do acordo do Consello da XMU de

30 de abril de 1999, anulado pola devandita resolución xudicial. 6.- Comunicar que de acordo co previsto no 107 da Lei 30/92, contra o presente acordo non cabe recurso ó tratarse dun acto de mero trámite. Así mesmo, en cumprimento do disposto no artigo 42.4 da Lei 30/92, se lle informa ós interesados que o prazo máximo de resolución do presente expediente é de 3 meses (102 Lei 30/92). Transcurrido o prazo para resolver, producirase a caducidade do mesmo (...)"

Acto seguido foi notificado de novo o acordo a don Maximo González Paz (20.09.05) e don José Piñeiro Orosa (23.09.05), outorgándolles o preceptivo trámite de audiencia.

O 5.10.05 don José Piñeiro Orosa, no seu nome e en representación don Máximo González Paz, presentan novo escrito de alegacións.

Logo da redacción da proposta de resolución, a Xunta de goberno local en sesión de 17.10.05 toma coñecemento da proposta de resolución do expediente de revisión de oficio do acordo de revisión do Consello da XMU de 19.12.97. Na mesma resolución, acordábase a remisión do expediente ó Consello Consultivo de Galicia para a emisión do dictame preceptivo de acordo co previsto no artigo 102.1 da Lei 30/92, de 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións Públicas e procedemento administrativo común.

O 15.12.05 deu entrada no Rexistro xeral da Xerencia municipal de urbanismo, dictame do Consello Consultivo de Galicia favorable á proposta de resolución do Consello Consultivo de Galicia.

DISPOSICIÓN LEGAIS APLICABLES

1. Constitución española (artigo 33, 149.1.18...).
2. Lei 7/85 (modificada pola Lei 57/03), de 2 de abril, de bases de réxime local e Real decreto lexislativo 781/86, pola que se aproban as disposicións vixentes en materia de réxime local.
3. Lei 6/98, de 13 de abril, de réxime do solo e valoracións.
4. Lei 9/02, de 31 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, modificada pola Lei 15/04.
5. Lei 30/92, de 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións Públicas e procedemento administrativo común.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

1. Natureza e contido do acto de recoñecemento do dereito á equidistribución das cargas derivadas da execución de obras de urbanización da "rúa Gándara" (hoxe, rúa "Médico José Mato").- A sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no recurso 02/0004455/1999, concluiu que se trataba dun acto declarativo de dereitos e polo tanto toda revisión do mesmo debe acomodarse ó disposto nos artigos 102 e 103 da Lei 30/92. A defensa do Concello no aludido proceso xudicial, baseábase en que se trataba dun acto de inicio de expediente, polo tanto de mero trámite. O argumento foi rexeitado polo TSXG, non obstante, na opinión do informante, é necesario engadir que no caso de ser declarativo de dereitos, o sería a propia Lei e o planeamento urbanístico, pero non o acto administrativo que debe ser unha aplicación da antedita normativa urbanística. A procedencia da realización de operacións de distribución de cargas (e beneficios) de urbanización, derívase da cualificación do solo urbano como non consolidado (en terminoloxía do Texto Refundido da Lei do solo de 1992, solo que precisa a incorporación ó proceso urbanizador e edificatorio, por medio da aprobación do planeamento máis preciso e a súa execución tanto xurídica como económica -artigos 19 e seguintes). A distribución de cargas debe poñerse en todo caso en comparanza cos beneficios obtidos pola execución do planeamento. Polo motivo que sexa, no seu momento se considerou que a parcela tivo a condición de solo urbano consolidado e que únicamente debería de proceder á urbanización para a materialización do aproveitamento correspondente á parcela. Os promotores solicitaron licenza urbanística e a mesma foi outorgada o 31 de outubro de 1991, coñecendo que para a obtención da mesma se deberían realizar certas obras de urbanización. Destaca

especialmente que os promotores se beneficien da consideración ampla de solo urbano consolidado, circunstancia que lle permitiu a construción da edificación, pero en ningún momento se menciona a necesidade de que o resto dos propietarios e a comunidade participen nos beneficios da actuación, tal e como se proclama no artigo 47 da Constitución Española. Este argumento é rexeitado polo escrito de alegacións presentado o 5.10.05, por canto se considera que a licenza non estaba condicionada á realización de obras que excederan das de urbanización. Sen prexuízo de que non se comprende totalmente o argumento dos alegantes, é de salientar que a licenza outorgada o 31.10.91 contiña a seguinte condición: "(...) ejecución simultanea de las obras de urbanización contenidas en el proyecto aprobado <proyecto de urbanización aprobado o 31.10.91>, antes referido, con la construcción autorizada y a estar rematadas y recibidas por el Ayuntamiento antes de la concesión de la licencia de primera ocupación (...)". O solicitante da licenza executou as obras de urbanización simultaneamente coa edificación e obtivo licenza de primeira ocupación o 3 de maio de 1996. Unha vez cumprida a condición da licenza e obtida a primeira ocupación, don Jose Piñeiro e don Máximo González reclaman unha compensación económica por asumir os costes derivados das obras de urbanización. Non consta que existira reclamación ou recurso contra a licenza outorgada o 5.10.05 e que condicionaba á execución simultánea de obras de urbanización coa edificación. Os reclamantes, adquiren o dereito a edificar tra-la execución das obras de urbanización (ou por medio da súa garantía ex 40 do rd 3.288/78). A reclamación plantexada nun primeiro momento en abril de 1997, poidera ser considerada coma un recurso á propia licenza, en concreto, a condición contida nela. Non semella razoable considerar que os solicitantes non coñecían a entidade das obras de urbanización que deberían acometer para obter a licenza de obra, dado que o proxecto de urbanización obtivera aprobación con anterioridade á licenza de obra. Incluso o proxecto é presentado polos propios solicitantes de licenza.

2. Acto que se propoñe a revisión.- De conformidade co disposto no acordo de incoación e na propia Sentencia do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia de 13.11.03, o acordo que se somete a revisión é o dictado polo Consello da XMU de 19 de decembro de 1997 polo que se recoñecía a don Jose Piñeiro Orosa e don Máximo González Paz o dereito á equidistribución de cargas pola execución das obras de urbanización da rúa Gándara. Polo tanto non se comparte a alegación número segunda do escrito presentado o 19 de maio de 2005 e primeira do escrito de 5 de outubro de 2005, dada a evidencia de que a sentenza do TSXG anula o acordo de 30 de abril de 1999. A resolución xudicial estima que o acto de decembro de 1997 é declarativo de dereitos, polo tanto, precisa para a súa revisión a tramitación do procedemento legalmente establecido para o efecto na Lei 30/92 (artigos 102 e seguintes). En ningún caso a incoación de expediente de revisión do acordo de decembro de 1997, pretende o incumprimento da aludida sentenza, senon pretende acomodar a actuación municipal o contido do fallo nos seus propios termos. Non se comparte a alegación presentada, pola que se conclúe que o acordo de incoación ten o mesmo obxecto que o dictado o 30 de abril de 1999. Este último revocou o dereito á equidistribución recoñecido en 1997, e pola natureza do acto, a Sentenza dictada no recurso contencioso-administrativo nº 02/0004455/1999, anulou o mesmo por entender que debería ser obxecto dun procedemento de revisión de oficio. O contido do fallo estase a dar cumprimento coa tramitación do presente expediente de revisión de oficio. En ningún caso se está a eludir o cumprimento da Sentenza do TSX, senón dar cumprimento exacto o contido do mesmo. O presente expediente se incoa de novo tra-la devolución do mesmo polo Consello Consultivo de Galicia o día 21 de xullo de 2005. En ningún caso, é unha reacción do Concello ó Auto do TSX de Galicia de data 1.09.05 polo que se insta á execución da Sentenza aludida e paralelamente se desestima a pretensión dos actores de declarar nulo o acordo da Xunta de Goberno Local de 29 de marzo de 2005 polo que se incoaba o expediente de revisión de oficio. A Sentenza dictada no recurso número 020004455/1999 anulaba o acordo de 30 de abril de 1999 sen entrar na natureza e viabilidade xurídica do acordo de 1997. Unha vez comprobado que no acordo de 19 de decembro de 1997, concorren varios supostos de nulidade, incoase o expediente de revisión de oficio de acordo co previsto no artigo 102 da Lei 30/92, de 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións Públicas e procedemento administrativo común. A concurrencia de tales supostos, impiden o exercizo normal da potestade de execución dos actos administrativos dado o seu alonxamento do ordenamento xurídico urbanístico.

3. *Concurrencia de supostos previstos no artigo 62.1 da Lei 30/92 no acordo de 19 de decembro de 1997 do Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo e argumentos utilizados polos interesados no seu escrito de alegacións de 19 de maio de 2005.- Enténdese que concorren varios supostos dos contemplados no artigo 62.1 da Lei 30/92. Cada un dos supostos son postos en entredito polas alegacións presentadas o 19 de maio de 2005 e 5.10.05.*

- *Acto dictado prescindindo total y absolutamente del procedimiento legalmente establecido (artículo 62.1.e da Lei 30/92).- Da consulta dos documentos incorporados ó expediente, se deduce que foi dictado prescindindo total e absolutamente do procedemento legalmente establecido. O procedemento que derivou no acordo de 19 de decembro de 1997, que se trataba supostamente dun acto declarativo de dereitos pero por el contrario limitativo dos dereitos do resto dos propietarios de terreos, prescindiu de calquer tipo de participación dos mesmos no procedemento. En efecto, o acordo mencionado, supoñe o inicio dun expediente de distribución de cargas da urbanización a iniciativa particular que afecta a varios propietarios de terreos e á vez menoscaba o dereito de defensa dos propietarios que deberían contribuir cos gastos. O vicio ademais de provocar indefensión, omite totalmente o procedemento legalmente establecido pola ordenamento urbanístico vixente. Consideran os alegantes que non concorre o vicio procedimental determinante de nulidade absoluta. Reitérase a apreciación da existencia de vicios no procedemento de tal entidade que impiden entender que o acto administrativo poida ter efectos de calquera tipo e momento, polo tanto determinantes de nulidade absoluta. En efecto, a atribución do dereito a equidistribuírse cos propietarios dunha determinada zona, sen que os mesmos participaran no procedemento administrativo, non é un simple vicio de anulabilidade. Existe xa unha consolidada doutrina que considera en certos procedementos, a omisión do trámite de audiencia implica necesariamente a nulidade radical do acordo. Por exemplo, a STS de 22 de xuño de 2004 (RJ 2004/4111), aprecia que cando se omite o trámite de información pública ou audiencia determina a nulidade radical do acto nos seguintes supostos : "(...) 1º. La jurisprudencia se niega, sistemáticamente, a declarar la nulidad por omisión de información pública, salvo cuando viene impuesta por la legislación específica aplicable, lo que sucede en este caso (así, en SSTs de 29 de noviembre de 1982, 20 de abril de 1985 y 28 de diciembre de 1993) (...) 3º La finalidad del trámite de información pública no se reduce a la posibilidad de formular reclamaciones, sino que se extiende a la presentación de sugerencias, lo que exige conocer todo el voluminoso expediente, que ha de quedar a disposición de quien quiera conocerlo, si bien los vicios formales causan indefensión cuando se impide o se obstaculiza la posibilidad de conocer (así, en SSTs de 1 de abril de 1993 y 30 de septiembre de 1998)(...) las consecuencias de la infracción no pueden ser otras que la nulidad absoluta o radical por infracción de uno de los trámites esenciales del procedimiento que equivalen a la categoría de nulidad prevista en el artículo 62.1.e) de la Ley 30/1992, de 26 de noviembre (RCL 1992, 2512, 2775 y RCL 1993, 246), por prescindir total y absolutamente del procedimiento establecido, sin que se pueda equiparar su omisión a los vicios de forma que solo dan lugar a la anulabilidad por ocasionar la indefensión, ya que dicho trámite viene configurado expresamente como imperativo e inexcusable por la norma infringida y precisamente por el plazo que se ha considerado adecuado para posibilitar ese debate social y participativo de los ciudadanos(...)". No presente caso, a normativa urbanística (tanto a vixente no momento da adopción do acordo que se pretende revisar, como a actual) esixe que previamente á realización de calquera operación reparcelatoria se lle dea oportunidade ós interesados de alegar o que estimen oportuno. Na orde formal non é o único vicio apreciado. Como quedou exposto no acordo de incoación de 29.03.05, o dereito á equidistribución de cargas ven derivado da previsión nun instrumento de ordenación urbanística ou mesmo pola tramitación dun procedemento sumario que permita a delimitación dun polígono que posibilite unha xusta distribución de cargas e beneficios. Polo tanto, houbo unha ausencia total do procedemento para a declaración feita polo acordo de 19.12.97 e como consecuencia conleva á consideración de que se está en presenza dun vicio*

de tal entidade susceptible de ser considerado como de nulidade absoluta ante a falla de procedemento. A constancia no expediente de informes previos á adopción do acordo, non modera a consideración de ausencia total de procedemento. Con respecto o contido da alegación presentada o 5.10.05 e que completa presentada na incoación do primeiro expediente, entende que non concurre indefensión do resto dos interesados. É necesario que todo recoñecemento de dereito á equidistribución co resto de propietarios dun ámbito, precisa da tramitación do correspondente expediente, regulado pola normativa sobre execución de planeamento. O citado dereito, pode ser fixado polo propio planeamento o por medio da tramitación dun expediente de delimitación de polígono, tal e como establecía o artigo 38 do rd 3.288/78 no que necesariamente existe a presenza dun trámite de información pública.

A resolución de delimitación de polígono conlevará que os propietarios afectados teñen dereito á equidistribución de beneficios e cargas. A apreciación desta causa de nulidade, é respaldada polo dictame do Consello Consultivo de Galicia.

- *Acto de contido imposible (artigo 62.1.e da Lei 30/92).*-Ao igual que no acordo de incoación apreciase a concurrencia desta causa de nulidade. Afirman os alegantes que non é procedente acudir á lexislación vixente senón á que era de aplicación á hora da concesión da licenza de obra (acordo da Comisión de Goberno de 1991). En primeiro lugar, o suposto dereito ó reparto de cargas entre os demais propietarios, dada as data que nos encontramos, sería sempre de aplicación a vixente Lei 9/02, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural. A propia disposición transitoria primeira (letra b), considera que o solo urbano dos municipios con planeamento xeral non adaptado á Lei 1/97, do solo de Galicia, que reúna as condicións establecidas no artigo 12 da Lei 9/02, seralle de aplicación o previsto para o solo urbano consolidado no antedito texto legal. En conclusión non se pode compartir que o expediente debiera resolverse coa normativa vixente no momento da solicitude. O propio artigo 111.2 da Lei 9/02 encárgase de limitar en solo urbano consolidado a posibilidade de delimitar áreas de reparto ou outro instrumento ou técnica de reparto de beneficios e cargas. O real decreto lexislativo 1/92 (disposición final segunda da Lei 8/90), polo que se aprobou o texto refundido da Lei do solo (afectada case na súa totalidade pola STC 61/97), preveía a adquisición gradual de facultades urbanísticas derivadas do cumprimento dunha serie de obrigas legais ata acadar o dereito a edificar (artigos 23 e seguintes). Con anterioridade á materialización de tal dereito preveíase a realización de certos deberes de cesión e equidistribución de cargas e beneficios en ámbitos ou zonas delimitadas ó efecto. Ó igual que na Lei 1/97 (vixente no momento da adopción do acordo de decembro de 1997), a delimitación de unidades de execución era un presuposto para a execución do planeamento. Incluso (a diferenza co actual marco lexislativo) se prevía a posibilidade de realizar operacións reparcelatorias en solo urbano consolidado, por medio das denominadas actuacións asistemáticas (artigo 185), sen prexuízo da delimitación de unidades de execución discontinuas (artigo 144.2). A finalidade das unidades de execución é dobre: a urbanización e a equidistribución, sendo a través desta última onde se materializan os deberes de cesión obrigatoria e gratuíta á Administración. No acordo de decembro de 1997 (vixente nese momento a Lei 1/97 do solo de Galicia), non se acudiu a ningún mecanismo de equidistribución, simplemente se chegou á conclusión de que a persoa que executou a urbanización tería dereito a ser compensado polo resto dos propietarios polos gastos derivados da execución daquela. Na lexislación vixente e na anterior, non existen mecanismos de equidistribución de costes de urbanización, sen que correlativamente se repartan os beneficios derivados da actuación. Tampouco se pode concluir que se estaba en presenza dun suposto de reparcelación económica, tal e como establece o derogado artigo 74 do real decreto 3.288/78, por canto non se preveía a redistribución material dos terreos e non se ten constancia no expediente que se dean os supostos legais para acudir a tal especialidade de execución do planeamento. Por tanto, o contido do acordo do Consello da XMU de 17.12.97 é de imposible cumprimento, tanto xurídica como física ou materialmente. A imposibilidade ten carácter orixinario,

dende o propio momento en que se dictou o acto e non é derivada dun cambio legislativo posterior. Así ven respaldada esta postura por numerosa Xurisprudencia, poñendo por exemplo a STS de 19 de maio de 2000 (RJ 2000\4363): "(...) la imposibilidad debe ser, asimismo, originaria ya que una imposibilidad sobrevenida comportaría simple ineficacia del acto. Actos nulos por tener un contenido imposible son, por tanto, los que resultan inadecuados, en forma total y originaria, a la realidad física sobre la que recaen. Son también de contenido imposible los actos que encierran una contradicción interna en sus términos (imposibilidad lógica) por oponerse a leyes físicas inexorables o a lo que racionalmente se considera insuperable. La jurisprudencia ha equiparado en algunos casos la indeterminación, ambigüedad o ininteligibilidad del contenido del acto con la imposibilidad de éste (sentencias de 6 de noviembre de 1981 [RJ 1981, 4755] y 9 de mayo de 1985 [RJ 1985, 2909]) (...)". Por outra parte, se comparte cos alegantes que non é preciso abordar neste momento se concurrían ou non os supostos previstos para a diferenciación dun solo diferente ó urbano consolidado e se esta categoría nace tra-la aprobación da Lei 6/98. Non obstante, con independencia do anterior, semella que o reclamante se beneficiou dunha consideración xenerosa da súa parcela como urbano e a adquisición do dereito a edificar de xeito directo. Non se comparte polo tanto a alegación presentada o 5.10.05 pola que se xustifica a improcedencia do presente expediente en base a que non se beneficiou da obtención da licenza coa condición da urbanización. Como quedou posto de manifesto con anterioridade don José Piñeiro e don Máximo González solicitan a compensación unha vez obtida a licenza de primeira ocupación. Resulta evidente que as anteriores persoas obtiveron o beneficio de construír un edificio cunhas determinadas condicións que non son semellantes as que soportaría naquel caso que a súa parcela sexa incluída nun polígono. Os deberes dos propietarios incluídos nun polígono non só abrangue o costeamiento da urbanización, senón que se completa coa obriga de cesión de terreos destinados a equipamento, viais etc...sen prexuízo da participación do Concello no aproveitamento urbanístico. Polo tanto, non se comparte as alegacións presentadas o 19.05.05 e 5.10.05. Por outra parte, o Consello Consultivo estima que non concorre tal causa, non obstante na proposta que se somete a revisión, en base ós fundamentos anteriores, apreciase tal motivo lexitimador do acordo de revisión.

- Acto polo que se adquieren dereitos ou facultades cando se careza dos requisitos esenciais para a súa adquisición (artigo 62.1.f da Lei 30/92). Esta causa de nulidade non é posta en dúbida polos alegantes unicamente no escrito presentado o 5.10.05. O contido da alegación presentada ó presente punto, é contestado no apartado segundo da presente proposta. Non obstante, como quedou exposto con anterioridade, no momento da concesión da licenza de obra (ano 91), condicionábase expresamente á execución simultánea de certas obras de urbanización. En ningún caso se aludiu a que as mesmas excedían das propias para que a parcela alcanzase a condición de solar. Foi nun momento posterior (6 anos despois da concesión da licenza, e unha vez obtida a primeira ocupación), cando reclamou unha compensación económica polas obras realizadas, unha vez obtida a licenza de obra e de primeira ocupación. Como quedou analizado con anterioridade, non procede recoñecer dereito á equidistribución dos costes de urbanización sen que simultaneamente se realizase unha distribución dos beneficios derivados da actuación urbanística. En todo caso, a equidistribución é anterior a fase de execución material das obras de urbanización. Na apreciación desta causa de nulidade, o Consello de Estado (doutrina recollida polo Consello Consultivo de Galicia) insiste nunha interpretación restrictiva: "(...) non cabería entender que a simple infracción do ordenamento xurídico poida configurarse como suposto de nulidade absoluta por falta de requisito esencial do acto en cuestión senón de anulabilidade, do mesmo modo que respecto dos vicios de forma en que puidera incurrir. O feito que determina a nulidade prevista no citado artigo 62 f é a falta comprobada dun requisito esencial para a produción do acto (...) -dictame número 591/95 do 25.05.95-". Seguindo a Doutrina do Consello Consultivo o vicio observado é estrutural, que afecta directamente a varios elementos do acto administrativo dictado, en concreto o obxecto e a súa finalidade. O acto supoñe unha evidente

creba dos principios básicos no Dereito urbanístico, como é o de reparto equitativo de beneficios e cargas, igualdade, seguridade xurídica etc...O Consello Consultivo dictamina ó respecto o seguinte: "(...) en canto a segunda o precepto fai referencia aos requisitos esenciais e non a falta de calquera requisito, e neste caso está acreditado que os solicitantes efectuaron á súa costa as obras polas que reclaman polo que se cumpre o requisito esencial para pedir a equidistribución (...). Non se comparte tal argumento, dado que a execución de obras de urbanización non presupón a adquisición dun dereito a equidistribuírse. En efecto, solamente coa inclusión dos terreos nun polígono, pode entenderse que derivará na necesaria equidistribución dos gastos de urbanización. Non obstante, a realización de operacións de equidistribución (execución formal do planeamento), é anterior a execución material das determinacións de planeamento. O dereito á equidistribución nace coa delimitación dun ámbito ou polígono que implicará o costeamiento de certos gastos (entre outros, os de urbanización), polo tanto, non pode entenderse como requisito esencial do dereito á equidistribuírse a execución e costeamiento de urbanización. En definitiva, reitérase a apreciación desta causa de nulidade e como quedou posto de manifesto que tanto no momento da concesión da licenza como con posterioridade, non ten dereito a ser resarcido polos gastos da urbanización co resto dos propietarios

4. *Procedemento para a declaración de nulidade dun acto administrativo.- O artigo 102 da Lei 30/92, determina que as Administracións poderán proceder á revisión de actos administrativos nos que conorra un suposto de nulidade de pleno dereito contida no artigo 62.1 do mesmo texto legal. En todo caso precisa dictamen favorable do Consello Consultivo de Galicia e con carácter previo, audiencia ós interesados. O prazo para a resolución do expediente é de 3 meses. O mesmo estivo suspendido no momento que se solicitou dictame ó Consello Consultivo de Galicia, tal e como establece o artigo 42.5.c da Lei 30/92.*
5. *Consecuencias da execución da Sentencia e da declaración de nulidade do acto administrativo dictado pola Consello da XMU de 30 de abril de 1999.- No punto 2º da parte dispositiva do acordo de 30 de abril de 1999 do Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo, acordouse o aboamento a don José Piñeiro Orosa e a don Máximo González Paz, a cantidade de 1.907.844 ptas correspondentes o prezo xusto fixado polo Xurado Provincial de Expropiacións dos predios 4 e 6 do plano parcelario do proxecto de urbanización da Rúa Gándara. A citada cantidade foi abonada por transferencia bancaria o 27 de xullo de 1999. A resolución da sala do contencioso-administrativo do TSXG de 13 de novembro de 2003, estima parcialmente a demanda dos recurrentes, non obstante, anula a totalidade do acordo dictado polo Consello da XMU o 19 de decembro de 1999. Polo tanto, procede o inicio de expediente de reintegro da cantidade de 11.466,37 € (1.907.844 ptas), dada a anulación do acordo de 30 de abril de 1999 e consecuentemente os beneficiarios carecen de título para facer súa a citada cantidade. Por outra parte, compártese o argumento disposto no dictame do Consello Consultivo de Galicia (fundamento 6º), polo que se entende que a revisión do acto implicará necesariamente a retracción das actuacións ata o momento en que o vicio foi cometido. Polo tanto procede resolver a reclamación presentada o 18 de abril de 1997, presentada por don Jose Piñeiro Orosa e don Máximo González Paz. Tendo en conta os argumentos utilizados na redacción do presente informe, non cabe outra resolución que a desestimatoria sen que sexa precisa a apertura dun trámite de audiencia, dado a improcedencia da reclamación.*
6. *Non concurrencia dun suposto de responsabilidade patrimonial da Administración Pública.- Estima o alegante nos seus escritos de alegacións que conorra un suposto de responsabilidade patrimonial, polo tanto considera que debe existir un recoñecemento en tal sentido. En primeiro lugar, os alegantes non xustifican e proban a presenza dos supostos legais e xurisprudenciais necesarios para apreciar a responsabilidade da Administración.. A pretensión carece de fundamento por canto non conorra o requisito de antixuricidade (artigo 141.1 da Lei 30/92). Como quedou posto de manifesto nos puntos anteriores, os alegantes carecen de título para adquirir o dereito ó reparto dos costes das obras de urbanización co resto dos propietarios*

afectados. Consecuentemente teñen o deber xurídico de soportar as consecuencias derivadas do outorgamento da licenza de obra outorgada no ano 91 e que contemplaba a necesidade de execución simultánea de certas obras de urbanización. Por outra parte, no propio escrito de alegacións se alude a un posible enriquecemento inxusto do restos dos propietarios, manifestación que corrobora a postura da presente proposta á hora de eludir calquera tipo de responsabilidade. En efecto, non existe unha causa de imputación, en sede de responsabilidade patrimonial das Administracións Públicas, consistente na presenza dun enriquecemento inxusto de terceiros axenos á Administración, circunstancia que motivaría no seu caso unha acción de tipo civil. En conclusión, non concorre un suposto previsto legalmente para apreciar responsabilidade patrimonial na actuación do Concello.

7. *Órgano competente para a adopción do acordo de incoación e resolución do expediente.- Dada a redacción do artigo 127.1.k da Lei 7/85, outorga a facultade de revisión dos seus propios actos á Xunta de Goberno Local. Atribuese a este órgano colexiado, pese a que non foi o órgano autor do acordo que se pretende revisar, dada a carencia de facultades resolutorias na función revisora do Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo.*

Polo tanto, procede a formulación da seguinte PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

1. *Acordar a revisión de oficio do acto dictado polo Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo de data 19 de decembro de 1997, e a desestimación da reclamación de responsabilidade patrimonial, conforme o previsto no artigo 102 da Lei 30/92, 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións Públicas e procedemento administrativo común, por entender que concorren varios supostos dos previstos no artigo 62 do mesmo texto legal (en concreto os correspondentes ós apartados 1.c, e, f).*
2. *Acordar e retracción do procedemento ó momento procedimental polo que don Jose Piñeiro Orosa e don Máximo González Paz, reclaman ó Concello o dereito a equidistribuírse co resto dos propietarios de fincas colindantes afectados. Así mesmo, en base ós fundamentos xurídicos contidos no informe, desestimar expresamente a reclamación anterior.*
3. *Requerir a don José Piñeiro Orosa e don Máximo González Paz a execución da resolución da Sentencia do TSXG de 13 de novembro de 2003, e consecuentemente, ó reintegro da cantidade de 11.466,37 € aboados en virtude do acordo do Consello da XMU de 30 de abril de 1999, anulado pola devandita resolución xudicial. Darase conta da presente resolución ós servicios centrais da XMU.*
4. *Comunicar ós interesados que contra o presente acordo cabe interpoñer potestativamente recurso de reposición no prazo dun mes nesta administración ou, contencioso administrativo no prazo de dous perante ó xulgado do contencioso administrativo de Vigo.*

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

41(1787).-APROBACIÓN INICIAL DO PROXECTO DE REPARCELACIÓN DO POLÍGONO 11 DO PERI IV-04 DO CALVARIO. EXPTE. 4624/401.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do técnico de Admón. Xeral e do xefe de oficina de Planeamento e Xestión da Xerencia Municipal de Urbanismo Xestión Planeamento e Xestión, do 28.11.05, , que di o seguinte:

O Plan Especial de Reforma Interior IV-04 do Calvario foi aprobado definitivamente con data 9 de marzo de 1979 e incorporado na súa práctica totalidade ó Plan Xeral de Ordenación Urbana de Vigo de 1993, contén a ordenación detallada do seu ámbito e a delimitación poligonal do mesmo.

Por acordo plenario de 12.09.05 adoptouse a seguinte resolución: "(...) Aprobar definitivamente á modificación do PERI do Calvario, delimitación do seu polígono 11 e do sistema de actuación para a súa execución, redactada elaborada polos arquitectos D. Salvador Fraga Rivas, D. Francisco Javier García-Quijada Romero e D. Manuel Portolés Sanjuán, con visado do COAG do 17 de Novembro de 2004 (...). En dito acordo se prevé como sistema de actuación urbanística ó de cooperación, polo que para establecer una equitativa distribución dos beneficios e cargas derivados do planeamento entre os propietarios afectados pola actuación urbanística proxectada, procede legalmente incoar expediente de reparcelación, tal e como se establece nos artigos 134 e seguintes da Lei 9/02, de 31 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia e vixentes do rd 3.288/78, de 25 de agosto, polo que se aproba o regulamento de xestión urbanística.

A Xunta de Goberno local deu aprobación definitiva do convenio de xestión do polígono 11 do Peri do Calvario (Expte. 4492/401). O mesmo está asinado con data 25.11.05.

A entidade "Espacio Vital Construcción y Promoción, S.L." presenta proposta de proxecto de equidistribución. O citado documento dispoñía de certa información dos propietarios incluídos no polígono.

Por resolución do vicepresidente da XMU de data 17.10.05, acordouse o seguinte: "(...) 1.- Entender por iniciado o expediente de reparcelación do polígono 11 do PERI IV-4 "O Calvario" coa aprobación definitiva da modificación do ámbito e delimitación de novo polígono e cambio de sistema de actuación, adoptada na sesión plenaria de 12 de setembro de 2005. 2.- De acordo co establecido no artigo 103 do real decreto 3288/78, de 25 de agosto, polo que se aproba o regulamento de xestión urbanística, requirir ós propietarios para que exhiban ante a Administración os títulos da finca ou fincas da súa propiedade, comprendido dentro dos límites referidos. Así mesmo, ínstate ós mesmos para que declaren no prazo de quince días as situacións xurídicas que coñezcan e afecten a ditas fincas. Se lles advirte expresamente que a omisión, error ou falsidade destas declaracións non poderá afectar o resultado obxectivo da reparcelación, e si se apreciase dolo ou negligencia graves, poderá esixirse a responsabilidade civil ou penal que corresponda. Logo da documentación recabada polos interesados, instarase ó número 2 do Rexistro da propiedade certificacións das titularidades e cargas das fincas afectadas. Así mesmo solicitarase que de cada finca se extenda nota expresiva do organismo actuante e data da iniciación do expediente de reparcelación. A indicada nota marxinal sólo producirá o efecto prevenido no artigo 102, número 3, do citado regulamento. 3.- Notificar o presente acordo ós interesados (...)."

Notificado o trámite de audiencia algúns propietarios presentaron documentación acreditativa de cantas circunstancias afectan os seus predios.

Logo de ser requerido á entidade colaboradora, presenta proxecto rectificadado de reparcelación o 5.12.05.

FUNDAMENTOS LEGAIS OU CONSIDERCIÓNS XURÍDICAS

1.- Sistema de execución previsto para a execución do planeamento no polígono 11 do PERI IV-04 do Calvario.-De acordo co establecido no acordo plenario de 12.09.05, o sistema previsto para a execución do planeamento do presente polígono, é o de cooperación. De acordo co previsto no artigo 134 da Lei 9/02, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, os propietarios no sistema de cooperación achegan o solo de cesión obligatoria e a administración executa as obras de urbanización con cargo a elas. Na execución do planeamento polo antedito sistema, deberá observar asemade o disposto nos artigos 186 e seguintes do real decreto

3288/78, de 25 de agosto, de xestión urbanística, naquelo no que non contradiga o disposto polo lexislación autonómica.

2.- Proposta de equidistribución presentada.- Tendo en conta o contido do artigo 137.1 da Lei 9/02, os propietarios que representen o 25% da superficie total do polígono poderán ofrece-la colaboración ó municipio. O contido do propio convenio de xestión subscrito entre a entidade “Espacio Vital, Promoción y Construcción, S.L” e o Concello, dedúcese a condición de entidade colaboradora, sobre todo tra-la presentación do escrito de data 20.10.05 no que se comunica que a proposta presentada é refrendada por unha porcentaxe superior de propietarios maior ó previsto no artigo 137. Polo tanto, trátase da tramitación dun instrumento reparcelatorio presentado a iniciativa dos propios propietarios do polígono.

3.- Contido do proxecto de equidistribución.-Sen prexuízo das modificacións que sexan procedentes tra-la audiencia ós propietarios e información público, o texto presentado ten o contido mínimo previsto no artigo 116 da Lei 9/02 e os artigos 82 e seguintes do rd 3288/78. O proxecto de equidistribución axústase ás determinacións de planeamento que figuran no expediente de Modificación Puntual do Polígono 11 do PERI do Calvario, aprobado definitivamente en sesión do Pleno do Concello o 12.09.05. En relación co plano parcelario que figurou naquel expedientea unica diferenza que se aprecia é debida ao estudio máis preciso das escrituras de propiedade da parcela nº 14 , propiedade da Diócesis de Tui- Vigo. Dita parcela 14, que naquel expediente figurou cunha superficie de 238,11 m2 debe reducirse a 148,03 m2 , segundo consta na escritura, por varias segregacións, entre elas unha que se incorporou á parcela colindante da Rúa Reizeñor 3, parcela 15 e 15 bis , segundo figura, tamén no expediente da Licencia 2871/82, (1ª ocupación 31645/421). Unha vez comprobado ditos extremos, debe entenderse que a diferenza de 90,08 m2, entre os 238,11 m2 , e os 148,03 m2 de superficie real da parcela 14, deben considerarse integrados da parcela nº 15 bis , parcela de cesión derivada da devandita licencia. Con estas correccións, pois, as superficies destas parcelas quedan rectificadas do seguinte xeito: Parcela 14 : Superficie: 148,03 m2;Parcela 15 bis: Superficie: 200,13 m2 (sen dereito a aproveitamento). Esta parcela 15 bis de cesión non é susceptible de aproveitamento. A totalidade do aproveitamento do polígono (17.792 m2 edificables) repártese entre os propietarios de parcelas susceptibles de apropiación, que non son 5.006,63 m2 como se consideraba na Modificación de planeamento, senon 4.916,55 m2 unha vez restados os 90,08 que se engaden á parcela 15 bis . O cadro xeral de superficies e edificabilidades adxudicadas é o seguinte:

PARC INIC.	PROPIETARIO	SUP.	CUOTA	DERCH.	CESIÓN 10%	PARCE LA RESULT	% PARCELA INICIAL	ADXUDI- CADO	% PARCELA RESULT.
1	DOLORES ARIAS RODRIGUEZ/ JOSÉ LÓPEZ DURÁN/ ANA FERNÁNDEZ FERNÁNDES	146,95	2,99	478,60	53,18	S-10	100	478,60	25,36
4	ALEJANDRO CONDE RICÓN/ LUISA CONDE RICÓN	86,52	1,76	281,79	31,31	S-9	100	281,79	52,86
6	DOMINGO FERNÁNDEZ RIBEIRO/ MARGARITA ALONSO RIAL	95,87	1,95	312,24	34,69	S-8	100	312,24	53,68

7 (**)	ANA FERNÁNDEZ FERNÁNDES/ MIGUEL FERNÁNDEZ FERNÁNDES	177,14	3,60	576,93	64,10	S-7	100	576,93	53,80
8	MARÍA DIGNA PÉREZ FERNÁNDEZ/ EMILIANO PÉREZ FERNÁNDEZ	109,36	2,22	356,18	39,58	S-6	100	356,18	53,93
11	JOSÉ MANUEL FERNÁNDEZ QUIROGA/ ASUNCIÓN FERNÁNDEZ QUIROGA	575,58	11,71	1874,62	208,29	S-6	16,23	304,23	46,07
						S-7	26,42	495,35	46,20
						S-8	14,37	269,38	46,32
						S-9	13,40	251,28	47,14
12	JOSÉ FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ/ NIEVES LAGO MARTÍNEZ	95,87	1,95	312,24	34,69	S-12	100	312,24	100
13bis	DIÓCESIS TUI-VIGO / ESPACIO VITAL	187,95	3,82	612,14	68,02	S-10	100	612,14	32,43
14	DIÓCESIS TUI-VIGO / ESPACIO VITAL	148,03	3,01	482,12	53,57	S-10	50,22	242,12	12,83
						S-11	49,78	240,00	100
16 (**)	RAIMUNDO SANMARTÍN SÁNCHEZ/ MARÍA CONCEPCIÓN SANMARTÍN DEL BARRIO/ JULIA SANMARTÍN DEL BARRIO/ URBANO SANMARTÍN DEL BARRIO	1259,99	25,63	4103,68	455,96	S-1	24,34	998,86	17,34
						S-2	2,85	117,02	12,38
						S-5	72,81	2987,80	100
19	ESPACIO VITAL/ PROMOCIONES VITALVIGO	172,52	3,51	561,88	62,43	S-1	100	561,88	9,76
20	PROMOCIONES TRES RIOS SL	173,92	3,54	566,44	62,94	S-1	100	566,44	9,83
25 (*)	HDROS. CATALINA SOTELO	187,56	3,81	610,87	67,87	S-4	100	610,87	65,99
26	EDUARDO LÓPEZ LORENZO/EFIGENIA DASILVA PÉREZ	81,38	1,66	265,05	29,45	S-2	100	265,05	28,05
27 (*)	SANTIAGO RODRÍGUEZ SOTELO	80,03	1,63	260,65	28,96	S-2	100	260,65	27,59
28 (*) (**)	PROMOCIONES TRES RIOS SL/ SANTIAGO RODRÍGUEZ SOTELO	131,39	2,67	427,93	47,55	S-1	100	427,93	7,43
29	MARIA ASUNCIÓN LEDO LAMEIRO/ EMILIA LEDO	148,02	3,01	482,09	53,57	S-3	100	482,09	60,39

LAMEIRO									
31	VICTORIA-GLORIA GARCÍA-HERVELLO	150,80	3,07	491,14	54,57	S-13	100	491,14	45,11
32	MANUEL LEDO DÍAZ	263,92	5,37	859,57	95,51	S-1	100	859,57	14,92
34	C.P. GREGORIO ESPINO 20	183,46	3,73	597,51	66,39	S-13	100	597,51	54,89
35	RICARDO MARTÍN MATÉS	86,64	1,76	282,18	31,35	S-1	100	282,18	4,90
36	ESPACIO VITAL	87,14	1,77	283,81	31,53	S-1	100	283,81	4,93
37	C.P. GREGORIO ESPINO 26	92,78	1,89	302,18	33,58	S-2	100	302,18	31,98
38	CÁNDIDO MÍGUEZ VÁZQUEZ	97,08	1,97	316,18	35,13	S-3	100	316,18	39,61
39 (**)	HDROS. JOSÉ GONZÁLEZ RODRÍGUEZ	96,65	1,97	314,78	34,98	S-4	100	314,78	34,01
	CONCELLO DE VIGO (10%)					S-1	100	1779,20	30,89
	TOTAIS	4916,55	100	16012,8	1779,20			17.792	

(*) Do exame do proxecto de equidistribución, dedúcese a necesidade de completar datos relativos as parcelas de orixe número 25, 27 e 28. Deberán achegarse títulos ou documentos que acredite a titularidade das persoas que constan no proxecto que se propoñe a súa aprobación inicial. De acordo co previsto no artigo 103.4 do real decreto 3.288/78, de 25 de agosto, mentres non se exhiba a documentación precisa, a titularidade se entenderá como dudosa e a presente Administración asumirá a representación dos dereitos e intereses desas titularidades a efectos da tramitación do expediente.

(**) Debe achegarse identificación precisa dos titulares do dereito de arrendamento das fincas 7, 16 e 28.

Revisar estado de conservación da edificación sita na parcela número 4, así como os dereitos que puideran ser obxecto de indemnización pola instalación da antena de telefonía móbil.

De acordo co previsto no convenio asinado o 25.11.05, unha parcela de resultado adxudicada a "Espacio Vital Construcción y Promoción, S.L." deberá ser gravada coa carga ou afección real de aboamento do importe necesrio para a adquisición dos dereitos emprazados no exterior da delimitación do polígono, así como os custos da súa urbanización.

4.- Supostos nos que procederá a apertura dun novo trámite de audiencia.- No artigo 109 do real decreto 3.288/78 se diferencian dous supostos, un deles, motivado pola rectificación parcial do instrumento de equidistribución que motivará a apertura dun trámite de audiencia ós interesados. Sempre que as rectificacións supoñan afectar substancialmente ó proxecto de equidistribución, será necesario repetir o trámite de audiencia a todos os interesados.

5.- Procedemento de aprobación do proxecto de equidistribución.- O inicio do expediente de aprobación do instrumento de equidistribución se ten por iniciado no momento de adopción do acordo de cambio de sistema e nova delimitación do polígono (acordo plenario de 12.09.05). Non obstante, de acordo co previsto no artigo 101 do rd 3288/78, o Vicepresidente da XMU, acordou incoar expediente de tramitación de instrumento reparcelatorio. Así

mesmo, requeriuse a expedición de certificación rexistrada das propiedades incluídas no ámbito e, por outra parte, a práctica de nota marxinal ó marxe de cada finca comprensiva do inicio do expediente de reparcelación. No trámite de audiencia outorgado, varios propietarios e interesados presentaron documentación que serviu para completa-lo expediente. Unha vez completado o expediente, o Concello procederá á aprobación inicial do instrumento aludido e, acto seguido, someterao a un trámite de información pública (a través da correspondente publicación no BOP), con notificación individualizada ós interesados.

6.- Órgano competente para a adopción do presente acordo.- De acordo co previsto no artigo 127.1 da Lei 7/85, de 2 de abril, de bases de réxime local (modificada pola Lei 57/03), a competencia para a aprobación inicial do presente instrumento reparcelatorio corresponde á Xunta de Goberno Local.

Polo tanto, realízase a seguinte proposta de resolución:

1. Aprobar inicialmente o proxecto de reparcelación presentado pola entidade "Espacio Vital, Construcción y Promoción, S.L." (e asumido expresamente polas mercantís "Promociones Vitalvigo, S.L." e "Promociones Tresríos, S.L."), condicionado o cumprimento do contido dos antecedentes e o informado polos técnicos municipais.
2. Someter o proxecto de reparcelación a un trámite de información pública e audiencia ós interesados por un prazo de 20 días, publicando o acordo que se adopte no Boletín oficial da Provincia de Pontevedra.
3. Comunicar ós interesados que contra o presente acordo non cabe recurso en vía administrativa ó ser un acto de mero trámite.

Acordo.-

A Xunta de Goberno local aproba a proposta que se contén no precedente informe.

42(1788).-RECTIFICACIÓN RELACIÓN DE BENS DO PROXECTO EXPROPIATORIO "SEVERINO COBAS ENTRE AS RÚAS BAGUNDA E LAGARES" (EXPT. 456/413):

a) PARCELAS E018 E E020.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do técnico de Admón. Xeral do Servizo de Xestión da Xerencia Municipal de Urbanismo, do 01.12.05, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

O Plan xeral de ourdenación urbana (aprobado definitivamente o 29 de abril de 1993), preveía a execución dunha obra de mellora e ensanche na rúa Severino Cobas, entre a rúa "Bagunda" e a zona do "Lagares". O ancho do vial previsto é de 16 metros.

O Concello asinou convenio coa Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda da Xunta de Galicia o 30.02.00, polo que se comprometía o órgano autonómico "ó financiamento, contratación, execución e dirección" de obras de apertura e ampliación de viario nos barrios periféricos de Vigo, entre o que se atopa o ensanche e mellora da rúa Severino Cobas. A Administración local comprometéase a poñer da disposición da CPTOPV os terreos necesarios para a normal realización das obras a executar.

Por acordo de 6 de xuño de 2.003, o Pleno do Concello, adoptou o acordo de aprobación definitiva da declaración de utilidade pública e necesidade de ocupación dos bens e dereitos afectados polo ensanche e mellora da rúa Severino Cobas, resolvendo expresamente as alegacións presentadas polos interesados. No expediente constaba a parcela E018 e E020, a nome descoñecido (hoxe, don Juan Carlos Paz Castiñeiras) e Armando, Margarita e Manuel Domínguez Martínez e José Lago Domínguez, respectivamente.

A relación de bens describía as parcelas do seguinte xeito:

Parcela E018- Descoñecido (Juan Carlos Paz Castiñeiras): Cobertizo de 8,60 metros cuadrados (afectados 8,6 metros cuadrados). M2 afectados: 8 m2, ocupación temporal: 1.

Parcela E020- Armando, Margarita e Manuel Domínguez Martínez; Jose Lago Domínguez.: Peche ladrillo de 2 m. de alto (7.5 m) peche de pedra de 2 m de alto (10.3 m), portalón de aluminio (3.50 m), cobertizo de 17.70 m2 (afectado 5 m2). M2 afectados directamente: 25; M2 afectados temporalmente: 11.

Sobre as incidencias xurdidas no expediente requeriuse informe á oficina de actuacións viarias o 14.11.05, repostando cun informe de data 27 do mesmo mes. En concreto, infórmase o seguinte: "(...) que por esta Administración estase a tramita-lo expediente expropiatorio das fincas E018 e E020 do proxecto de referencia. Que durante o levantamento das actas de comprobación dos bens e dereitos afectados realizadas sobre o terreo, verificouse que na parcela E020, que estíbese a tramitar con D. Miguel Angel Domínguez Martínez, contabilizouse un cobertizo que máis tarde demostrouse que non formaba parte de esta parcela, senón que era da parcela E018, que estase a tramitar con D. Juan Ramón Paz Castiñeiras. INFORME: Á vista do resultado das comprobacións realizadas por esta Administración, pásase a considerarse este cobertizo como parte da parcela E018, computándose como tal nesta parcela E018, e eliminándose da parcela E020 (...)"

FUNDAMENTOS LEGAIS E CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

1.- Rectificación de erros materiais o de feito da descripción das parcelas E018 e E020 do proxecto expropiatorio da rúa Severino Cobas-Viais industriais de Lavadores.- De acordo co previsto no artigo 17 da Lei de 16 de decembro de 1954, a Administración beneficiaria da expropiación está obrigada a formular unha relación concreta e individualizada, na que se describan, en todos os aspectos, material e xurídico, os bens e dereitos que se considere necesaria la expropiación. Segundo informe emitido pola oficina de actuacións viarias, de 27.11.05 existe unha diferenza entre o contido do aludido proxecto e o comprobado tra-lo levantamento das actas de comprobación dos bens e dereitos afectados. De acordo co previsto no artigo 105.2 da Lei 30/92, de 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións Públicas e procedemento administrativo común, procede a rectificación de erros materias ou de feito existentes nos actos.

2.- Órgano competente para a adopción do presente acordo.- Tendo en conta o disposto no artigo 127.1.d da Lei 7/85, de 2 de abril, de bases de réxime local, corresponde á Xunta de Goberno local a adopción do presente acordo.

En mérito dos feitos e fundamentos de dereito expostos, RESOLVO:

Primeiro: Rectificar a relación de bens das parcelas E018 e E020 aprobada por acordo plenario de 6 de xuño de 2003, quedando a nova descripción do seguinte xeito:

- Parcela 018.- Juan Ramón Paz Castiñeiras

M2 solo expropiado- 7,500 m.

M2 Galpón.- 8,500

- Parcela 020.-Miguel Angel Domínguez Martínez

M2 solo expropiado.- 18,500 m.

M2 solo ocupación temporal.- 2,700 m.

M2 Galpón.- 8,600 m.

Segundo: Remitir as follas de valoración achegadas pola oficina de actuacións viarias ós expropiados.

Terceiro: Notificar a presente resolución ós interesados, coa indicación de que contra esta cabe interpor alternativamente recurso de reposición ante esta Administración municipal no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso Administrativo no prazo de dous meses, sen prexuízo de que exerciten calquera outro que estimen procedente. Así mesmo, dar conta da mesma á oficina de actuacións viarias.

Acordo.

A Xunta de Goberno local aproba a proposta que se contén no precedente informe.

b) PARCELAS E009 E E011.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do técnico de Admón. Xeral do Servizo de Xestión da Xerencia Municipal de Urbanismo, do 01.12.05, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

O Plan xeral de ordenación urbana (aprobado definitivamente o 29 de abril de 1993), preveía a execución dunha obra de mellora e ensanche na rúa Severino Cobas, entre a rúa "Bagunda" e a zona do "Lagares". O ancho do vial previsto é de 16 metros.

O Concello asinou convenio coa Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda da Xunta de Galicia o 30.02.00, polo que se comprometía o órgano autonómico "ó financiamento, contratación, execución e dirección" de obras de apertura e ampliación de viario nos barrios periféricos de Vigo, entre o que se atopa o ensanche e mellora da rúa Severino Cobas. A administración local comprometíase a poñer da disposición da CPTOPV os terreos necesarios para a normal realización das obras a executar.

Por acordo de 6 de xuño de 2.003, o Pleno do Concello, adoptou o acordo de aprobación definitiva da declaración de utilidade pública e necesidade de ocupación dos bens e dereitos afectados polo ensanche e mellora da rúa Severino Cobas, resolvendo expresamente as alegacións presentadas polos interesados. No expediente constaban as parcelas E009 a nome de Sara Nova Paz e a E011 figuraba a nome de Francisco Vidal Vilaboa.

O 27.09.05 don Francisco Vidal Vilaboa, opta pola opción B correspondente ó recoñecemento do aproveitamento urbanístico da parcela.

Sobre as incidencias xurdidas no expediente requeriuse informe á oficina de actuacións viarias, informando sobre o mesmo o 27.11.05: "(...) que por esta Administración estase a tramita-lo expediente expropiatorio das fincas E009 e E011 do proxecto de referencia. Que durante o levantamento das actas de comprobación de bens e dereitos afectados realizados sobre o terreo, verificouse que a parcela E009, que estíbese a tramitar con D. Francisco Vidal Vilaboa, forma parte da parcela E011, propiedade de D. Manuel Novoa Rivera (titular da parcela E011), motivo polo cal nun primeiro momento considerouse que se trataba dunha finca independente. INFORME: Á vista do resultado das comprobacións realizadas por esta Administración, e considerando que a parcela E009 non se trata de unha finca independente, senon que forma parte da parecla E011, procede refundir ambas nunha soa, tramitándose o expediente expropiatorio que corresponde á superficie abranguida polas dúas, baixo a única referencia, ada parcela E011, propiedade de D. Manuel Novoa Rivera (...)"

FUNDAMENTOS LEGAIS E CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

1.- Rectificación de erros materiais o de feito da descripción das parcelas E018 e E020 do proxecto expropiatorio da rúa Severino Cobas-Viais industriais de Lavadores.- De acordo co previsto no artigo 17 da Lei de 16 de decembro de 1954, a Administración beneficiaria da expropiación está obrigada a formular unha relación concreta e individualizada, na que se describan, en todos os aspectos, material e xurídico, os bens e dereitos que se considere necesaria a expropiación. Segundo informe emitido pola oficina de actuacións viarias, de 27.11.05 existe unha diferenza entre o contido do aludido proxecto e o comprobado tra-lo levantamento das actas de comprobación dos bens e dereitos afectados. En concreto, tivéronse en conta dúas parcelas con carácter independente, cando en realidade se comprobou que se trataba dunha única finca. De acordo co previsto no artigo 105.2 da Lei 30/92, de 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións Públicas e procedemento administrativo común, procede a rectificación de erros materias ou de feito existentes nos actos.

2.- Órgano competente para a adopción do presente acordo.- Tendo en conta o disposto no artigo 127.1.d da Lei 7/85, de 2 de abril, de bases de réxime local, corresponde á Xunta de Goberno local a adopción do presente acordo.

En mérito dos feitos e fundamentos de dereito expostos, RESOLVO:

Primeiro: Rectificar a relación de bens das parcelas E009 e E011 aprobada por acordo plenario de 6 de xuño de 2003, engadindo á descripción da parcela E011 os 18 metros cadrados que se incluían dentro da parcela E009.

Segundo: Comunicar ó interesado que a parcela E011 se inclúen 11 metros cadrados correspondentes á parcela E009 e, dado que optou pola opción B nun primeiro momento, deberá manifestar su conformidade á inclusión da aludida superficie dentro do obxecto do convenio a asinar.

Terceiro: Notificar a presente resolución ós interesados, coa indicación de que contra esta cabe interpor alternativamente recurso de reposición ante esta Administración municipal no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso Administrativo no prazo de dous meses, sen prexuízo de que exerciten calquera outro que estimen procedente. Así mesmo, dar conta da mesma á oficina de actuacións viarias.

Acordo.

A Xunta de Goberno local aproba a proposta que se contén no precedente informe.

43.-(1789)PARTICIPACIÓN DO EXCMO. CONCELLO DE VIGO NO PROXECTO PAGUS. EXPTE. 966/400.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral da Xerencia municipal de Urbanismo, do 2.12.05, conformado polo xerente da Xerencia de Urbanismo, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, en sesión ordinario do 7 de decembro de 2004, acorodu manifesta-lo interese do Excmo. Concello de Vigo en participar no “PROXECTO PAGUS” (Programa de Asistencia e Xestión Urbanística Sostible), financiado pola Comisión Europea no marco do Programa Interreg IIIC Zona Sur e, en concreto, nas compoñentes ou eixos principais núms 2 [capacitación de recursos humanos en rehabilitación] e 3 [acesibilidade e mobilidade de persoas e bens nos centros históricos].

Asimesmo, acordou designar como coordinadores técnicos do Proxecto a D^a Consuelo González García, directora da Oficina Xestora de Rehabilitación da vivenda en Vigo, e a D. Gustavo Rodríguez Bartol, asesor xurídico da Xerencia Municipal de Urbanismo, que actuarán baixo a superior dirección do Sr. Xerente de Urbanismo e da Concellería delegada da Área de Urbanismo e Medio Ambiente, coa colaboración directora da Oficina de Recursos e Programas e, de ser o caso, tamén das distintas concellería e departamentos municipais implicados (urbanismo, patrimonio histórico, medio ambiente, tráfico e circulación, intervención/servicios centrais da Xerencia Municipal de Urbanismo, etc.)

Por razóns de servizo, e como queira que o Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo, en sesión do vinte e tres de setembro de 2004, acordou adxudicar o concurso de asistencia técnica encargada da Oficina de rehabilitación da vivenda en Vigo á entidade mercantil Consultora Galega, S.L., e o mesmo Consello en sesión do dez de marzo de 2005, encomendou a xestión da dirección, control e inspección das tarefas da Oficina de rehabilitación da vivenda no ámbito do Casco Vello de Vigo, ó Consorcio do Casco Vello de Vigo, correspondendo a aquela, entre outras, a función de colaborar e coordinar as accións e programas a desenvolver pola Oficina cos departamentos municipais implicados na cuestión, en especial co de Patrimonio histórico-URBAN, así como co equipo redactor da revisión do PERI Casco Vello, propónse ó Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo formule á Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte ACORDO

PRIMEIRO.- Designar como coordinadores técnicos do Proxecto a Don Alfonso Ramos Covelo, xerente do Consorcio “Casco Vello” de Vigo, e a Dona Nuria Campos Díaz, arquitecta da Oficina de rehabilitación da vivenda en Vigo, que actuarán baixo a superior dirección do sr. xerente de urbanismo e da concellería delegada da Área de Urbanismo e Medio Ambiente, coa colaboración directa da Oficina de Recursos e Programas e, de ser o caso, tamén das distintas concellerías e departamentos municipais implicados (urbanismo, patrimonio histórico, medio ambiente, tráfico e circulación, intervención/servicios centrais da XMU, etc.).

SEGUNDO: Remitir copia deste acordo ás precitadas concellerías e departamentos municipais así como, para o seu coñecemento, á responsable xeral do «PROXECTO PAGUS» en Galicia, D^a. Encarnación Nieto Zas, do IGVs da CPTOPV da Xunta de Galicia».

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

44(1790).-CONVALIDACIÓN DOS HONORARIOS DE DIRECCIÓN DA OBRA DO APARCADOIRO SOTERRADO DE URZÁIZ. EXPTE. 1505/407.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe do interventor xeral, do 21.12.05 e o informe-proposta do responsable administrativo do Servizo de Vías e Obras, do 20.12.05, conformado polo concelleiro de Vías e Obras, a Xunta de Goberno local acorda:

Aprobar a convalidación das facturas 05/28 de “Fraga, G.Quijada, Portoles y Asociados S.L.” (importe de 18.903,68 €), CV/03 e CV/04 de Julio Millara Turienzo (importes, respectivamente, 9.451,84 € e 4.200,82 €) e v-14-05 Ramiro Fraga Rivas (importe de 9.451,84 €); todas elas en concepto de honorarios de dirección da obra do aparcadoiro soterrado de Urzáiz e por un importe global de 42.008,18 €.

5(1791).-CONCESIÓN DE SUBVENCIONES DESTINADAS A COLECTIVOS XUVENÍS DO MUNICIPIO DE VIGO. EXPTE. 1488/336.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o documento contable de data 20.12.05 e de acordo co informe-proposta da xefa do Servizo de Xuventude, do 7.12.05, conformado pola concelleira delegada de disto servizo, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.-Denegar a subvención solicitada por non axustarse aos requisitos de convocatoria, segundo informe de Intervención de Fondos de data 21 de novembro, as entidades que a continuación se detallan:

ASOCIACIÓN	C.I.F	MOTIVO DE EXCLUSIÓN
ASOCIACIÓN BENÉFICA BEIRAMAR DE VIGO	G -36.634.608	Non é unha entidade xuvenil. É unha asociación de pais e nais que realiza actividades para os seus fillos e fillas asociadas
ASOCIACIÓN FLOR DE LIS	G 36.053.156	A actividade para a que solicitan subvención non se realiza no termo municipal de Vigo. Incumple a Base 4º1.
ASOCIACIÓN XUVENIL AREAS	G 36.768.729	Non é unha asociación xuvenil. Está formada por un grupo de pais e nais que realizan actividades para os seus fillos e fillas asociadas
CRUZ ROJA JUVENTUD	Q28.66001G	Non é unha entidade xuvenil, pois como Cruz roja Juventud, non existe.
ASOCIACIÓN VECIÑAL DOUCTOR FLEMING	G 36.709.954	Non é unha entidade xuvenil
PLAN COMUNITARIO CASCO VELLO	G 36790.954	Non é unha entidade xuvenil. O proxecto non se desenvolve no termo municipal de Vigo. Incumple a base 4º 1.

2º.- Conceder unha subvención para a realización das seguintes actividades ás entidades que de seguido relaciónanse e nas contías determinadas na seguinte taboa:

ASOCIACIÓN	ANÁLISE DO PROXECTO EN BASE AOS CRITERIOS ESTABLECIDOS	PUNTUACIÓN	CANTIDA-DE CONCEDIDA
FORO DAS UTOPIÁS G- 36936086 IMPORTE PROXECTO: 1.500 € SOLICITA:1.000 €	INFORMATE-T 05: DROGAS <ul style="list-style-type: none"> • Calidade do proxecto • Características do proxecto • Formas de financiamento e maior financiamento propio • Antigüidade e posibilidade de continuidade 	<ul style="list-style-type: none"> • 1 puntos. • 1,5 puntos • 2 puntos • 1 puntos 	750 €

	<ul style="list-style-type: none"> Resultados en anteriores convocatorias de subvención 	<ul style="list-style-type: none"> 2 puntos 	
		TOTAL 7,5 puntos	
ASOCIACIÓN XUVENIL DO C.S.C.R. DE BEADE G – 36.851.806 IMPORTE PROXECTO:2.150 € SOLICITA: 1.050 €	CURSO DE INFORMÁTICA <ul style="list-style-type: none"> Calidade do proxecto Características do proxecto Formas de financiamento e maior financiamento propio Antigüidade e posibilidade de continuidade. Resultados en anteriores convocatorias de subvención 	<ul style="list-style-type: none"> 1 puntos 1 puntos 2 puntos 1 puntos 1 puntos 	600 €
		TOTAL 6 puntos	
ASOCIACIÓN XUVENIL CAMIÑO VELLO G – 36.709.111 IMPORTE PROXECTO:1.200 € SOLICITA: 900 €	TÉCNICAS DE BÚSQUEDA DE EMPREGO POR INTERNET <ul style="list-style-type: none"> Calidade do proxecto Características do proxecto Formas de financiamento e maior financiamento propio Antigüidade e posibilidade de continuidade. Resultados en anteriores convocatorias de subvención 	<ul style="list-style-type: none"> 1 punto 1 punto 1 punto 1 puntos 2 puntos 	600 €
		TOTAL 6 puntos	
ASOCIACIÓN XUNTANZA XUVENIL DO C.V.C. VALLADARES G – 36.744.951 IMPORTE PROXECTO: 5.000 € SOLICITA: 2.500 €	OFICINA DE INFORMACIÓN XUVENIL, AULA MULTIMEDIA <ul style="list-style-type: none"> Calidade do proxecto Características do proxecto Formas de financiamento e maior financiamento propio Antigüidade e posibilidade de continuidade. Resultados en anteriores convocatorias de subvención 	<ul style="list-style-type: none"> 5 puntos 5 puntos 5 puntos 5 puntos 5 puntos 	2.500 €
		TOTAL 25 puntos	

3º.- Ampliar o prazo de tramitación do pagamento das cantidades concedidas, e como consecuencia o prazo de xustificación para as entidades subvencionadas ata o día 15 de febreiro do ano 2006”.

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

46(1792).-ADXUDICACIÓN DA IMPLANTACIÓN DA INSTRUCCIÓN DE CONTABILIDADE NA XESTIÓN ECONÓMICA DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 100622/140.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo coa proposta da Mesa de Contratación realizada o 19.12.05, conformada polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

Adxudicar a por TAO, Técnicos en Automatización d`oficinas, S.A. Sercoysa, Proyectos y Obras, S.A. a prestación do servizo de implantación da instrucción de contabilidade e do novo plan xeral de contabilidade na xestión económica do concello por un importe de 259.840 euros. Todo iso de acordo co prego de condicións aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local de 24-10-2005 e a oferta presentada.

47(1793).-PROXECTO DE CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA E O CONCELLO DE VIGO PARA A ORIENTACIÓN E INSERCIÓN DE INMIGRANTES. EXPTE. 13255/301.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral do 21.12.05, o informe xurídico do 19.12.05 e de acordo co informe-proposta da xefa de Sección de Planificación de Servizos Sociais, do 19.12.05, conformado polo xefe de Sector de Acción Social e a delegada de Participación Cidadá, a Xunta de Goberno local acorda:

Aprobar o proxecto de convenio de cooperación entre a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xusticia, da Xunta de Galicia, e o Concello de Vigo para levar a cabo un programa de información, orientación e inserción socio-laboral para inmigrantes e emigrantes retornados neste concello, e que será suscrito pola Ilmo Sr. Conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e a Ilma. Alcaldesa de Vigo cunha aportación autonómica de 78.675,00 euros para gastos de persoal e coas estipulacións contidas no mesmo.

Así mesmo contratar dende o 01.01.06 ata o 31.12.06 para o equipo técnico de traballo que vai a implementar as accións o amparo do convenio de cooperación entre a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e o Concello de Vigo, as seguintes persoas:

- Avogada: Paula Piñeiro Portela
- Traballadora Social: Rosario Romero Baamonde
- Aux. Administrativa: Nuria González González

O tipo de contrato será por obra ou servizo, e o gasto, incluída a Seguridade Social imputado á partida 3130.131.00.02 –gastos persoal programa emigración 2006, dacordo coas características que figuran no expediente.

Ó tratarse dun expediente anticipado de gasto, a xeración de crédito no estado de gastos do Presuposto para facer fronte ás obrigacións contractuais que se deriven do devandito convenio, instrumentarase unha xeración de crédito con data 2 de xaneiro (luns) da o financiamento substanciarase no acordo da Consellería de Presidencia que financia a totalidade do gasto (setenta e oito mil seiscientos setenta e cinco euros)

Pola Unidade de Persoal formalizaranse os contratos correspondentes, alta en Seguridade Social e demais trámites necesarios para a efectividade do presente acordo.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA E O CONCELLO DE VIGO PARA LEVAR A CABO UN PROGRAMA DE INFORMACIÓN, ORIENTACIÓN E INSERCIÓN SOCIO-LABORAL PARA INMIGRANTES E EMIGRANTES RETORNADOS NESTE CONCELLO.

En Santiago de Compostela, ade de 2005

REUNIDOS

Dunha banda, D. José Luis Méndez Romeu, na súa condición de conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, nomeado por Decreto 213/2005, de 3 de agosto, en nome e representación da Xunta de Galicia e, no exercicio das competencias que lle atribúe o decreto, e das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, da Xunta e do seu Presidente.

E doutra, D^a. Corina Porro Martínez, que actúa en nome e representación do Concello de Vigo, en virtude da súa condición de Alcalde-Presidente do mesmo.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos e, no exercicio das facultades que para convir en nome das entidades que representan teñen conferidas

MANIFESTAN

I.- Que as Administracións Públicas poden celebrar convenios de colaboración con outras administracións ou entes de dereito público e con persoas físicas ou xurídicas ao abeiro do disposto no artigo 3 da Lei de contratos das administracións públicas.

II.- Que segundo os últimos datos publicados polo Instituto Galego de Estatística a 1 de xaneiro de 2004 o Concello de Vigo ten censados un total de 9.440 estranxeiros, aos que hai que engadir os emigrantes retornados e os seus descendentes.

III.- Que a Secretaría Xeral de Emigración, centro directivo que segundo o Decreto 231/2005, do 11 de agosto, depende funcionalmente da Presidencia da Xunta de Galicia e organicamente da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, é o órgano que asume as competencias atribuídas á extinta Consellería de Emigración e a quen lle corresponde, por tanto, a execución da política autonómica en materia de inmigración e retorno a Galicia, así como a determinación das bases e criterios da política de integración social e

laboral dos inmigrantes promovendo a participación e colaboración de tódolos axentes sociais nas actuacións a realizar.

Para a consecución destes obxectivos, buscará liñas de cooperación coas distintas entidades que teñan entre as súas funcións estes mesmos fins, e desenvolverá os programas necesarios para a execución da política inmigratoria na Comunidade Autónoma.

IV.- Que, ao abeiro do Convenio de Colaboración asinado o 5 de outubro de 2005 entre a extinta Consellería de Emigración e o Concello de Vigo, este concello está a desenvolver un programa de asesoramento xurídico e socio-laboral para inmigrantes e emigrantes retornados para o que foi contratado persoal especializado na materia.

V.- Que, dado o anterior, considérase necesario dar continuidade para o ano 2006 ao dito proxecto de atención a estes colectivos, como medio para contribuír á súa mellor integración social e laboral, e así atender ás peticións de información que están a presentar, para o que resulta necesario a tramitación anticipada do presente expediente de gasto ao abeiro do establecido na Orde da Consellería de Economía e Facenda de 11 de febreiro de 1998, modificada polas Ordes de 27 de novembro de 2000 e de 25 de outubro de 2001.

Por todo o exposto, as partes comparecentes, na representación que ostentan,

ACORDAN

subscribir un convenio de colaboración para o desenvolvemento de actuacións información, orientación e asesoramento xurídico e socio-laboral, con suxeición ás seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Obxecto

O presente convenio ten por obxecto o desenvolvemento s no Concello de Vigo dun programa integral de atención, orientación e asesoramento a inmigrantes e emigrantes retornados neste concello, coa finalidade de facilita-la integración social deste colectivo.

SEGUNDA.- Contido do programa e actuacións a desenvolver.

O programa, dirixido a inmigrantes e emigrantes retornados, consistirá en:

1.- Continuar co funcionamento da unidade de información, orientación e asesoramento xurídico e socio-laboral, que esta situada na cidade de Vigo, creada ao abeiro do convenio de colaboración asinado entre o Concello de Vigo e a extinta Consellería de Emigración, e que vén desenvolvendo as seguintes actuacións:

- Informar a este colectivo sobre a súa situación xurídica e trámites administrativos a realizar dada a súa condición de inmigrante ou emigrante retornado. Neste sentido, asesorará na tramitación de permisos de residencia, traballo, visados, adquisición de nacionalidade, agrupamento familiar, e calquera outros trámites administrativos que este colectivo precise, así como sobre as posibles prestacións sociais, educativas ou sanitarias ás que tivesen dereito.
- Facilitar todo tipo de información acerca de programas formativos e de orientación e inserción laboral e outras axudas ás que poidan ter acceso e que faciliten a súa inserción no mercado laboral.
- Realizar intervencións individuais e familiares, de ser o caso, cun particular seguimento na atención aos menores co fin de garantir o seu dereito á educación.

- *Facilitar a este colectivo toda a información que lle sexa requirida sobre tódolos programas, actividades e accións que se están levando a cabo dentro da Rede Galega de Atención e Orientación ao Inmigrante e ao Retornado.*
- *Promove-la incorporación dos inmigrantes ás redes sociais e á vida comunitaria.*

TERCEIRA.- Orzamento

Para a realización das actuacións sinaladas na cláusula anterior a Secretaría Xeral de Emigración achegará dos orzamentos da Comunidade Autónoma para o ano 2006, unha vez aprobados, a cantidade de SETENTA E OITO MIL SEISCENTOS SETENTA E CINCO EUROS (78.675 €), esta achega farase con cargo á aplicación orzamentaria 04 50.213A.460.0 (código proxecto 2006-00026), que se inclúe no Proxecto de Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.

As achegas feitas pola Secretaría Xeral de Emigración, serán destinadas á contratación, a tempo completo, por parte do Concello de Vigo, dun licenciado en dereito, dun traballador social e dun auxiliar administrativo. A contía da subvención fíxase tendo en conta os módulos de retribucións para o persoal incluído no IV Convenio Colectivo Único do Persoal Laboral da Xunta de Galicia, establecidos na Lei 13/2004 de Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2005 e na Orde do 14 de xaneiro de 2005 de Confección de Nóminas, de acordo coa seguinte distribución:

<i>Licenciado en Dereito</i>	<i>32.745,00 €</i>
<i>Traballador Social</i>	<i>27.313,00 €</i>
<i>Auxiliar Administrativo</i>	<i>18.617,00 €</i>

Estas contías comprenden tanto os salarios brutos dos traballadores como a cotización á Seguridade Social a cargo da empresa.

O Concello de Vigo asumirá a coordinación do programa e achegará as instalacións necesarias para o seu desenvolvemento, encargándose tamén do mantemento da infraestrutura da unidade e dos gastos de funcionamento da mesma.

CUARTA.- Forma de pagamento

A Secretaría Xeral de Emigración realizará os pagamentos contra certificación expedida polo órgano que teña atribuídas as correspondentes facultades de control no Concello de Vigo, previa conformidade do Secretario Xeral de Emigración.

De conformidade co artigo 16°.2.Un do Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia, poderán efectuarse pagos parciais que se xustificarán do xeito previsto anteriormente, segundo as limitacións e requisitos establecidos no citado Decreto.

Procederase ao reintegro, total ou parcial, da cantidade percibida cos xuros de mora rendados dende o momento do seu pagamento nos casos sinalados no artigo 78-9º do Decreto legislativo 1/99, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Réxime Financeiro e Orzamentario de Galicia.

QUINTA.- Modificación do Convenio.

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión desta axuda e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados,

nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da contía da axuda contemplada no presente Convenio.

Ao abeiro do artigo 78.9 do Decreto legislativo 1/1979, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, o Concello de Vigo obrígase a presentar unha declaración de axudas ou subvencións concedidas para o mesmo fin que o estipulado neste Convenio.

A suma do conxunto das axudas solicitadas e/ou concedidas para o obxecto do convenio non poderá superar o 100 % do custo da actividade a desenvolver.

SEXTA.- Comisión de Seguimento

Constitúese unha comisión mixta de seguimento, control e avaliación á que serán sometidas tódalas cuestións derivadas do desenvolvemento deste convenio, así como a resolución de cantas dúbidas poidan xurdir sobre o mesmo.

Esta comisión estará composta en representación da Secretaría Xeral de Emigración polo secretario xeral de Emigración, quen poderá delegar no funcionario da mesma unidade que estime oportuno, e polo Concello de Vigo o seu representante legal ou persoa da entidade na que delegue.

A Comisión terá as seguintes funcións:

- 1.- Face-lo seguimento e control do cumprimento do convenio.
- 2.- Interpretar e resolve-las dúbidas, que se poidan suscitar na aplicación do convenio.

SÉTIMA.- Causas de resolución.

Sen prexuízo das causas xerais establecidas no artigo 78.10 do Texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, modificado pola Lei 14/2004, do 29 de decembro, de medidas tributarias e de réxime administrativo, tamén serán causa de resolución do presente convenio e darán lugar, no seu caso, ó reintegro das cantidades percibidas cos seus correspondentes intereses, as seguintes:

- O incumprimento de calquera das cláusulas establecidas no mesmo.
- A aplicación dos fondos outorgados no convenio para fins distintos dos que motivaron a súa concesión.
- A falta de xustificación do emprego das cantidades recibidas.

OITAVA.- Publicidade, seguimento e colaboración.

O Concello de Vigo obrígase a:

- a) Facer constar en todo tipo de publicidade e información que se realice en desenvolvemento deste programa, a participación e colaboración da Secretaría Xeral de Emigración.
- b) Remitir semestralmente á Secretaría Xeral de Emigración un informe detallado das actuacións levadas a cabo ó abeiro deste convenio.

- c) *Facilita-la actuación dos técnicos da Secretaría Xeral de Emigración no referente ó seguimento das actividades obxecto da axuda.*
- d) *Ter informada á Secretaría Xeral de Emigración das datas de inicio e do desenvolvemento das actividades subvencionadas, así como do lugar e horario de realización das mesmas.*
- e) *Facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Secretaría Xeral de Emigración, a Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas.*
- f) *Remitir semestralmente as variacións sobre as altas e baixas de inmigrantes e emigrantes retornados que se dean no Padrón Municipal de habitantes, que serán exclusivamente estatísticas.*
- g) *Participar nas accións formativas e divulgativas que dende a Secretaría Xeral de Emigración se organicen en materia de inmigración e retorno e que vaian en beneficio do traballo a desenvolver.*

NOVENA.- Relación laboral.

A subscrición do presente convenio non implicará relación laboral, ou de calquera outra natureza, entre as persoas ou profesionais que desenvolvan as accións que constitúen o obxecto deste convenio coa Secretaría Xeral de Emigración, de tal xeito que, por este concepto, non se lle poderá esixir á mencionada secretaría responsabilidade algunha, nin directa nin subsidiaria.

DECIMA.- Réxime xurídico.

O presente convenio ten carácter administrativo de acordo co disposto no artigo 3 da Lei de Contratos e Administracións Públicas e demais normativa de aplicación en materia de contratos.

En caso de incumprimento do presente convenio, transgresión na súa execución ou desistimento pola outra parte procederase á súa inmediata resolución. Concorridos tales supostos esta entidade reintegrará ao Tesouro da Xunta de Galicia as contías aboadas, cos xuros a que deán lugar de conformidade coa normativa autonómica de aplicación e nos prazos máis perentorios que a mesma dispuxese.

As lagoas ou diverxencias que puideran apreciarse na aplicación do presente convenio interpretaranse e resolveranse motivadamente pola Administración autonómica, previo dictame non vinculante da comisión á que fai referencia a cláusula sexta, contra estas resolucións e polo carácter administrativo deste convenio, poderanse interpo-los oportunos recursos contencioso-administrativos perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

DÉCIMO PRIMEIRA.- Duración.

O presente convenio terá os seus efectos dende o 1 de xaneiro ata o 31 de decembro de 2006.

E, en proba de conformidade cos termos do convenio, as partes comparecentes asinan e rubrican por duplicado exemplar, no lugar e data indicados no encabezamento.

**48(1794).-ADQUISICIÓN DE ELEMENTOS DE XOGO PARA PARQUES INFANTÍS.
EXPTE. 3059/446.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo coa proposta da Mesa de Contratación realizada o 21.11.05, conformada polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

Adxudicar o concurso para a subministración de xogos para parques infantís de acordo coa seguinte distribución por lotes:

Lote 1: Lappset España S.L. por un prezo de 14.993,37 €.

Lote 2: Juegos Kompan S.A., por un prezo de 10.601,47 €.

Lote 3: HPC Ibérica S.L. por un prezo de 12.999,57 €.

Todo iso de acordo co prego de condicións aprobado por acordo da Xunta de Goberno local de 23.05.05 e a oferta presentada.

49(1795).-INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA POR IMPORTE DE 21.723,99 € A FAVOR DE TAELO S.C. POLO SERVIZO DE INFRAESTRUCTURAS E MANTEMENTO DO SISTEMA TRUNKING. EXPTE. 2263/113.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe do interventor xeral, do 22.12.05, o informe do xefe do Servizo de Informática, do 14.12.05, conformado polo concelleiro de Seguridade e o concelleiro de Facenda, e a proposta co concelleiro delegado de Seguridade, a Xunta de Goberno local, acorda:

Aprobar a indemnización substitutiva das actuacións e o gasto de 21.723,99 €, correspondente ao servizo de infraestructuras e mantemento do sistema Trunking, servizo prestado pola referida empresa ao longo dos meses de xuño a setembro, con cargo a aplicación presupostaria que consta no documento contable RC 60865 (2222 2090000) que se achega no expediente, e recoñecerse a obriga a favor de TAELO SC por dito importe.

50(1796).-ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, a Sra. presidenta rematou a sesión ás dez horas. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Lucía Molares Pérez